




## Plan de Acción para o Comercio e a Hostalería da Vila de Lalín. Documento I: Informe Previo, sobre o contexto e a base estrutural da oferta.



**Novembro de 2016**

Alto dos Trás, 44  
36693 Redondela (Pontevedra)  
986495746/670310111  
info@bouzonconsultores.es

 [facebook.com/BouzonConsultores](https://facebook.com/BouzonConsultores)  
 [@jmbouzon](https://twitter.com/jmbouzon)  
 [es.linkedin.com/in/imbouzon](https://es.linkedin.com/in/imbouzon)

## ÍNDICE

Páx.

<b>I. PRESENTACIÓN: SENTIDO E ALCANCE DO DOCUMENTO; A NATUREZA E DETERMINANTES DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS. ....</b>	<b>1</b>
<b>II. ENCADRE XERAL; OS FACTORES XEOGRÁFICOS, URBANÍSTICOS, SOCIOECONÓMICOS E COMERCIAIS A CONSIDERAR. ....</b>	<b>10</b>
II.1. UNHA INTERPRETACIÓN SINTÉTICA DOS DATOS E FEITOS BÁSICOS EN PERSPECTIVA XEOGRÁFICA E HISTÓRICA. ....	10
II.2. UNHA ILUSTRACIÓN DESDE AS FONTES ESTATÍSTICAS SECUNDARIAS. ....	26
<i>II.2.1. Unha indicación xeral previa sobre as fontes. ....</i>	<i>26</i>
<i>II.2.2. En perspectiva demográfica. ....</i>	<i>27</i>
<i>II.2.3. En perspectiva económica. ....</i>	<i>36</i>
<b>III. UNHA APROXIMACIÓN POR OBSERVACIÓN DIRECTA AO ENTRAMADO URBANO DE LALÍN DESDE O PUNTO DE VISTA DA SÚA REALIDADE E POTENCIAL COMERCIAL E HOSTALEIRO...51</b>	<b>51</b>
III.1. INDICACIÓNS PREVIAS. ....	51
III.2. A PERCEPCIÓN MORFOLÓXICA E ESTÉTICA DOS ELEMENTOS ESTRUCTURAIIS DE ARTICULACIÓN. ....	59
III.3. UNHA APROXIMACIÓN AOS ELEMENTOS CHAVE DO URBANISMO COMERCIAL DA VILA. ....	68
<i>III.3.1. Os elementos dinámicos e materiais relacionados co acceso á vila e a circulación nela. ....</i>	<i>68</i>
<i>III.3.2. O mobiliario urbano e os elementos e espazos verdes. .</i>	<i>85</i>
<i>III.3.3. Outros elementos con influencia no urbanismo comercial e na calidade percibida do espazo. ....</i>	<i>91</i>
III.4. OS ELEMENTOS XENÉRICOS DE ATRACCIÓN E DINAMIZACIÓN. ....	95
III.5. A PERCEPCIÓN FUNCIONAL A PARTIR DA AFLUENCIA E DA DEDICACIÓN DOS BAIXOS OBSERVADA. ....	101
II.6. OS LOCAIS DE USO REAL OU POTENCIAL POLO COMERCIO E OS SERVIZOS. ....	105
<b>IV. A ZONIFICACIÓN PROPOSTA: O CENTRO COMERCIAL ABERTO E A ÁREA COMERCIAL URBANA. ....</b>	<b>135</b>
<b>V. AS PRINCIPAIS PERSPECTIVAS E DETERMINANTES DE CONTEXTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN. ....</b>	<b>158</b>

<b>ANEXO I: LOCAIS POR UTILIZACIÓN E RAMO DE ACTIVIDADE NOS VIAIS OU TREITOS DESTES SEGUNDO A ZONIFICACIÓN DEFINITIVA PROPOSTA.....</b>	<b>166</b>
<b>ANEXO II: PLANOS. ....</b>	<b>220</b>
<b>ANEXO III: MATERIAIS EMPREGADOS NO RECOÑECIMENTO PREVIO.....</b>	<b>226</b>

## **I. PRESENTACIÓN: SENTIDO E ALCANCE DO DOCUMENTO; A NATUREZA E DETERMINANTES DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS.**

En razón do título que encabeza esta páxinas cómpre comezar por sinalar que conteñen, nos termos das notas técnicas entregadas no seu día, os resultados da Fase Previa dos traballos a executar por *Bouzón Consultores, S.L.* de cara á definición dun Plan de Acción para o Comercio e Hostalería na Vila de Lalín, plan que, globalmente entendido, conforma o proxecto de referencia e que, por outra parte, considera xa á partida a posta en marcha dun de un centro comercial aberto.

É así que, en razón do anterior, conveñen unha serie de apuntamentos iniciais, tanto verbo da globalidade dese proxecto como a respecto do significado deste documento en particular.

O primeiro é que o plan, dentro del a eventual posta en marcha do centro do que se estuda a súa viabilidade e a estratexia concreta a seguir para atinxila corre por conta de *aeDeza* -"Asociación de Empresarios de Lalín"-, que formalmente xa o ten constituído, aínda que non de xeito efectivo, tratándose precisamente de orientar a materialización desa intención da entidade -na que, por certo, participan tamén empresarios de fóra da vila-. Desta maneira o papel de *Bouzón Consultores, S.L.* é o asesoramento naquel sentido, sendo así a asociación a destinataria do estudo realizado e, por tanto, como parte primeira del, deste Informe Previo. Por iso, igual que o estudo en conxunto, este documento, como parte del, constitúe unha achega externa á visión da asociación. É así que calquera persoa lectora destas páxinas pode completar, matizar ou mesmo disentir dos xuízos nel recollidos, na medida que implican valoracións e opcións formuladas con absoluta liberdade de criterio naquel exercicio de asesoramento, por máis que ese criterio estea, en todo caso, fundamentado no manexo dunhas fontes amplas e en estratexias de coñecemento homologadas no ámbito das ciencias sociais e a consultaría comercial.

O segundo apuntamento previo que convén referir ten a ver co feito de sinalar que a realización do estudo foi sufragada polo Concello de Lalín,

que manifesta así a súa aposta pola dinamización comercial secundando a iniciativa dos sectores empresariais encadrados en *aeDeza*, o que, doutro lado, e en termos evidentes, resulta unha condición esencial e determinante nunha iniciativa deste tipo.

O terceiro está xa en relación co significado deste informe no conxunto dos documentos que recollen o resultado dos traballos levados a termo. Non obstante, para unha plena comprensión disto faise preciso atender a considerar que é e que implica un centro comercial aberto e, xa que logo, que é preciso coñecer e determinar previamente á súa eventual posta en marcha.

Segundo unha definición xeralmente aceptada nos medios expertos - Periz, 2000- un centro comercial aberto é unha *"fórmula de organización comercial, cunha imaxe e estratexia propia, que conta coa implicación de todos os axentes dun área delimitada dunha cidade, cunha concepción global de oferta comercial, servizos, cultura e lecer"*.

Desde unha definición tal, calquera centro comercial aberto, e por tanto o de Lalín, tería como obxectivos principais que lle confiren a súa razón de ser:

- ✓ Promoverse e consolidarse como un espazo comercial atractivo e significativo para a venda e prestación de servizos aos clientes finais.
- ✓ Caracterizar esa prestación como a dun servizo altamente personalizado e, por iso, cun alto valor engadido, marcando así a diferenza con outras fórmulas xa existentes de comercialización como son as grandes superficies, os centros comerciais pechados etc..
- ✓ Promover así, apoiándoo e fomentando a súa actualización, o comercio tradicional como unha actividade xeradora de riqueza e emprego, neste caso para Lalín e a súa contorna xeográfica.

Do anterior dérivase que os tres alicerces fundamentais a definir un centro comercial aberto son:

- ✓ Un espazo urbano delimitado e que lle outorga a súa personalidade.

- ✓ Unhas características da súa oferta comercial, tamén como trazo da súa personalidade.
- ✓ Un modelo organizativo dado; unha dimensión esta ao respecto da que existen criterios e prácticas consagradas.

Desde logo pensar nun centro comercial aberto para Lalín significa pensar no casco urbano da vila en función da súa vocación comercial histórica e reflectida nunha concentración significativa do comercio e os servizos. É revelador a este respecto comprobar ata que punto xa só unha delimitación polo de agora tan xenérica vén satisfacer en boa medida unha parte das características que nunha enunciación convencional se entende que debe reunir un centro dese tipo desde aquel dobre punto de vista da definición do espazo e da oferta. Así:

- ✓ Unha primeira nota esixible é a existencia dunha tradición comercial percibida polos consumidores, e non semella que se poida discutir que a vila de Lalín sexa en efecto, veña sendo secularmente, á marxe de circunstancias conxunturais ou doutros puntos de atracción para un radio máis amplo, o polo de atracción comercial da comarca do Deza.
- ✓ Vese así satisfeita de feito unha segunda condición: a existencia dun área de influencia alén da propia localidade.
- ✓ É tamén evidente, mesmo a simple vista, que o tecido comercial na vila de Lalín ten como trazo o predominio dunha oferta especializada principalmente en equipamento persoal; algo que constitúe unha terceira esixencia chave.
- ✓ A cuarta vén dada pola precisión de asentarse nun espazo urbano atractivo e comfortable. A este respecto a resposta é máis complexa e require unha reflexión sobre os valores da vila de Lalín nese sentido, aínda que é indiscutible que está a darse un avance positivo nel, sen que, doutro lado, deba perderse de vista que os espazos urbanos son susceptibles de ordenación, humanización e mellora.
- ✓ E é que, ademais, a quinta esixencia é que se estableza unha delimitación precisa da contorna do centro, o que outorga unha certa marxe discrecional para, tomando en conta as outras devanditas,

perfilar o perímetro óptimo ao que, consideradas en conxunto e en relación, circunscribir os límites daquel.

Podería, pois, dicirse que Lalín, a expensas de ensaiar e razoar unha delimitación, de determinar criterios para a mellora da calidade do espazo urbano e de, eventualmente, confirmar obxectivamente aquela vocación e valor de referencia como lugar de concentración de oferta comercial, en particular o casco urbano que conforma a cabeceira municipal, reúne as condicións de emprazamento e oferta determinantes para desenvolver un centro comercial aberto. Tamén que aqueles ensaio, argumentación, determinación de criterios e confirmación requiren un estudo e parecer experto.

Doutro lado, como outras condicións de viabilidade, referíndoas a diferentes planos, adoitan sinalarse as seguintes:

- ✓ A necesaria actualización do comercio alí establecido; unha actualización que pasa pola implantación de novas tecnoloxías e sistemas de calidade, pola formación de persoal, pola mellora das instalación etc..
- ✓ Unha suficiente accesibilidade interior e externa, incluíndo esta:
  - Posibilidades de aparcadoiro.
  - Disposición de transporte público ata o límite do centro.
- ✓ A existencia de establecementos atractivos que actúen como locomotoras do centro-
- ✓ Un nivel de asociacionismo alto.
- ✓ O apoio das institucións públicas.
- ✓ E xa naquela liña antes apuntada do modelo organizativo:
  - O desenvolvemento dunha xestión común.
  - A existencia dunha xerencia profesional.

Así que, se con anterioridade ficaba claro que a vila de Lalín, aínda sen precisar os límites e termos definitivos a tal efecto, reunía as condicións que non só fan posible, senón que mesmo aconsellan -como estratexia de dinamización económica- configurar nela un centro comercial

aberto, a iso, engádese agora a necesidade de coñecer as necesidades de actualización, de reflexionar sobre a accesibilidade e de considerar a existencia de establecementos que catalicen a atracción, o que de novo reclama unha observación e unha análise experta.

Por tanto, este informe é o primeiro de tres documentos que plasman tal observación e análise. Mais, antes de se referir a ela en particular, cabe formular algunhas reflexións que teñen que ver cos outros aspectos sinalados.

En canto base asociativa, o certo é que a iniciativa do centro comercial aberto, este estudo en particular, xa se dixo que nacen da vontade de *aeDeza*, o que fala da súa capacidade, sen que ista deixe de emprazala a ampliar e consolidar a súa base filiativa na medida que aquel, a enquisa ao comercio e a hostalería que fixo parte del en particular, puxo de manifesto certas evidencias críticas a respecto da sensibilidade asociativa dos empresarios lalinenses deses sectores. En todo caso o desenvolvemento ulterior aquel modelo organizativo consagrado remite á asociación en si.

No referido ao apoio institucional xa foi subliñada a importancia do papel do Concello de cara ao estudo, pero non debe perderse de vista en canto ás políticas xerais de promoción económica, social e cultural, ás que teñen que ver coa xestión da ordenación e mantemento do espazo urbano, así como ás ordenanzas e decisións de toda índole, que directa e indirectamente afectan á actividade do comercio e a hostalería. En calquera caso si hai que advertir que o estudo vén de levarse a termo nun período en que aquel se mostrou moi dinámico nesas dimensións, o que determinou un marco de referencias con algunhas en cambio e que xeraron moitas veces máis primeiras impresións que opinións sedimentadas nas persoas informantes -foran consultadas ou enquisadas-.

Centrándose xa, pois, na indagación en si, díxose que neste documento se atende aos resultados da súa Fase Previa, os primeiros obtidos cronoloxicamente, como produto das perspectivas de coñecemento e cuestións abordadas nela.



Naquel ese sentido, apuntando de novo ao título, as achegas da parte do estudo que recolle este informe van na liña de dar o paso inicial dunha investigación de contexto e estrutura comercial; paso que estivo constituído por un estudo básico de interpretación territorial, entendendo ese termo en sentido lato. Así particularmente desenvolveuse, tal como estaba previsto, unha observación de datos xerais de encadre a partir de fontes secundarias -censos, padróns, anuarios, documentos, etc.-, xa directamente xestionadas<sup>1</sup>, xa facilitadas por *aeDeza* ou mesmo polo Concello, así como mediante algunhas consultas a observadores -profesionais e empresarios vinculados a Lalín-. Ademais efectuouse un recoñecemento territorial por observación directa, de acordo cos criterios técnicos que se sinalarán, segundo o establecido no seu momento. En todo caso, non está de máis lembrar os obxectivos que se fixaron entón para esta Fase Previa:

- ✓ Fornecer as referencias obxectivas directas observables a simple vista e procedentes de fontes secundarias, precisas para validar a pertinencia da creación dun centro comercial a ceo aberto, incorporándoas como información estratéxica para o seu proceso de configuración e desenvolvemento organizativo e de mercado.
- ✓ Fornecer aquelas outras de carácter complementario que, alén daquela validación, constitúan a identificación de factores, estruturas, dinamismos etc., a considerar como motores ou puntos de apoio en tal proceso.
- ✓ Permitir a selección razoada dunha zona ben delimitada con maior densidade de negocios e actividade comercial e hostaleira, e con características, dotacións, accesibilidade etc. acaídas a tal afecto .
- ✓ Permitir a formulación das cuestións requiridas de información primaria para o deseño dos instrumentos a aplicar na ulterior Fase Principal.

Trátase, en suma, de fornecer un encadre xeral en termos de xeografía, nomeadamente urbana, económica e comercial, de sintetizar unha interpretación da estrutura urbana e da oferta

---

1.-Con carácter xeral, a través de acceso electrónico.

comercial e hostaleira, ata onde esta é observable a simple vista, e de inventariar factores sociais, económicos, comerciais, turístico-culturais, xeradores de dinamismo, atracción comercial potencial, e aínda soporte activo ao proxecto. Ao cabo, pretendeuse contribuír ao estudo global neste sentido en tres liñas ben definidas:

- ✓ Ofrecendo a base para un xuízo da oportunidade e potencial do centro.
- ✓ Propoñendo, como suxestión, unha delimitación zonal concreta e definida para el.
- ✓ Permitindo establecer o marco de referencias e hipóteses para as enquisas que constituíron aquela fase seguinte, estribándose esta principalmente en dúas enquisas: unha a comerciantes, outra a potenciais consumidores que, no seu momento, se desenvolveron.

Por certo que as enquisas constitúen a materia central do segundo informe que dá continuidade a este; continuidade que se delonga nun terceiro documento que recapitula as conclusión e recomendacións, presentándose os tres xuntamente á finalización dos traballos.

Como se ve, concrétnanse así as accións de estudo e proposición que ao comezo se aludían como obxecto de asesoramento experto con relación ao conxunto de determinantes para a definición e posta en funcionamento do centro.

En calquera caso hai dúas importantes indicacións de orde conceptual que deben facerse.

A primeira, ata agora implícita pero evidente, é que no estudo desenvolto se partiu da premisa establecida á partida por *eaDeza*, congruente doutro lado coa súa identidade asociativa, coa estrutura e dinámica da oferta de servizos na vila de Lalín e co seu significado no seu entorno de influencia, de incluír no centro establecementos hostaleiros e comerciais xuntamente.

A segunda está así mesmo tamén implícita, mesmo no título deste informe. O estudo, pola súa natureza e finalidade, toma como referencia a vila de Lalín e non o conxunto do Concello, por máis que

aquela está determinada na súa realidade a todos os niveis por ser parte do termo municipal en calidade de cabeceira e para alén que, obviamente, determinados elementos e datos que cumpriu considerar remitan á realidade de Lalín en conxunto.

Ao fío do anterior tamén non debe deixar de sinalarse que, en calquera caso, para dispensar dun capítulo inicial de metodoloxía, que faría morosa a lectura, as indicacións que aclaran o tratamento, sentido e alcance das información todas manexadas vanse ir ofrecendo ao fío da súa toma en consideración.

Partindo entón destas premisas, estas páxinas introdutorias deben referirse xa á estrutura deste informe que se debulla a seguir en catro capítulos sucesivos:

- ✓ O primeiro deles -o II- recolle, no máis substantivo, os resultados da explotación das fontes secundarias, suplementados con apuntamentos tirados dalgunhas consultas a expertos e mesmo da acción de observación en si, en canto interpretación da estrutura urbana da vila, de maneira que vén debuxar os elementos de contexto xeral económico, demográfico, comercial, etc., que se obtiveron das dúas primeiras desas fontes.
- ✓ O segundo -III- reflicte de xeito lineal, aínda que facéndoos dialogar entre si e coas referencias anteriores, os datos produto do recoñecemento territorial por observación -singularmente do que se indicará como "recoñecemento previo"- que se practicou.
- ✓ O terceiro -IV- volve sobre os resultados dos anteriores, en especial do III, e propón e argumenta aquela delimitación como unha conclusión e recomendación clave de carácter final e que, formalmente, ademáis, foi necesaria no momento de adoptala para a prosecución do estudo.
- ✓ O último -V- retoma sumariamente parte dos contidos expostos no II e sitúaos nunha perspectiva de posibilidades inmediatas, abrindóos á súa nova toma en consideración logo de ter analizado as enquisas de cara ás conclusións e recomendacións finais.

- ✓ Adicionalmente, tres anexos recollen respectivamente: o I, unha serie de cadros que detallan para cada vial dos observados no recoñecemento previo, a situación e, no seu caso, dedicación segundo ramo de actividade, dos locais efectiva ou potencialmente comerciais neles; o II unha breve colección de planos que serve como ilustración adicional dos capítulos III e IV, e o III os documentos de rexistro da observación no devandito recoñecemento previo -tamén para unha mellor comprensión do Capítulo III-.

Xa que logo, desde estas referencias xerais, iníciase co vindeiro capítulo o desenvolvemento expositivo mencionado.

## **II. ENCADRE XERAL; OS FACTORES XEOGRÁFICOS, URBANÍSTICOS, SOCIOECONÓMICOS E COMERCIAIS A CONSIDERAR.**

### **II.1. UNHA INTERPRETACIÓN SINTÉTICA DOS DATOS E FEITOS BÁSICOS EN PERSPECTIVA XEOGRÁFICA E HISTÓRICA.**

Na liña de intencións que se apuntaron para este capítulo convén, como primeiro elemento básico de contextualización, comezar este informe atendendo a unha breve caracterización do concello e a vila de Lalín desde unha visión xeográfica entendida en sentido amplo.

Así, en primeiro termo, cómpre sinalar que Lalín se sitúa ao Nordeste da provincia de Pontevedra, limitando xa coa de Ourense e non lonxe do límite provincial con Lugo, nunha posición central, pois, en Galicia, que en boa medida é un trazo determinante en última instancia do seu significado comercial entendido en sentido histórico.

Mais, antes de se referir a este, non está de máis apuntar que é un dos concellos máis extensos do país, o cuarto, e o máis grande da provincia, con 297,8 km<sup>2</sup>, comprendendo un total de 51 parroquias.

Nese marco, a vila ocupa obviamente a posición de capital, non só do concello senón da comarca na que se integra.

En termos xerais esta viría estar configurada, ademais de polo territorio municipal, pola suma dos concellos limítrofes, a excepción de Forcarei e O Irixo, sendo aqueles, no sentido das agullas do reloxo e comezando polo Suroeste: Forcarei, Silleda -no Oeste-, Vila de Cruces -no Noroeste-, Agolada -ao Nordeste-, Rodeiro -polo Leste-, Dozón -ao Sueste- e, polo Sur, xa parte da Provincia de Ourense.

Ese falar da comarca en termos xerais ten a súa lóxica no feito que, tradicionalmente, as interpretacións xeográficas de Galicia, facendo agora una referencia inevitablemente xenérica, consideraban un "País do Deza" -comprendendo as xurisdicións antigas de Deza, Camba, Dozón, Tras Deza, Carbia e Valquizeza-, que viría corresponderse co val principal e os tributarios dese río -que cruza o territorio lalinense de Sur a Norte buscando o Ulla, fronteira setentrional da comarca, marcando o límite municipal occidental, con Silleda-, co que nese

sentido quedan fóra aqueles dous devanditos: o ourensán do Irixo e o pontevedrés de Forcarei.

Nese val así delimitado habería dous subconxuntos: as Terras do Deza, que serían a suma dos territorios dos concellos citados -sempre, pois, con aquelas dúas excepcións- pero sacando Silleda; e esta, que, ao occidente do río, conformaría unha unidade complementaria: Tras Deza.

Sexa como for, o significado tradicional das comarcas está en relación co feito de seren conxuntos espaciais definidos en que se daban relacións de todo tipo, nomeadamente comerciais mediadas polas feiras e mercados.

Desde o punto de vista do conxunto espacial, seguindo de momento a falar dese ámbito xeográfico, o certo é que xeolóxica, edafolóxica e orograficamente, tamén en canto clima, este territorio presenta unhas características específicas que lle outorgan una personalidade dada. Esas características, sen que cumpra aquí entrar nelas -porque son evidentes aos efectos que importan neste informe-, gradúanse segundo se pasa das alturas que o limitan -os Montes do Testeiro ao Sur, marcando o límite con Ourense; a Serra do Faro, polo Leste, a do Candán por occidente-, aos vales inter-fluviais dos tributarios do Deza e ao val principal que se abre ao Norte en dirección ao río Ulla. De calquera xeito determinaron e determinan dous feitos: unha certa dedicación agraria, que está na base da economía comarcal, e o significado dese territorio como lugar de paso, tamén con evidentes consecuencias económicas.

O certo é que a respecto desa contorna, que ten pois unha personalidade clara desde ese punto de vista, Lalín, ou, por ser máis exactos, o emprazamento actual da vila, vén tendo un significado determinante como lugar central, materializándose ese feito antigamente sobre todo mediante a celebración de feiras periódicas.

Non é este tampouco o lugar para un ensaio histórico, pero é notable que esa centralidade estivo asociada á existencia do mosteiro de San Martiño de Lalín, no que hoxe é Lalín de Riba, durante a Idade Media, e que tería xerado arredor unha certa concentración de poboación, así

como, tamén xa desde o medievo, á existencia dunha fortificación, situada no lugar da actual Praza da Torre e á que esta debe o seu nome, vinculada coa familia nobre dos Deza, arredor da que se asentou nos tempos do antigo réxime unha guarnición militar, moi preto da que se emprazaba o chamado "Carballo da Manteiga" marcando o lugar da celebración das tales feiras, así como con posterioridade dun xulgado.

A división provincial de 1833 rubrica a condición de concello de Lalín, que se integra na provincia de Pontevedra, e aboca a aquel lugar de encontro á condición de capital municipal e, por extensión, sen que entón obviamente iso tivese reflexo administrativo, comarcal.

A confirmación formal desa condición de capital comarcal, aínda que implícita, viría logo da de cabeza de partido xudicial, mantida ata hoxe non sen algunha dificultade, e, máis tarde, expresamente, en virtude da aprobación do Mapa Comarcal de Galicia o 20 de febreiro de 1997. Neses dous sentidos, Agolada, Vila de Cruces, Rodeiro, Dozón e Silleda, ademais de Lalín, conforman a comarca subliñando así aquelas realidades, xeográfica e histórica, marcadas polo comercial como dinámica de relación.

Por tanto, nesta consideración xenérica, a vila de Lalín é o centro dunha comarca con personalidade xeográfica de seu, que á súa vez está no centro de Galicia.

Daquela, retomando o significado mencionado de lugar de paso, e en perspectiva histórica, debe sinalarse que a comarca do Deza constitúe o corredor natural nas rutas entre Ourense e Compostela, transcorrendo por ela o antigo "Camiño de Castela" coincidente co treito en Galicia da denominada "Ruta da Prata", como un dos itinerarios de peregrinación a Santiago. Pero tamén é o paso natural entre a costa e as terras luguesas do interior, coas que a comarca ten un vínculo forte que se expresa de xeito singular na variante falada do galego ou na pertenza á diocese lucense, por citar só dous datos. E nese eixe tamén a atravesa, xustamente ata Lalín, a ruta histórica que supón "O Camiño de Inverno" a Santiago, que vén de Ponferrada, segue o Sil e, desde Rodeiro, xa en terras lalinenses, empata no lugar da Laxe coa "Ruta da Prata". Con todo, debe insistirse que ese carácter

de territorio de paso obrigado, potenciado polas peregrinaxes, obedece a unha lóxica xeográfica e económica que estas reforzan, pero que ten sentido en por si independentemente delas.

Desde estas consideracións xerais, unha observación xa máis concreta, a partir dos inicios do século pasado, debe tomar en conta dous elementos singulares asociados entre si: a evolución das comunicacións sobre a trama dos antigos camiños dos arrieiros, os tratantes e os peregrinos, e o desenvolvemento da vila de Lalín como enclave urbano.

Comezando polo segundo, e aventurando unha interpretación histórica, Lalín como vila nace dalgún xeito dunha decisión, na orde do que hoxe se entende como ordenación do territorio, á procura de dotar de entidade urbana á encrucillada e lugar de encontro feiral que se caracterizou.

En efecto, por volta de 1850, a instancias da veciñanza, mudárase a sede parroquial de Donramiro -entón parroquia, hoxe anexo- a San Martiño -entón anexo e hoxe suprimido-, por proximidade ao lugar da feira, o xulgado e ás encrucilladas dos camiños principais, entendendo, malia a cuestión da distancia semella obxectivamente un pouco relativa, que era sitio máis transitado e de maior afluencia. En 1865 suscitouse a necesidade dun novo templo, do que a edificación correría por conta do Estado, e adquiriuse a tal efecto un terreo onde se ubica hoxe a igrexa parroquial, estreitando aquela proximidade, pero a construción non se levou a termo.

Logo, no marco das relacións xurídicas entre a Igrexa e o Estado que definía o Concordato vixente entón, uns anos despois da restauración monárquica, en 1890, o Bispo de Lugo reorganizou as parroquias do arciprestado do que Lalín facía parte, coa sanción positiva ao ano seguinte do entón "Ministerio de Gracia y Justicia". Supuxo iso, entre outras cousas, a supresión da Parroquia de San Martiño e a creación da de Santa María das Dores. Así, de alí a pouco, deron comezo as obras do templo actual de Lalín, que, non obstante, non foi inaugurado ata ben entrada a segunda década do pasado século.



Resulta pois evidente, no ensaio de interpretación formulado, que a configuración daquel enclave, ao redor do que se vai logo desenvolvendo a vila, materializou, facendo converxer os criterios da poboación e das autoridades eclesiásticas e civís, a necesidade sentida de definir unha concentración urbana á volta daquel punto de encontro.

En diante a contorna da igrexa, o solar da antiga torre e lugar das feiras, o xulgado -na súa ubicación daquela-, o eixo marcado pola estrada entre Ourense e Santiago e o seu cruzamento coa que por Rodeiro leva a Chantada van centrar unha aglomeración urbana que se irá expandindo e que, cos anos, contaxiará dese carácter algúns núcleos contiguos ata configurar a vila de Lalín na súa forma actual.

E sobre desa forma, mais tamén sobre a entidade e significado da vila, operou aquel segundo elemento antes apuntado: o desenvolvemento das comunicacións, entendendo por tal, alén das referencias históricas aludidas, o que tivo lugar desde a pasada centuria á actualidade.

Sen entrar en excesivos detalles e considerando que a base da rede actual de estradas se define e consolida a partir dos anos 20 do século precedente, as referencias que a mediados deste actualizan as denominacións históricas dos camiños e rutas que se anoan na vila sitúan a esta á metade do percorrido entre Santiago e Ourense pola N-525, empatando con ela a PO-533, a Chantada por Rodeiro, e a N-640, a Lugo por Agolada e Monterroso.

Na trama urbana, nunha referencia novamente xenérica e que se abstrae de considerar unha evolución en detalle da ordenación da circulación rodada e usa as denominacións actuais das rúas e prazas, a primeira coincidirá coa Rúa da Ponte e, logo, co eixe Rúa Principal, Joaquín Loriga e Avenida de Buenos Aires; a segunda, no seu arranque, coa Rúa do Monte do Faro, que entesta, definido aquela encrucillada principal, co punto en que se encontran aqueloutras dúas primeiras -no Chamado Quilómetro 0 de Galicia-, a rentes da Praza da Igrexa; a terceira, máis excéntrica ao núcleo, coa Rúa do Areal, definindo unha segunda encrucillada, no encontro da Rúa da Ponte coa Principal -onde o trazado evocado da N-525 xira cara ao Sur-. A isto pódese engadir,

máis lonxe do centro, outra encrucillada, a desta última estrada coa PO-206 á Vila de Cruces.

Esta referencia, que pode visualizarse coa consulta do plano nº 1, que se ofrece en anexo, non pretende senón servir como base para destacar varios feitos:

- ✓ O desenvolvemento urbano da vila de Lalín ao longo do Século XX está determinado por esa vocación de encrucillada sinalada, cun pulo no sentido de abranguela coa contorna urbana. Non obstante, a satisfacción desa posibilidade é imperfecta, na medida que os dous últimos cruzamentos son periféricos ao centro da vila.
- ✓ Ese feito está determinado pola orografía, xa que a parte principal da aglomeración urbana, ao Leste do Río Pontiñas, se estende nunha ladeira no corazón da que se enclava aquel centro de referencia, mentres que esoutros cruzamentos están un pouco ao Norte e máis baixos.
- ✓ Vai adquirindo así a poboación unha estrutura non radial, como podería ter sido de asentarse nun terreo chan, senón reticular, aliñada de Norte a Sur e inclinada a partir do seu eixe principal. De feito, nunha interpretación plausible do desenvolvemento urbano, parecerá que se foron desenvolvendo viais paralelos ao eixe primario -Rúa Principal, Rúa Joaquín Loriga- para desconxestionalo, o que se reflectiu logo, en sucesivos momentos, na ordenación do tránsito rodado e na súa evolución.

Partindo das consideracións anteriores é fácil fixar a imaxe da estrutura urbana da vila nun período de referencia entre mediados e os anos 70 ou 80 e outorgarlle significado no territorio, alén do comarcal, naquela constante de lugar de paso. De feito, parece ser que cando na primeira desas décadas se levou a termo o "Plan de Accesos a Galicia" faltou pouco para que o corredor Monforte-Lalín se convertese no Acceso Centro-.

E a posición de lugar de paso vaise reforzar nos anos 50 daquel século -en particular, en 1958, inaugurouse a estación de Lalín- coa posta en funcionamento, logo de toda unha serie de vicisitudes e aprazamentos, da liña de ferrocarril que uniu Ourense e Santiago como parte do

percorrido Zamora-A Coruña, e que converteu a Lalín, dotado cunha estación a 4,5 km. do casco urbano, tamén en lugar de paso por ferrocarril, aínda que nunca chegou a ter o tráfico de viaxeiros demasiada importancia ao se dispersar nas distintas estacións ao longo da liña, varias na comarca e concellos limítrofes. Así, na actualidade só hai dous servizos diarios, un en cada sentido, que se deteñan en Lalín.

En canto á nova Liña de Alta Velocidade, cun trazado próximo a aquela, pasa polas inmediacións da vila pero, como no resto do traxecto entre Ourense e Santiago, esta non ten estación, co que perde significado desde o punto de vista de interese para este estudo.

Tendo tamén polo de agora como horizonte aquel retrospectivo, por volta dos anos dos anos 70 ou 80 do século pasado, o certo é que ao longo do século a vila de Lalín foi afirmando tamén o seu carácter, diríase polo explicado que natural, de cabeceira da comarca. Aquela condición de sede de partido xudicial, a importancia das feiras e o progresivo desenvolvemento e concentración do comercio e os servizos incidiron niso. Neste sentido, acaso como matiz, deba apuntarse que o concello de Silleda tivo de sempre un grao menor de integración comarcal que os demais, primeiro en razón das feiras en Bandeira, que conectaban a zona Norte do Deza -Tras Deza- coas terras do Ulla. Logo, a partir de mediados dos anos 70, co desenvolvemento urbano económico e comercial da capital daquel concello, que non é non obstante comparable co da vila de Lalín, o certo é que algunha capacidade de atracción si lle tirou. Distinto é o caso da Vila e Cruces sobre a que tamén exerce atracción Arzúa, ademais de Lalín, pero que en si non detrae influencia a este.

Recapitulando entón, cabe falar daquela da Vila de Lalín como unha típica cabeceira de comarca coas notas dunha concentración urbana; do comercio e os servizos -incluíndo os públicos-, con vocación de proximidade pero tamén orientados ao radio comarcal, e a condición de lugar de paso e encontro no que entón xa son as comunicacións interiores de Galicia mediante tráfico rodado; trazos estes todos que se potencian reciprocamente.

Ademais, desde os anos 60 estaba en marcha o proceso de motorización masiva dos particulares e as familias en España, e ese fenómeno, aínda que tamén ampliou as áreas de consumo fóra dos ámbitos destas, contribuíu aínda máis principalmente -falando en xeral e cos matices neste caso que se apuntaron- a estreitar as tramas comarcais. Ese foi o caso de Lalín -mesmo gañando algún potencial de atracción para aqueles concellos limítrofes alleos á comarca-, que tamén se viu afectado naturalmente por maiores fluxos de tránsito de viaxeiros, insistindo na devandita concentración urbana, do comercio e os servizos, e potenciándoa.

Esta descrición, en todo caso, fixo ata este punto abstracción deliberada dun factor de dinamismo económico que foi o primeiro motor endógeno da evolución descrita, e que non obstante se mencionou de pasada páxinas atrás: a dedicación agro-gandeira da comarca.

Tamén non é este o lugar para un ensaio de historia económica, pero si que convén, no ton de síntese xeral con que se están querendo caracterizar na súa xénese e evolución as bases da realidade urbana actual, atender estoutra dimensión.

Dirase así, falando sempre moi sumariamente, que, en razón das súas condicións naturais, o Deza tiña na gandería un vector significativo da súa economía tradicional. E foi precisamente a partir dos anos 70 do pasado século que se desenvolveu un proceso de intensificación gandeira que marcou un despegue económico da comarca e, en consecuencia, supuxo un pulo para o crecemento urbano da vila e da oferta comercial e de servizos. Pénsese que xa en 1980 máis da metade da superficie agraria do concello eran herbeiras e montes con pasteiros, máis que dobrando a dedicada á labranza.

A intensificación centrouse no gando vacún e porcino, propiciando, tamén a partir dunha significativa tradición local de elaboracións, en especial a partir de carne de porco, un desenvolvemento significativo da industria agro-alimentaria. É así notable, tamén por contraste con outros lugares, esa integración das actividades primarias e secundarias no ámbito da gandaría que interpela polas virtualidades de que

abrange tamén significativamente as terciarias pechando o ciclo completo.

De calquera xeito esa dedicación especializada será ata hoxe un sinal de identidade para a comarca, ata convertela nunha referencia senlleira no conxunto de Galicia. Non é alleo a isto que no caso do Deza a evolución do sector se teña enfiado, tamén como característica distintiva, cunha importancia maior que noutras bisbarras galegas, na constitución de entes empresarias de certa importancia, de natureza cooperativa ou con outras fórmulas societarias, pero cunha significativa participación empresarial dos produtores. Ao tempo, en razón do volume da demanda, foise dando unha extensión da actividade comercial e de servizos técnicos e profesionais de soporte á agrogandería en ramos como a nutrición e a sanidade animal, a maquinaria e os equipamentos etc..

As consecuencias literalmente económicas do descrito poden sintetizarse nunha capitalización da actividade agraria e na xeración dunha base industrial estribada na transformación das súas producións. Téñase en conta que ata entón só cabía falar, e tamén con relación a unha primeira transformación, pero con menor significado económico e menor incidencia no incremento do nivel de vida xeral da poboación, da ligada á explotación forestal, que se modernizou e consolidou empresarialmente a partir daquela, ou directamente á extracción de minerais.

Logo, sobre esa base, nun ciclo acelerado ao longo das dúas décadas seguintes, de novo protagonizado por capitais e emprendedores locais, deuse un pulo expresivo de dous sectores puramente industriais de segunda transformación: o metalúrxico lixeiro e o téxtil, tamén este último con certo carácter emblemático, xa non no Deza senón na localidade, tendo contribuído a reforzar a vocación comercial de Lalín mediante vendas directas en fábrica ou en establecementos específicos no casco urbano que definiron no seu momento unha dinámica de atracción, aínda fóra da comarca, cara a aquel.

Mentres, e ao compás do crecemento económico sostido que, con algunhas crises cíclicas -a do 73 e dos primeiros 90 en especial, que

non mudaron as tendencias de fondo na evolución da economía comarcal-, se deu con carácter xeral para o conxunto de España e Galicia entre aqueles anos 60 e a crise actual -a partir de 2007-, a posición xeográfica de Lalín outorgoulle tamén unha certa importancia como nodo loxístico.

A xénese e evolución dos dous polígonos industriais de Lalín: Botos, que iniciou as súas actividades en 1968 -e conta con terminal ferroviaria de carga- e o posterior Lalín 2000 -cunha fase coñecida como "Cidade do transporte"-, testemuñan esa vocación, que actualiza unha realidade histórica que xa se describiu, e, na composición sectorial das empresas que neles se asentaron, aquela dinámica de evolución.

En razón de todo o anterior, un desenvolvemento urbano que fora paseniño acelerouse a partir da década dos anos 80 da pasada centuria. Nun exercicio de reconstrución dos ciclos que o materializaron podería dicirse que a vila previamente teríase alongado naquela tendencia a abranguer os que se sinalaron como cruzamentos principais e, logo, ampliado cara ao Leste, ata case incorporar Lalín de Riba. Mentres, dábase un proceso de construción que, xuntamente cun alzamento en altura do centro da vila e unha cobertura edificatoria dos eixes das rúas máis orientais, ía outorgando forma urbana ás beiras da Rúa da Ponte e logo a todo o eixe desde o remate setentrional desta, segundo se delonga pola N-525 ata a rotonda onde hoxe empalma coa N-640, marcando, sen desenvolve-lo completamente, ese carácter principalmente en dous puntos nesa liña: arredor do nacemento da Avenida de Cruces e da de Xosé Cuíña.

Estes feitos, naturalmente, deben ser interpretados en dous niveis: o da súa lóxica e consecuencias morfolóxicas, o da súa causalidade económica.

Desde o primeiro punto de vista, a vila de Lalín estendeu e deu densidade primeiro ao seu núcleo principal, situando na periferia inmediata del, ou no seu bordo, unha serie de equipamentos, nomeadamente educativos, e logo comezou a delongarse do xeito sinalado cara ao Norte, insinuando -e a consulta dun mapa revélao

inequivocamente- a constitución, inconclusa, doutros núcleos conectados: un no ángulo entre a Rúa da Ponte e a do Areal -ou se se prefire a do Rodo-; outro, dalgún xeito asociado a este pero separado pola Avenida de Cruces, entre a N-535 e a N-640, e outro, aínda máis incipiente, entre a primeira e o eixe Avenida de Xosé Cuíña-Avenida de Madrid.

Podería así dicirse, nunha expresión sintética, que, no seu desenvolvemento sobre plano, a historia urbana de Lalín é a dun núcleo que quere comprender fisicamente unhas encrucilladas que, pola súa propia entidade, desde que as vías se orientan ao tráfico rodado, acaban por anoarse fóra del. Deste xeito, pasan de vertebrala, diríase que ata aquel momento de referencia por volta dos anos 70 do Século XX, a segmentala en áreas marcando a distinción entre o núcleo orixinal e unhas zonas perimetrais asociadas pero non plenamente integradas con aquel -súmense ás que veñen de se citar as antes aludidas de Lalín de Riba e aínda Donramiro, algo máis distante, coas súas propias características-.

Desde ese punto de vista, na medida que o proceso de evolución no espazo está hoxe detido, cabería aínda dicir tamén que a cabeceira municipal de Lalín é unha sorte de cidade inconclusa.

Hai, non obstante, un aspecto positivo do balance que poida facerse. Á marxe de consideracións en profundidade sobre a súa ordenación, o certo é que as áreas onde se rexistrou un desenvolvemento edificatorio nos últimos trinta anos, non presentando un especial atractivo arquitectónico, teñen non obstante, en xeral, unha notable coherencia estética e unha aparencia de calidade construtiva satisfactoria. E isto nas áreas perimetrais citadas e mais tamén no núcleo principal.

E se o anterior podería ser -case- un resumo morfolóxico, hai que dicir que a lóxica última desta evolución, neste nivel, non no económico, veu dada pola necesidade, obvia e imperiosa, desde logo non exclusiva de Lalín, de detraer o tráfico rodado do centro circunvalando o núcleo.

Se xa se interpretou que o ensanche progresivo da disposición lonxitudinal deste, de Norte a Sur, respondeu no seu momento a unha lóxica implícita de facilitar o fluxo crecente de paso pola vila, o

desenvolvemento e a potenciación do eixe Avenida de Xosé Cuíña-Avenida de Madrid, a definición da Rolda Leste e a derivación da N-640 foron facendo gradualmente efectiva unha circunvalación que as necesidades de comunicación rápida, a ecoloxía urbana e os hábitos sociais nos desprazamentos fan inevitable. Para alén de que esas liñas viais segmentan nos termos xa mencionados a aglomeración urbana, a súa paulatina consolidación como rutas efectivas fai que, por dicilo expresivamente e con relación ao núcleo principal, xa "non se pase por Lalín" senón que haxa que "ir a Lalín", que deterse alí para un breve descanso, por exemplo, sexa ben máis probable entre o cruzamento da Avenida de Cruces coa de Xosé Cuíña e o punto do empalme actual da N-525- e a N-640, ao longo daquela primeira, que no centro da vila.

E, xa nun pasado recente inmediato, a posta en funcionamento da autoestrada Ourense-Santiago no seu trazado completo -nunha sorte de paralelismo co ferrocarril de alta velocidade- pon o ramo á evolución descrita. Na perspectiva das comunicacións interiores de Galicia, sacando as da costa de Pontevedra cara á provincia de Lugo, en que a circunvalación faino tanxencial, a vila de Lalín xa non é un paso obrigado.

A expensas de detallar máis e de xeito máis concreto no vindeiro capítulo, referíndose xa á parte da aglomeración que se considera como núcleo principal definitorio da vila e que se toma como referencia para o centro comercial, esta sumaria lectura e interpretación histórica da evolución urbana de Lalín non pode concluír sen apuntar que, ao fío da circunvalación efectiva daquela, en momentos sucesivos, se foi perfilando unha ordenación da enfesta e o fondo de val que se estende entre a beira occidental do núcleo e o eixe Avenida de Xosé Cuíña-Avenida de Madrid. A mellora e configuración como espazo verde da contorna do Río Pontiñas que, delongándose antes e despois desa zona, contribúe a aquela segmentación mencionada do espazo urbano polo Norte e a urbanización da faciana Oeste da vila, co emprazamento no límite dela da nova Casa do Concello, por citar as expresións máis notables, reflicten unha tendencia das políticas municipais cara á harmonización e o incremento da calidade do medio urbano tentando cualificar os resultados dun ciclo anterior caracterizado polo crecemento deste.



Coas referencias precedentes cóidase ter trazado en perspectiva histórica en un grao de detalle suficiente, aos efectos da análise pretendida, unha descrición e interpretación espacial da posición xeográfica de Lalín e da súa trama urbana. Mais a lóxica última desde o punto de vista económico debe perfilarse aínda algo máis como xa se advertiu.

Partindo daquel momento de referencia nos anos 70 do século pasado, e non só en paralelo á evolución urbana descrita, senón como motor causal dela, Lalín experimentou un crecemento económico, e tamén demográfico, que repercutiu na súa capital. Retomándoo desde esa altura en que páxinas atrás quedou esbozado na súa xénese e primeira proxección, cabe falar, como xa se apuntou alí, dun ciclo amplo expansivo e engadir acaso ao xa explicado que este repercutiu, principalmente por aquel carácter de motor da expansión e modificación estrutural e edificatoria da vila, -unha ilustración estatística á que se renuncia probaría unha espectacular concentración da actividade edificatoria entre 1971 e 2001- no sector da construción, que tamén viviu desde entón un despegue e consolidación considerables.

Así e todo, abrindo unha reflexión adicional, é notable que o crecemento demográfico estea sobre-dimensionado na percepción dos informantes consultados, pero iso ten tamén unha lóxica.

Os fenómenos paralelos de progresiva conformación e formalización posterior da condición da vila como cabeceira de comarca -con servizos e establecementos públicos en razón dela ou cunha dimensión axustada a esa vocación; por citar algúns exemplos: no seu día o entón INEM, oficinas territoriais da Xunta, Ambulatorio, centros de ensino secundario etc.-, o incremento da actividade económica produtiva; o conseguinte desenvolvemento do comercio e os servizos, a xeración de emprego na industria, na construción e no sector terciario etc. naturalmente propiciaron un incremento da poboación e a súa concentración na capital municipal. De feito, Lalín presenta unha notable macrocefalia nese sentido: en 2014, segundo se recolle mesmo na "Estratexia para un Desenvolvemento Urbano Sustentable do Concello, Summa 21", máis da metade daquela residía nela.

E, así e todo, un feito provoca unha distorsión das percepcións. A capitalización xerada pola evolución da actividade agro-gandeira e agro-industrial, cando menos principal e caracteristicamente, deu lugar a unha estratexia de investimentos familiares concretados en gran medida en vivendas na vila. Ese factor potenciou o medre desta e deu lugar a unhas virtualidades de vivenda dispoñible en alugueiro que contribuíron a responder a demanda de habitación asociada ao crecemento económico. Porén, o crecemento urbano, en altura e extensión, sobre-dimensionou, polo devandito, os termos reais desa demanda.

En relación con isto, hai que apuntar que hoxe cabe falar, segundo unha cifra apuntada no foro celebrado con entidades na seguinte fase da indagación, ao que se fará referencia máis adiante e no segundo documento que recolle este estudo, de aproximadamente mil vivendas baleiras no casco urbano de Lalín -en consultas individuais previas manexáranse cifras aínda máis elevadas-. Tamén, noutra orde de cousas, que a forza e impacto da crise actual, ao cortar aquel ciclo expansivo, leva a, idealizando o pasado recente, esaxerar a percepción do declive demográfico -que, debe adiantarse xa, non é doado medir con precisión en canto o aumento de poboación precedente puido ter, por orixinado en parte na propia comarca ou, doutro lado, revestindo algún posible carácter cíclico, un reflexo estatístico imperfecto nas fontes oficiais ao seren estas de base padronal-.

Aproximándose así á fin deste encadre, aquel ciclo expansivo, a rubricar a importancia da vila como cabeceira municipal e comarcal, con todos os matices que se queira, implicou, falando xa aos efectos concretos deste estudo, asociado ás repercusións de toda índole sinaladas, unhas circunstancias favorables para o comercio e os servizos da vila, máis que compensando, por dicilo dun xeito simplista, a perda de oportunidades derivada da evolución das comunicacións.

Centrando precisamente o foco no comercio e os servizos, e considerando a súa situación actual tendo en conta os datos de detalle que achegará a observación directa e a enquisa, cabe deducir razoablemente que xa ao comezo deste século a problemática que podía afectalos, por máis que o seu impacto se vise mitigado ou aínda

encuberto por unha conxuntura local favorable, singularmente aos configurados con carácter de negocio familiar, non era substantivamente distinta da que podía delinirse para o conxunto do comercio e a hostalería tradicionais en Galicia. En particular para o comercio, a competencia das grandes superficies -e Lalín, como aquela "cidade inconclusa" e, á marxe diso, como calquera cabeceira de comarca, ten varias, dúas neste caso, nas inmediacións do casco urbano: os centros comerciais "As Pontañas" e "Deza"- e das grandes cidades, a cuestión dos horarios comerciais, o impacto da fiscalidade, a progresiva perda de significado das feiras tradicionais como catalizadoras de afluencia comarcal, por citar só uns poucos elementos, repercutirían de xeito tan coñecido que é ocioso formular aquí unha análise xeral ao respecto. O mesmo pode dicirse, na liña do sinalado, verbo do impacto das políticas de distribución comercial e especialmente da evolución das pautas de consumo -por citar un exemplo, desde o que se denomina como "extensivo de masas" cara ao "consumo cultural"- e dos hábitos de compra.

De certo arestora hai, obxectivamente e na percepción social dominante, unha situación de crise económica con singular incidencia a nivel local, que se proxecta nos sectores de referencia en estudo, que deixa en evidencia os seus déficits endóxenos, estruturais e de adaptación a un novo escenario. Uns déficits que, en toda a súa crueza, aquel ciclo de bonanza permitiu ir obviando.

A percepción social, en todo caso, é de que a proxección local da crise, potenciando a súa incidencia xeral, afectou primeiro ao sector téxtil xerando desemprego e perda de poboación coas consecuencias evidentes no comercio e nos servizos -ademais das derivadas, directamente, tiraría potencial de atracción á vila, ao reducírense as expedicións para compras directas en fábrica desde fóra da comarca e en establecementos con oferta ligada directamente a marcas locais;- logo actuaría como un certo paliativo a residencialidade por mor das esixencias da construción de grandes infraestruturas -autoestrada e liña ferroviaria de alta velocidade-, pero a súa conclusión confirmaría un escenario de contracción. Mentres, a actividade construtiva no casco urbano detívose e a propia conxuntura xeral afectou tamén a ese sector que é ben importante na economía local.

Así que aquel escenario de contracción é o actual, e na súa propia inercia reforza a atonía e a perda de atractivo daquel como lugar de compras e lecer. A este respecto a percepción social, outra volta, mesmo obviando o dato da crise, fala dun certo desprazamento das actividades de ocio nocturno a algunha vila próxima, pero fóra da comarca, e insiste na derivación dunha parte do consumo ás cidades de Santiago e Ourense.

E, de certo, esta é unha posibilidade que a antes aludida Autoestrada Central de Galicia xa viría facilitando desde hai máis dunha década en dirección Santiago -AP-53, con peaxe- e desde abril de 2009, completada, cara a Ourense -AG-53, libre de peaxe-; unha posibilidade significativa a ter en conta -así o fixeron as enquisas desenvoltas para este estudo-, dadas as tendencias xerais de evolución dos comportamentos de consumo, con independencia da magnitude real que teñan os gastos xerados nelas que se detraían do comercio e a hostalería locais.

Retomando o fío da exposición cronolóxica, naquel escenario de contracción e atonía, mesmo xa de antes, no marco xeral de evolución histórica que se trazou, Lalín como vila está en transo de re-definirse nos termos concretos de xogar o seu significado como cabeceira de comarca, como enclave nun radio máis amplo e como espazo urbano en si, tanto en clave de función como de calidade. Nese proceso o papel dos sectores estudados para activar a economía no sector terciario, para nesa liña articular un centro comercial aberto, o do propio centro, son datos determinantes supeditados á capacidade de adaptación daqueles.

A síntese formulada ata aquí, cos inevitables solapamentos temporais e simplificacións que esixiu condensar unha realidade en evolución en que se trenzan tantos factores, atendeu apenas a trazar unha perspectiva ampla que ensaia unha interpretación xeral dunha evolución conxugada en virtude de todos eles ata hoxe.

E, non obstante, hai toda unha serie de elementos que, nese contexto, supoñen datos adxectivos da situación actual ou posibilidades, fortalezas, potencialidades e recursos abertos a dinamismos de futuro

e que, por iso, deben considerarse nunha perspectiva de evolución en diante. De acordo co sinalado na Presentación, ao determinar máis directamente as recomendacións do estudo, serán tratados no Capítulo IV.

Prosigue así agora este mesmo, perfilando, como alí se advertira, a observación das circunstancias actuais desde a achega que pode tirarse das principais fontes secundarias oficiais de carácter estatístico.

## II.2. UNHA ILUSTRACIÓN DESDE AS FONTES ESTADÍSTICAS SECUNDARIAS.

### *II.2.1. Unha indicación xeral previa sobre as fontes.*

A pretensión de debuxar un contexto xeral que guía este capítulo, en especial sendo para a vila de Lalín, desculpa de entrada de pretender unha exhaustividade no manexo con ese fin de fontes estadísticas oficiais, nomeadamente porque estas toman como referencia concellos completos. Mais, mesmo nun nivel de pretensións modestas acaído para este informe en razón do devandito, o grao de detalle que sería desexable alcanzar vese comprometido polo xeito en que é posible o acceso a esas fontes.

Sen estenderse aquí ao respecto, por non ser procedente, o certo é nos últimos anos a publicación de datos desas fontes -o I.N.E. e o I.G.E., este cos seus e os daquel para Galicia, en virtude de operacións estadísticas propias ou como colectores e elaboradores de información doutras Administracións- véñse facendo principalmente mediante acceso na Rede. E non sempre os datos dispoñibles, por razóns de criterio, son os de interese para quen investiga ou lle permiten os cálculos que require; mesmo cando son índices, taxas etc. xa estimados poden non ser os que se coidan precisos. Dáse así un paradoxo aparente: un grao menor de detalle e adecuación ao interese concreto que o que sería posible cando os datos se publicaban en papel, coa única alternativa dunha descarga de micro-datos e unha elaboración de detalle que suporía un esforzo inxustificable por desmedido nunha aproximación como a que se pretende.

Sen que se vaia insistir máis ao respecto disto, a lectura dos dous epígrafes deste apartado que agora comeza, certas indicacións de

índole metodolóxica e a referencia nalgún caso como fonte ao Departamento de Emprego do Concello -porque ten feito algunha compilación de datos que simplifica ao acceso a estes- son ilustración suficiente do mencionado.

### II.2.2. *En perspectiva demográfica.*

A consideración xenérica sobre unha expansión demográfica ligada a un ciclo longo e sostido de crecemento económico que se mencionou páxinas atrás ten a súa constatación nalgúns datos concretos. Así, en 1981, o territorio do termo municipal de Lalín contaba cunha poboación de dereito -segundo a distinción convencional que entón se aplicaba-, de acordo co Censo de Poboación e Vivendas do I.N.E. para aquel ano, de 18.938 persoas; un volume poboacional que trinta e catro anos despois, en 2015, segundo a mesma fonte sería de 20.059 individuos, un 5,9% máis. Tomando a serie dos datos oficiais -padronais sacando os censuais para ese ano de partida e mais para 1991- publicados desde entón: para 1981, 1986, 1991, 1996 e logo para cada ano desde 1998 ata 2015, xa en 1986 a cifra correspondente superaba os 20.000 habitantes e irá en aumento paseniño pero constante ata pasar dos 21.000 en 2008. Con todo, o certo é que xa entre 1996 e 2003 houbera un certo estiño -formalmente un retroceso-, recuperándose o pulo ata o máximo de 21.254 en 2009. De entón a hoxe hai un descenso flutuante ata os 20.005 ou aqueles 20.059 de 2015<sup>2</sup>.

En calquera caso, a interpretación é sinxela: os ciclos demográficos teñen a ver indiscutiblemente cos económicos, pero os volumes absolutos e relativos da evolución proxectada sobre o conxunto do concello, como proban os cadros seguintes, obrigan a considerala como gradual e menos intensa acaso -algo que xa se aventurara- de como se percibe socialmente.

Por exemplo, de acordo co cadro nº 1, confírmase o pulo que supuxo a década dos 80 do século pasado e o estiño da dos 90. Dando por

---

2.-Tamén agora un dos dous datos é padronal, 20.005, a día 1 de xaneiro, e o outro censual, entendendo por tal un dato poboacional promedio -aínda que a metodoloxía actual da elaboración do censo parte do Padrón-. O I.N.E. é a súa fonte última e o I.G.E. a intermedia. Este ofréceos distintamente segundo a información consultada. Unha diferenza semellante dáse para os datos de 2011.

acreditado o novo crecemento ata aquel máximo histórico de 2009, a redución que comeza entón reflíctese no saldo, xa máis magro, que deitan os datos de 2011 sobre os dunha década antes.

### C.1. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN: VARIACIÓN ENTRE 1981 E 2015. VALORES ABSOLUTOS E TAXA DE EVOLUCIÓN DECENAL E INTER-ANUAL - 2011-2015-.

INDICADORES	1981	1991	2001	2011	2015
Valores censuais/padronais absolutos	18.938	20.360	20.266	21.127	20.059
Taxa de evolución inter-anual	-	7,5%	-0,5%	4,2%	-5,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E.-I.N.E.<sup>3</sup>

### C.2. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN: VARIACIÓN ENTRE 2010 E 2015. VALORES ABSOLUTOS E TAXA DE EVOLUCIÓN INTER-ANUAL.

INDICADORES	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Valores censuais/padronais absolutos	21.216	21.127	20.409	20.048	20.158	20.059
Taxa de evolución inter-anual	-0,2%	-0,3%	-3,4%	-1,8%	0,6%	-0,5%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E.-I.N.E., tomados do Departamento de Emprego do Concello de Lalín.

Así, a mingua poboacional que está a afectar a Lalín iníciase no seu ciclo actual a partir de 2009, como ilustra o cadro nº 2, cunha perda acumulada desde entón ata 2015 dun 5,6%.

Sexa como for, unha consideración do influxo directo da marcha da economía no volume de poboación nun territorio dado, Lalín neste caso, ten como indicador máis evidente o saldo migratorio. Entón, para estudalo, fixéndose como limiar naquela referencia de 2009 e observando as magnitudes da emigración e inmigración ao concello de Lalín segundo os cadros nº 3 e 4, así como o resumo que propón o nº 5, cabe, logo dalgunhas advertencias, formular certas conclusións.

Entre as primeiras está o feito de que, ao partirse de rexistros padronais nos datos oficiais sobre movementos migratorios, hai un certo grao de formalidade que pode distorsionar a realidade da residencia efectiva, en especial pensando nunha contorna comarcal ou provincial. Neste sentido é moi notable que nas afluencias cara á Lalín que rexistra o cadro nº 3 sempre son prevalentes os valores que refiren

3.-Neste caso tratándose de datos do Padrón e o Censo, relacionados entre si, e polo dito nanota precedente, a indicación da fonte prescinde de detallar aquelas.

a orixe na mesma provincia de Pontevedra e, dentro deles -o cadro súmaos todos-, sono sempre á súa vez, nalgúns anos supoñendo dúas terceiras partes, os que se refiren ao resto dos concellos do Deza. En canto á emigración, máis nivelada nos seus destinos, a que se produce sen saír de Pontevedra tamén vai parar, ano tras ano, en case a metade dos casos a outros concellos da comarca.

### C.3. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN: INMIGRACIÓN, SEGUNDO PROCEDENCIA E EN TOTAL, POR ANOS, ENTRE 2009 E 2015. VALORES ABSOLUTOS.

ANOS	PROCEDENCIA DA INMIGRACIÓN				TOTAL
	A mesma provincia	Outra provincia	Outra C.A.	O estranxeiro	
2009	212	122	153	154	641
2010	239	138	191	151	719
2011	242	126	176	141	685
2012	211	111	102	77	501
2013	285	213	135	90	723
2014	231	118	130	81	560
2015	277	182	147	138	744
<b>TOTAL</b>	<b>1.697</b>	<b>1.010</b>	<b>1.034</b>	<b>832</b>	<b>4.573</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E., elaborados á súa vez coa Estatística de variacións residenciais do I.N.E..

### C.4. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN: EMIGRACIÓN, SEGUNDO DESTINO E EN TOTAL, POR ANOS, ENTRE 2009 E 2015. VALORES ABSOLUTOS.

ANOS	DESTINO DA EMIGRACIÓN				TOTAL
	A mesma provincia	Outra provincia	Outra C.A.	O estranxeiro	
2009	152	195	150	45	542
2010	177	172	144	160	653
2011	200	220	164	63	647
2012	192	178	164	149	683
2013	167	191	150	106	614
2014	191	180	136	45	552
2015	183	191	163	45	582
<b>TOTAL</b>	<b>1.262</b>	<b>1.327</b>	<b>1.071</b>	<b>613</b>	<b>4.273</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E., elaborados á súa vez coa Estatística de variacións residenciais do I.N.E..



### C.5. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN: MOVEMENTOS -INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN- E SALDO MIGRATORIOS POR ANOS<sup>4</sup>, ENTRE 2009 E 2015. VALORES ABSOLUTOS.

ANOS	MOVEMENTOS		SALDO
	Inmigración	Emigración	
2009	641	542	99
2010	719	653	66
2011	685	647	38
2012	501	683	-182
2013	723	614	109
2014	560	552	8
2015	744	582	162
<b>TOTAL</b>	<b>4.573</b>	<b>4.273</b>	<b>300</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E., elaborados á súa vez coa Estatística de variacións residenciais do I.N.E..

Abstraéndose agora diso e referíndose xa ás tales conclusións, cómpre subliñar o seguinte:

30

- ✓ Cunha tónica na que a inmigración é sempre maior desde o resto da provincia -lémbrese que en especial desde outros concellos do Deza- que desde o resto de Galicia, e que esta supera á que vén doutros lugares de España, e esta á estranxeira, os anos 2013 e 2015 son os que presentan as afluencias máis elevadas no ciclo estudado, de xeito que, aténdose aos datos, non se podería falar para nada dunha tendencia descendente, senón de flutuacións. Ademais é curioso que 2012, un ano de retroceso expresivo no volume poboacional, e tamén 2014, que podería chamarse estable, teñan os valores máis baixos.
- ✓ Coa emigración, máis nivelada, lémbrese ,nos seus destinos, malia o estranxeiro absorba a menor parte, dáse tamén aquela flutuación que non traza unha tendencia e ten os seus máximos entre 2010 e 2013, agora si coincidindo coa serie de anos en que se concentra a redución de poboación que se vén comentando.

4.-O I.G.E., malia partir dos mesmos datos, dá un saldo para 2009 de 117 persoas.

- ✓ Pero o determinante ao cabo da consideración dos movementos migratorios é o saldo que deitan, e este, como reflicte indiscutiblemente o cadro nº 5 é discretamente positivo á fin do período, de maneira que só foi negativo en 2012, coherentemente co xa comentado, e presenta unha coherencia idéntica na discretísima cifra positiva de 2014.

A consecuencia de todo isto é evidente: unha vez manifesta a crise actual, entre 2009 e 2015 Lalín perde un 5,6% de poboación, pero de limitarse a estes datos podería entenderse que, contrariamente á percepción social dominante dunha marcha dun volume significativo de poboación, o certo é que esta non se tería producido, senón que o saldo migratorio suporía un incremento dun 1,4%.

Dando provisoriamente por boa esa apreciación, no fondo disto todo semellaría que Lalín continua a atraer poboación do resto comarca, o que parece insistir na continuidade da concentración urbana, agora máis paseniño que en décadas pasadas, que, doutro lado é un fenómeno que segue a darse en Galicia. Certo é, non obstante, que ese feito pode reflectirse nalgunha medida no empadramento formal asociado á adquisición dunha vivenda e non nunha residencia efectiva, e que tamén pode compensarse con outra virtualidade de menor impacto: o desprazamento da residencia fóra do ámbito municipal pero dentro da comarca, que nalgún grao se corresponderá coa reocupación de vivendas rurais rehabilitadas.

Se a reflexión anterior é acaída, a clave de redución do continxente poboacional habería que buscala non tanto, pois nos factores económicos con incidencia directa nese sentido senón na propia dinámica demográfica que, como axiña se verá, en gran medida responde á que é común en Galicia e que se alimenta da estrutura mesma da poboación. Pero antes de atender a esta, convén, como se fai no cadro nº 6, considerar o influxo do movemento natural da poboación naquela redución do seu volume.

E, en efecto, os saldos vexetativos resultan negativos todo ao longo do período en razón do feito incuestionable dun numero sempre maior de defuncións que de nacementos.

### C.6. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN: MOVEMENTO NATURAL - NACEMENTOS E DEFUNCIÓNS- E SALDO VEXETATIVO POR ANOS, ENTRE 2009 E 2015. VALORES ABSOLUTOS.

ANOS	MOVEMENTOS		SALDO
	Nacementos	Defuncións	
2009	148	214	-66
2010	156	231	-75
2011	152	244	-92
2012	129	225	-96
2013	151	239	-88
2014	122	217	-95
2015	147	255	-108
<b>TOTAL</b>	<b>1.005</b>	<b>1.625</b>	<b>-620</b>

Fonte: I.G.E.-I.N.E.: Movemento Natural da Poboación.

Neste punto resulta tentador considerar en conxunto os saldos migratorios e vexetativos, como se fai no cadro nº 7, e verificar os saldos conxuntos resultantes.

32

### C.7. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN: SALDO MIGRATORIO, VEXETATIVO E DEMOGRÁFICO CONXUNTO POR ANOS, ENTRE 2009 E 2015. VALORES ABSOLUTOS.

ANOS	SALDOS		SALDO
	Migratorio	Vexetativo	
2009	99	-66	33
2010	66	-75	-9
2011	38	-92	-54
2012	-182	-96	-278
2013	109	-88	21
2014	8	-95	-87
2015	162	-108	54
<b>TOTAL</b>	<b>300</b>	<b>-620</b>	<b>-320</b>

Fonte: I.G.E.-I.N.E.: Movemento Natural da Poboación e elaboración propia a partir de datos do I.G.E., elaborados á súa vez coa Estatística de variacións residenciais do I.N.E..

E xa se ve que o resultado é desconcertante, porque hai un desfase entre a perda computada de poboación segundo as cifras padronais ou

censuais ofrecidas e o virtual resultado que deitaría a aplicación dos saldos calculados a estas.

A intención e alcance deste informe dispensa de entrar na lóxica dese desfase, que non responde a unha deficiencia das cifras oficiais senón a cuestións metodolóxicas que, polo sinalado, se renuncia a tratar aquí e que teñen que ver principalmente coas datas de referencia dos cálculos e cos procedementos de detección e cómputo dos movementos migratorios, xa que, obviamente, o dos datos sobre nacementos e defuncións son máis directos.

En todo caso, fixándose no saldo total do cadro, é evidente que Lalín non perdeu de 2010 a 2015 320 habitantes, senón naqueles termos padronais ou censuais, de acordo coa información primeira ofrecida, 1.195. Outra cousa é que, especialmente na vila se sentise unha perda acaso maior que, loxicamente, deberá asociarse en parte á de poboación non empadroada.


Aínda así, considerando entón que a perda ten de ser, mesmo en virtude dos determinantes metodolóxicos dos datos oficiais, de raíz migratoria, os saldos vexetativos alertan sobre un preocupante dinamismo demográfico de fondo.

Atendendo a este, unha primeira constatación tírase xa da observación da pirámide de poboación en 2015, diagrama nº 1, collendo agora as cifras literais do Padrón Municipal de Habitantes actualizado a 1 de xaneiro, en canto delata non só unha poboación envellecida, senón que aquel dinamismo é regresivo. Unha idade media de  $\bar{X}=47,1$  anos sintetiza ese feito.

Pero como aquela circunstancia é extensible ao conxunto de Galicia, o que interesa agora é apuntar brevemente algunhas consecuencias de orde social do descrito.

Para iso, un paso previo é estruturar os datos, tal e como fai o cadro nº 8, o que permite calcular agora toda unha serie de índices sintéticos que se recollen a seguir nos nº 9, 10 e 11.

**D.1. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN EN 2015, SEGUNDO SEXO, POR COHORTES QUINQUENAIS DE IDADE: PIRÁMIDE DEMOGRÁFICA. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E.-I.N.E.: Padrón Municipal de Habitantes 2015.

Así, en primeiro lugar, confirmando de xeito inapelable o dito sobre a estrutura e dinámica da poboación, segundo o nº 9, o índice de infancia<sup>5</sup> é o máis baixo, 1,9 puntos porcentuais có de xuventude<sup>6</sup>, e ambos os dous están ben por detrás do de vellez<sup>7</sup>: un espectacular 24,7% que implica que 1 de cada 4 lalinenses supera os 65 anos.

**C.8. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN EN 2015, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL POR GRANDES GRUPOS DE IDADE. VALORES ABSOLUTOS E ESTRUCTURA PORCENTUAL DESAGREGADA.**

GRUPOS DE IDADE	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Absolutos	%	Absolutos	%	Absolutos	%
Menos de 16 anos	1.267	6,3	1.158	5,8	2.425	12,1
De 16 a 64 anos	6.298	31,5	6.344	31,7	12.642	63,2
De 65 e máis	2.142	10,7	2.796	14,0	4.938	24,7
<b>TOTAL</b>	<b>9.707</b>	<b>48,5</b>	<b>10.298</b>	<b>51,5</b>	<b>20.005</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E.-I.N.E.: Padrón Municipal de Habitantes 2015.

- 5.-Poboación de 0 a 15 anos por cada 100 individuos do do conxunto da poboación.
- 6.-Individuos de 16 a 29 anos por cada 100 individuos do conxunto da poboación.
- 7.-Poboación de 65 ou máis anos por cada 100 individuos do conxunto da poboación.

### C.9. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN EN 2015: ÍNDICES DE INFANCIA, XUVENTUDE E VELLEZ.

INFANCIA	XUVENTUDE	VELLEZ
12,1%	14,0%	24,7%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E.-I.N.E.: Padrón Municipal de Habitantes 2015.

Por iso o índice de envellecemento, no cadro nº 10 -persoas de 65 e máis anos por cada 100 individuos de 0 a 15-, é tan elevado que esta poboación debe tecnicamente cualificarse de "moi envellecida". Máis alá de convencións, é revelador a este respecto que os valores deste índice, calculados directamente polo IGE para 2014, foran do 184,3% para o conxunto de Galicia e do 144% para provincia de Pontevedra, co que a perspectiva para Lalín insiste nun panorama preocupante.

### C.10. POBOACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN EN 2015: ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO E CUALIFICACIÓN DESTE.

ENVELLECIMENTO	CUALIFICACIÓN
203,6%	Moi alto -máis do 150%-

35

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E.-I.N.E.: Padrón Municipal de Habitantes 2015.

En consecuencia, como sintetiza o cadro nº 11, o de dependencia, é dicir: a proporción de individuos en idades non activas sobre os que están en idade potencialmente activa, é un significativo 58,2%, que se configura polo peso en algo máis de dúas terceiras partes da dependencia senil<sup>8</sup>, que máis que dobra así a xuvenil<sup>9</sup>.

### C.11. POBOACIÓN DO CONCELLO DO LALÍN EN 2015: ÍNDICES DE DEPENDENCIA XUENIL, SENIL E XERAL.

DEPENDENCIA XUENIL	DEPENDENCIA SENIL	DEPENDENCIA XERAL
19,2%	39,0%	58,2%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E.-I.N.E.: Padrón Municipal de Habitantes 2015.

En definitiva, o concello de Lalín ten unha estrutura demográfica de perfil regresivo que, conxugada cuns saldos vexetativos negativos -que estarán sen dúbida na orixe desa estrutura-, o abocan a un declive poboacional progresivamente acelerado en virtude da súa dinámica

8.-Persoas de 65 e máis anos por cada 100 individuos de 16 a 64.

9.-Poboación de 0 a 15 anos por cada 100 persoas de 16 a 64 anos.

endóxena de non modificarse aqueles saldos. Sobre esta base rexistra, de momento parecera que nun ciclo conxuntural pero longo, unha perda de poboación que, na súa magnitude, ten que ser fundamentalmente de base migratoria e ligada á contracción da actividade económica no territorio: unha perda que os datos demográficos oficiais agregados recollen e os específicos sobre migracións infra-representan por razóns metodolóxicas.

A percepción social, ao xulgar esa perda sobre a vila que constitúe a capital municipal tende a magnificala, en relación cos datos aqueles, aínda que é ben posible que esa percepción capte e integre dous fenómenos: un, menor, de re-aloxamento de volumes discretos de poboación no espazo rural; outro, o principal, de migración efectiva de poboación que se asentaba nela pero da que non había constancia padronal.

En calquera caso, esa sensibilidade centrada na vila máis que no conxunto municipal explícase porque aquela congregaría máis da metade da poboación do concello; un concello que, se en conxunto, ten unha densidade media-baixa:  $\bar{x}=0,6$  habitantes por Ha. -67,2 por km<sup>2</sup>- en 2015, ten de vela drasticamente reducida nos seus termos reais no espazo rural en virtude dese fenómeno.

### II.2.3. *En perspectiva económica.*

Procurando nas fontes estatísticas públicas uns poucos indicadores, cos datos máis actuais que foi posible, que perfilen a perspectiva ensaiada con anterioridade no plano da economía, ben se pode empezar fixándose no cadro nº 12 e verificando como, en efecto, o número de empresas -non agrarias, por unha convención de orde metodolóxica nos cálculos destas por parte dos organismos responsables daquelas fontes- radicadas en Lalín, reflectíndose nese feito a marcha da economía, se reduciu nun volume significativo entre 2010 e 2013, sendo a cifra de 2014 practicamente igual á dese ano anterior.

En calquera caso o cadro nº 13, se ben non pode recoller a tendencia efectiva a unha discreta redución xeral do tamaño das empresas nese ciclo, si deixa patente para aquel ano último como dúas terceiras partes daquelas carecían de asalariados, tratándose pois de traballadores

autónomos que operan individualmente, Desta forma o resto son pequenas empresas -unhas poucas medianas- que, ata case completar o 97,3% do total, non superan os 10 empregados, sendo o máis característico que sexan 1 ou 2.

#### C.12. EMPRESAS NON AGRARIAS DO CONCELLO DE LALÍN: VARIACIÓN ENTRE 2010 E 2014. VALORES ABSOLUTOS.

ANOS	2010	2011	2012	2013	2014
Número de empresas	1.938	1.947	1.901	1.850	1.855

Fonte: Departamento de Emprego do Concello de Lalín a partir de datos do I.G.E.: Banco de datos Municipais.

#### C.13. EMPRESAS NON AGRARIAS DO CONCELLO DE LALÍN EN 2014 POR NÚMERO DE ASALARIADOS/AS. VALORES ABSOLUTOS E ESTRUCTURA PORCENTUAL.

ASALARIADOS/AS	Absolutos	%
Sen asalariados	1.224	66,0
De 1 a 2	399	21,5
De 3 a 5	137	7,4
De 6 a 9	46	2,4
De 10 a 19	26	1,4
De 20 a 49	14	0,8
De 50 a 99	5	0,3
De 100 a 249	4	0,2
<b>TOTAL</b>	<b>1.855</b>	<b>100</b>


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E: Banco de datos Municipais.

Doutro lado convén consignar que o total de traballadores autónomos en Lalín era de 2.730 en 2014, segundo o Departamento de Emprego do Concello -que non cita a fonte última do dato, pero que con certeza será a "Secretaría de Estado de la Seguridad Social"-, dos que, restando os correspondentes a réximes especiais: 126 no do fogar e 82 agrario -cifra sorprendentemente baixa para Lalín-, quedan no ordinario 2.522.

Pero volvendo á cuestión do tamaño das empresas non agrarias, o certo é que remite, prescindindo pois do sector primario, a un predominio dos servizos, máis de dous terzos cumpridos; algo que confirma o diagrama nº 2, que tamén retrata un peso proporcionalmente moi elevado da construción.



## D.2. EMPRESAS NON AGRARIAS DO CONCELLO DE LALÍN EN 2014 POR SECTOR. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E: Banco de datos Municipais.

E naturalmente a conxunción dese predominio do sector terciario con aquel das empresas sen ou cun número mínimo de persoas asalariadas sinala, entre outras cousas, á caracterización do comercio e os servizos na vila cabeceira municipal.

De todos os xeitos, nun apuntamento adicional, como a consideración da gandaría neste municipio é obrigada, pode aproximarse a súa importancia co dato da Consellería do Medio Rural e do Mar ofrecido polo I.G.E. de que en 2014 había nel 887 explotacións, por citar apenas as de bovino.

Pero, completándoa visión anterior, hai aínda outro dato descritivo de interese sobre o tecido empresarial que paga pena considerar co auxilio do cadro nº14.

Ese dato non é outro que o predominio das iniciativas que teñen como base da súa configuración xurídica a responsabilidade dunha persoa física. Chamar a atención sobre el non obedece obviamente ao esperado que resulta, senón precisamente ao valor confirmatorio que ten da descrición e interpretación que se está facendo. Ademais cómpre considerar que no conxunto inespecífico doutras formas xurídicas, estarán incluídas modalidades como as SAT, vinculadas á

transformación primeira agro-industrial, e as sociedades civís e comunidades de bens tradicionalmente asociadas á hostalería dun xeito destacado.

#### **C.14. EMPRESAS NON AGRARIAS DO CONCELLO DE LALÍN EN 2014 POR FORMA XURÍDICA. VALORES ABSOLUTOS E ESTRUCTURA PORCENTUAL.**

FORMA XURÍDICA	Absolutos	%
Persoas físicas	1.020	55,1
Sociedades anónimas	12	0,6
Sociedades de responsabilidade limitada	603	32,5
Cooperativas	17	0,9
Outra	203	10,9
<b>TOTAL</b>	<b>1.855</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E: Banco de datos Municipais.

E se de observar empresas se avanza a fixarse no emprego que xeran, toda a panorámica descrita perfílase máis. Entón, en primeiro lugar, o cadro nº 15, no que é posible ter de novo en conta á gandería, deita así a impresión, de novo para 2014, dunha distribución diversificada do emprego por conta allea -non debendo perderse de vista o peso dos autónomos nos sectores de interese para este estudo- na que os servizos absorbían así e todo case 6 de cada 10 empregos en 2014.

39


#### **C.15. ASALARIADOS/AS DAS EMPRESAS DO CONCELLO DE LALÍN EN 2014 POR SECTOR. VALORES ABSOLUTOS E ESTRUCTURA PORCENTUAL.**

SECTOR DE ACTIVIDADE	Absolutos	%
Agricultura, gandería e pesca	996	14,5
Industria	1.186	17,5
Construción	638	9,3
Servizos	4.013	58,7
<b>TOTAL</b>	<b>6.833</b>	<b>100</b>

Fonte: Departamento de Emprego do Concello de Lalín a partir de datos do I.G.E.: Banco de datos Municipais.

E, precisamente, unha consideración desagregada dos autónomos e asalariados en conxunto non pode efectuarse de xeito preciso por mor da diferenza de ámbito temporal dos datos que se están manexando, xa que os que o diagrama nº 3 presenta a seguir sobre afiliación á Seguridade Social se refiren a este ano de 2016 no que andamos.

### D.3. AFILIADOS/AS EN ALTA LABORAL Á SEGURIDADE SOCIAL DO CONCELLO DE LALÍN DATOS EN XUÑO DE 2016 POR SECTOR. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E: Banco de datos Municipais -"Secretaría de Estado de la Seguridad Social"-.

40


De calquera maneira cabe un ensaio por aproximación. Considerando que, se en 2014 había aqueles preto de 2.500 autónomos e uns 6.800 asalariados, a cifra de traballadores de alta traballadores debera superar os 9.000 individuos. Pero a cifra de altas de hai uns poucos meses supera por pouco os 7.000. Indica isto que o paro tería crecido desde entón, cando xa supostamente pasara o peor da crise. Con independencia da diferenza de datas e de que algún condicionamento formal das fontes poida distorsionar esta percepción, sinala isto, pois, un elemento mercado de traballo que tamén segue a ser crítico en Lalín.

Nese sentido os datos medios sobre paro rexistrado en 2015, cífrano en 1.611 persoas, principalmente mulleres, e cunha distribución por orixe sectorial na que destaca a industria -afectándoas sobre todo a elas-, a construción -aos varóns- e moi principalmente os servizos -que tamén terían feminizado o desemprego neles-. Unhas evidencias, estas, que se tiran do diagrama nº 4 e mais do cadro nº16.

Para alén de que poida chegar a entenderse como sobre-dimensionado, todos os datos tratados insisten en que o sector servizos ten un peso

decisivo na economía lalinense e está fortemente afectado pola situación actual de crise; o que pode extrapolarse literalmente ao comercio e a hostalería da vila como núcleo daquel a escala municipal.

**D.4. PARADOS/AS REXISTRADOS/AS DO CONCELLO DE LALÍN POR TÉRMINO MEDIO EN 2015 POR SECTOR. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E: Banco de datos Municipais -Consellería de Economía, Emprego e Industria-.

**C.16. PARADOS/AS REXISTRADOS/AS DO CONCELLO DE LALÍN POR TÉRMINO MEDIO EN 2015, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL, POR SECTOR. VALORES ABSOLUTOS.**

SECTOR DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	53	26	80
Industria	122	187	308
Construción	219	27	246
Servizos	271	564	835
Sen emprego anterior	38	104	142
<b>TOTAL</b>	<b>703</b>	<b>908</b>	<b>1.611</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do I.G.E: Banco de datos Municipais -Consellería de Economía, Emprego e Industria-.

Doutro lado, a crise, no seu carácter xeral, supón un desafío para a reacción deste sector pero tamén e sobre todo un atranco, xa que a economía local segue a amosar signos de atonía e todos os indicadores

-pernoctacións turísticas, edificios de nova planta etc.- insisten no mellor dos casos nun estiño respecto das cifras de anos precedentes.

De feito, entre 2007 e 2013 tería transcorrido o peor da crise e, como é evidente e xa se apuntou, neses anos a economía local acusouna con forza.

Tomando a última edición, a de 2013 con relación a 2012, do Anuario Económico de España, elaborado polo Instituto Lawrence R. Klein e divulgado por "La Caixa", que recolle e elabora datos de múltiples fontes, é posible aproximarse a ese ciclo de crise -pois o anuario quere reflectilo- e engadir algún elemento máis á caracterización económica de Lalín.

Se, por coller un indicador de referencia, se pensa que naquel ano de 2012 a poboación de Lalín supoñía o 2,1% da pontevedresa e o 0,7% da galega, unha primeira conclusión á luz do cadro nº 17 é que o peso do concello na industria, ao congregarse o 3,6% das actividades da provincia, era relativamente significativo, en especial en canto primeira transformación -3%- pero sobre todo nas manufacturas -o téxtil de xeito destacado-, onde absorbía un 4,3%.

Nun nivel semellante, cun 3,1% sobre o total provincial estaba a construción. Non obstante, tamén, e infelizmente, é notable que naquel período de referencia a contracción en número de actividades ata chegar a esas cifras, aínda así importantes, fose dun 16,6%, dobrando a caída provincial e do conxunto de Galicia.

No caso das actividades comerciais por xunto, tal e como testemuña o cadro nº 18, a importancia de Lalín era en 2012 menor, pero igualmente a súa contracción desde 2007 resulta máis intensa que a provincial e a da comunidade en conxunto.

Po lo que se refire ao comercio retalista, atendendo aos datos dos cadros nº 19 e 19 BIS, en primeiro termo a vocación comercial de Lalín queda probada pola disposición dun 2,6% do comercio polo miúdo especializado provincial, nomeadamente en non alimentación cun 3,5%, dado que en 2012 xa estaba consumada en Lalín a perda de peso dos retalistas independentes de alimentación en favor das

grandes cadeas de distribución, con establecementos, ben radicados na vila ben nos centros comerciais da súa periferia, estes xa coa condición de hipermercados.

Precisamente estes hipermercados e unha referencia sorprendente e non determinada na fonte a un gran almacén son os únicos casos en que a importancia de Lalín é salientable no conxunto da provincia en canto actividade comercial retalista non especializada.

É ademais o cadro nº 19 BIS o que fornece a referencia principal agora a destacar: unha perda dun demoledor 24,6% das actividades comerciais entre 2007 e 2012, que, non obstante, está no nivel da experimentada en Galicia en conxunto e na provincia.

En concorrencia con ese dato, o cadro nº 20, ademais de que permite engadir unha outra evidencia sobre o potencial e económico do concello en canto a unha significativa, por numerosa, presenza do sector financeiro, cando aínda non estaba re-estruturado, mostra no ramo da restauración e expedición de bebidas un peso do 2,4% sobre a provincia en conxunto, perfilando á alta o seu peso poboacional.

E se aquel 2,6% das actividades comerciais polo miúdo se encadraba nun retroceso dun 24,6%, parello ao da provincia, do que se deduce un mantemento do peso relativo, este 2,4% nestes ramos hostaleiros ten de ser menor que ao comezo da crise, pois para eles o retroceso, tamén segundo o cadro, foi do 29,9% e, así, uns 7 puntos maior que no conxunto daquela.

**C.17. CONCELLO DE LALÍN, PROVINCIA DE PONTEVEDRA E GALICIA EN 2012: ACTIVIDADES INDUSTRIAIS POR SUB-TIPO E DA CONSTRUCCIÓN. VALORES ABSOLUTOS E VARIACIÓN PORCENTUAL RESPECTO DE 2007.**

ÁMBITO TERRITORIAL	Industria	Enerxía e auga	Extracción e primeira transformación	Industria metálica e mecánica	Manufacturas	Construción	Variación 2007-2012 (%)
Lalín	189	7	20	42	120	220	-16,6
Pontevedra	5.257	236	668	1.561	2.792	7.064	-8,1
Galicia	1.6145	942	1.950	4.134	9.119	22.615	-7,9

Fonte: Instituto Lawrence R. Klein. Anuario Económico de España 2012. Ed. Servicio de Estudios de "La Caixa". Barcelona 2013.

44

**C.18. CONCELLO DE LALÍN, PROVINCIA DE PONTEVEDRA E GALICIA EN 2012: ACTIVIDADES COMERCIAIS POR XUNTO, POR TIPO. VALORES ABSOLUTOS E VARIACIÓN PORCENTUAL RESPECTO DE 2007.**

ÁMBITO TERRITORIAL	Maioristas	Materias primas agrarias, alim., bebidas e tabaco	Téxtiles, confección, calzado e coiro	Farmacia, perfumaría, mantemento e fogar	Artigos duradeiros	Inter-industrial	Outro inter-industrial	Outro non inter-industrial	Variación 2007-2012 (%)
Lalín	64	30	3	3	9	3	15	1	-22,5
Pontevedra	4.032	1.678	231	254	577	171	917	204	-13,7
Galicia	11.158	4.571	525	731	1.521	421	2.812	577	-14,4

Fonte: Instituto Lawrence R. Klein. Anuario Económico de España 2012. Ed. Servicio de Estudios de "La Caixa". Barcelona 2013.

**C.19. CONCELLO DE LALÍN, PROVINCIA DE PONTEVEDRA E GALICIA EN 2012: ACTIVIDADES COMERCIAIS ESPECIALIZADAS POLO MIÚDO POR TIPO E SUB-TIPO. VALORES ABSOLUTOS.**

ÁMBITO TERRITORIAL	Actividades comerciais especializadas polo miúdo	Alimentación	Al. tradicional	Al. supermerc.	Non alimentación	Roupa e calzado	Fogar	Resto de non alimentación
Lalín	430	91	85	6	338	88	76	174
Pontevedra	16.707	4.359	3.787	572	9.646	2.144	2.412	5.090
Galicia	53.315	13.863	12.005	1.858	30.922	7.020	7.510	16.392

Fonte: Instituto Lawrence R. Klein. Anuario Económico de España 2012. Ed. Servicio de Estudios de "La Caixa". Barcelona 2013.

45

**C.19.BIS. CONCELLO DE LALÍN, PROVINCIA DE PONTEVEDRA E GALICIA EN 2012: ACTIVIDADES COMERCIAIS NON ESPECIALIZADAS POLO MIÚDO, POR TIPO. VALORES ABSOLUTOS E VARIACIÓN PORCENTUAL DO CONXUNTO DE ACTIVIDADES COMERCIAIS POLO MIÚDO RESPECTO DE 2007.**

ÁMBITO TERRITORIAL	Actividades comerciais de comercio mixto e outros	Actividade de comercio de grandes almacéns	Actividade de comercio de hipermercado	Actividade de comercio de almacéns populares	Actividade de comercio de ambulante e mercadiños	Actividade de comercio de outro comercio	Variación actividades comerciais polo miúdo 2007-2012 (%)
Lalín	32	1	2	3	14	12	-24,6
Pontevedra	1.455	2	16	27	730	680	-27,4
Galicia	4.148	7	53	82	1.819	2.187	-26,2

Fonte: Instituto Lawrence R. Klein. Anuario Económico de España 2012. Ed. Servicio de Estudios de "La Caixa". Barcelona 2013.



**C.20. CONCELLO DE LALÍN, PROVINCIA DE PONTEVEDRA E GALICIA EN 2012 -2011 PARA AS CAIXAS DE AFORRO E BANCOS, 2013 PARA AS ENTIDADES DE DEPÓSITO-: CENTROS COMERCIAIS, ACTIVIDADES FINANCEIRAS, POR TIPO, E DE RESTAURACIÓN E BEBIDAS. VALORES ABSOLUTOS E VARIACIÓN PORCENTUAL DAS ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN E BEBIDAS RESPECTO DE 2007.**

ÁMBITO TERRITORIAL	Centros comerciais	Cajas de ahorros 2011	Oficinas de entidades de depósito 2013	Bancos 2011	Actividades de restauración y bares	Variación actividades de restauración y bares 07-12 (%)
Lalín	2	8	14	8	145	-29,9
Pontevedra	18	392	638	362	5.928	-22,6
Galicia	42	1.164	2.005	1.145	19.370	-23,0

Fonte: Instituto Lawrence R. Klein. Anuario Económico de España 2012. Ed. Servicio de Estudios de "La Caixa". Barcelona 2013.

46

**C.21. CONCELLO DE LALÍN, PROVINCIA DE PONTEVEDRA E GALICIA EN 2012: ALGÚNS INDICADORES SINTÉTICOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.**

ÁMBITO TERRITORIAL	Índice industrial	Índice comercial	Índice comercial maiorista	Índice comercial retalista	Índice de restauración e bares	Índice turístico	Índice actividade económica
Lalín	57	45	32	55	42	6	40
Pontevedra	1.689	2.004	2.187	1.863	1.901	894	1.618
Galicia	6.022	5.932	6.026	5.859	6.007	2.522	5.204

Fonte: Instituto Lawrence R. Klein. Anuario Económico de España 2012. Ed. Servicio de Estudios de "La Caixa". Barcelona 2013.

Xa como última ilustración, sempre desde aquela imperfecta pero expresiva referencia do peso demográfico dentro do total de Pontevedra -2,1%, lémbrese-, o cadro nº 21, ofrece uns índices máis complexos que permiten sintetizar así a participación de Lalín naquel ano de referencia na economía provincial, establecendo a relación porcentual entre os de cada ámbito:

- ✓ Na perspectiva conxunta que supón o índice de actividade económica<sup>10</sup>, Lalín contribuiría a ela e participaría cun 2,5%, na liña de indicadores xa comentados.
- ✓ Esa proporción é dun exíguo 0,7% segundo o índice turístico<sup>11</sup>. Este apuntamento é decisivo porque denota unha infra-explotación do potencial do concello neste nivel, unha cuestión sobre a que se volverá.
- ✓ Da súa parte, o índice industrial<sup>12</sup>, 3,4% do provincial, rubrica o significado do sector secundario -incluíndo a construción- lalinense na economía pontevedresa e, por tanto, dentro da actividade produtiva no concello mesmo.
- ✓ En comparanza, o 2,2% do índice comercial<sup>13</sup> resulta discreto e alerta, lembrando outros indicadores antes considerados, a pensar nun baixo rendemento económico das actividades, á marxe do seu

10.-Índice de actividade económica: índice comparativo da actividade económica en función do imposto de actividades económicas -IAE- correspondente ao total de actividades económicas empresariais -industriais, comerciais e de servizos- e profesionais. O valor do índice expresa a participación da actividade económica, en tantos por cen mil, de cada municipio, provincia ou comunidade sobre o conxunto da de España.

11.-Índice turístico: índice comparativo da importancia turística referido a 2012. Obtense en función do imposto de actividades económicas -IAE-, que se basea, á súa vez, na categoría de establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual -todo o ano ou parte do ano-, polo que constitúe practicamente un indicador da oferta turística. O valor do índice expresa a participación da actividade turística, en tantos por cen mil, de cada municipio, provincia ou comunidade sobre o conxunto da de España.

12.-Índice industrial: índice comparativo da importancia da industria -incluída a construción- referido a 2012. Este índice elabórase e formúlase como os dous precedentes.

13.-Índice comercial: índice comparativo da importancia do comercio -por xunto e polo miúdo- referido a 2012. Este índice elabórase e formúlase como os tres precedentes.

volumen en canto establecementos ou significado no emprego. En todo caso, o 1,5 do comercio por xunto é un 2,9% no desenvolto polo miúdo amortecendo un tanto aquela impresión primeira.

- ✓ O mesmo valor 2,2% resulta no índice referido ás actividades de restauración e bares<sup>14</sup>, co que, xa que tiñan un peso do 2,4%, volve insinuarse unha rendibilidade comparativamente discreta.

Esta alternancia de apuntamentos de significado relevante e de indicios críticos acaba por perfilarse observando un outro indicador que, pola súa natureza, non se fixo constar nos cadros. Trátase da cota de mercado<sup>15</sup>, obtida da mesma fonte para 2012, e que supón un peso na provincial dun 2,3%, insistindo na perspectiva dunha comparativa significación económica en termos de capacidade adquisitiva, que é o que, ao cabo vén medir ese indicador.

Porén, debe salientarse que esa cota, en concreto o índice, retrocedeu desde 2007 un 3,7%, mentres a de Pontevedra un 2,2% e a de Galicia un 0,9%, co que nesa perspectiva da capacidade de consumo resulta innegable que a crise incidiu con singular intensidade en Lalín.

Ao cabo, en razón de todo o devandito, como xa ocorría na interpretación desde evidencias descritivas que se enunciaba no apartado anterior deste capítulo, a consideración de datos estáticos secundarios deita evidencias de signo contraposto. Así, economía de Lalín aparece notablemente diversificada, cunha forte compoñente produtiva, malia a súa terciarización, e cun significado relevante no contexto provincial. Tamén, afectada pola contracción produto da crise, aínda que, con toda prudencia en razón do xenérico e parcial da análise dos datos secundarios manexados, esta non semella ter alterado

14.-Índice de restauración e bares -inclúe restaurantes, cafeterías, bares etc.-: índice comparativo da importancia destas actividades hostaleiras referido a 2012. Este índice elabórase e fórmulase como os catro precedentes.

15.-Cota de mercado: índice que expresa a capacidade de consumo comparativa dos municipios, provincias e comunidades referida a 1 de xaneiro de 2012. A cota de mercado elabórase mediante un modelo equivalente a un promedio de números índices das seguintes variables: poboación, números de teléfono, automóbiles, camiós, oficinas bancarias e actividades de comercio polo miúdo. Este índice, como os anteriores, expresa a participación, en tantos por cen mil, de cada municipio, provincia ou comunidade sobre o conxunto da de España.

substancialmente a súa estrutura de fondo, senón incidido singularmente nos seus rendementos.

Aínda así, falando nun plano estrutural, e de novo con toda cautela, cabería, por máis que iso excede o sentido e alcance do estudo emprendido, pensar razoablemente na viabilidade a futuro do sector local da construción co tamaño e impacto que viña tendo, o mesmo que no sorprendente que resulta -lémbrese aquel discreto índice turístico-, dados os evidentes valores e atractivos da contorna para o turismo rural, que só haxa 4 aloxamentos con esa orientación especializada no territorio do concello, entre outras eventuais consideracións.

Pero retomando a cuestión dos rendementos da actividade económica, aquela contracción ten obvias consecuencias en varias ordes:

- ✓ Depuración selectiva das iniciativas empresariais máis febles con perda de tecido nos sectores correspondentes.
- ✓ Redución de marxes, beneficios e investimentos para as que subsisten, que adoptan estratexias de supervivencia, con repercusións negativas no intercambio inter-empresarial, nas rendas salariais e no volume e calidade da ocupación.
- ✓ Aumento do desemprego, con consecuencias literalmente económicas e na cohesión social.
- ✓ E, en última instancia, aos efectos de interese deste estudo, contracción das rendas familiares dispoñibles e inhibición do consumo, o que insiste nun escenario de crise e acentúa, falando nun plano literalmente local, as dificultades de todo tipo para o sector terciario.

Este, ligado evidentemente en Lalín á loxística e os servizos ás empresas, pero en especial e de xeito destacado, á hostalería e o comercio, ven así agravada a súa propia crise estrutural -entendendo por tal a que os afecta, xa desde antes da económica xeral, nas iniciativas familiares ou de envergadura modesta en contextos locais semellantes ao de Lalín-, que circunstancias específicas positivas, sen

negala, foron permitindo conxurala en parte adiando unha resposta decisiva.

A estimulación deses ramos pasa pois, e ese é o sentido do plan que constitúe o horizonte deste estudo, por formular cal pode e debe ser o seu papel -e para iso é preciso determinar antes a súa realidade- en orde á satisfacción das actuais necesidades de consumo e lecer que se suscitan remitindo, de feito ou potencialmente, á vila de Lalín como espazo para esa satisfacción integrada.

Pero o certo é que iso obriga a considerar en termos semellantes o significado da vila como polo de atracción da demanda endóxena, municipal, comarcal e foránea, o que, á súa vez, esixe ter en conta o contexto municipal e comarcal nas súas evidencias e posibilidades.

Ata onde todo iso foi posible e razoable para definir un contexto nas súas claves máis reveladoras, en termos dun esforzo proporcionado aos efectos deste proxecto, queda plasmado en boa medida, a expensas doutras consideracións adicionais ou de detalle que se farán máis adiante, no capítulo que agora conclúe.

Desde as referencias así establecidas, pois, seguindo a secuencia expositiva comprometida, o vindeiro atenderá xa á información primaria xerada pola observación directa do casco urbano desde o punto de vista específico das súas condicións como marco da actividade deses ramos e do xeito en que estes se fan presentes nel.

### **III. UNHA APROXIMACIÓN POR OBSERVACIÓN DIRECTA AO ENTRAMADO URBANO DE LALÍN DESDE O PUNTO DE VISTA DA SÚA REALIDADE E POTENCIAL COMERCIAL E HOSTALEIRO.**

#### **III.1. INDICACIÓNS PREVIAS.**

Antes de plasmar os resultados do recoñecemento territorial por observación que se practicou -no máis principal, pois algúns apuntamentos desta orixe veñen de enunciarse páxinas atrás-, convén fornecer as mínimas referencias metodolóxicas previas para a súa plena comprensión.

Desde o punto de vista dinámico, a observación desenvolveuse en catro fases -incluíndo a última dúas accións distintas-. A primeira concretouse nunha visita guiada de familiarización cos límites, viais e elementos de referencia do casco, incluíndo unhas indicacións xerais sobre a súa xénese e evolución; visita efectuada en conxunto polo equipo de observadores<sup>16</sup>, dirixidos polos técnicos que redactaron este informe. De resultas desta fase estableceuse o perímetro de observación que se plasma no plano nº 1<sup>17</sup>.

Descritivamente, lendo o devandito plano, debe sinalarse que ese perímetro se estableceu, trazándoo no sentido das agullas do reloxo, nos termos seguintes:

- ✓ Partindo da Fonte dos Cabalos -onde se encontran as rúas da Ponte, Matemático Rodríguez, Principal e do Areal-, ao Norte do núcleo urbano tradicional, percorre en dirección Nordeste a Rúa do Areal, ata o seu empalme coa Rúa do Parque, que segue en dirección Leste ata a altura do Auditorio Municipal.
- ✓ Desde aí xira en dirección aproximada ao Sur buscando nunha liña imaxinaria a Rolda Leste.
- ✓ Por esta segue ao Sur ata a rotonda en que empalma coas avenidas de Buenos Aires e Madrid, que, nun punto diametralmente oposto á Fonte dos Cabalos, marca o seu fito máis meridional.

16.-Dous profesionais do cadro da empresa con experiencia concreta na aplicación desta metodoloxía.

17.-Recórdese que os planos se ofrecen en anexo.

- ✓ Sobe entón ao Norte, pola última das avenidas devanditas e a súa continuación na de Xosé Cuíña, ata a rotonda en que esta empata coa de Cruces e mais coa Rúa da Ponte.
- ✓ Nesa rotonda xira ao Leste e vai seguindo o trazado de sentido aproximado Sueste da tal Rúa da Ponte ata que esta conclúe, pechando o trazado pois, na Fonte dos Cabalos.

Evitando unha longa disquisición, cóidase que a xustificación de considerar o interior deste perímetro, que resulta así cunha forma cardioide, co trazado convexo delimitando o Norte e o vértice ao Sur, como núcleo principal e definitorio da vila de Lalín se estriba suficientemente na interpretación urbana ensaiada no capítulo precedente, no apartado II.1 máis en concreto, de xeito que deixa fóra as partes da aglomeración urbana segregadas claramente dese núcleo e con aquel carácter perimetral respecto del que entón se sinalou -Lalín de Riba en parte só-. Nese sentido é revelador que se recolla así, sendo os límites oriental e occidental vías de circunvalación, o núcleo orixinal, a súa zona de expansión -ata hai uns aproximadamente trinta anos- e un bordo que se foi resolvendo en zonas verdes e de equipamentos.

Así, en diante, cando se aluda a vila de Lalín deberá entenderse, salvante indicación en contra, que se fala convencionalmente da aglomeración urbana comprendida nese perímetro.

Definido neses termos, unha segunda visita, verificada polos mesmos profesionais, implicou, mediante a toma de notas, unha acumulación de observacións xenéricas que levou á determinación de catro zonas de observación. É importante deterse nesta estruturación zonal, que se reflicte no plano nº 2, porque, aínda que logo foi axustada, tivo unha intencionalidade deliberada.

O plan de acción comercial contempla xa "a priori", díxose, o desenvolvemento efectivo dun centro comercial aberto. En virtude dunha serie de criterios que se tratarán, pero nos que non cómpre aínda deterse, é unha evidencia que non require e ser explicada que o espazo urbano polo que ese centro teña de estenderse será unha parte a determinar, abranguendo a área máis central -por densidade de oferta, carácter emblemático na definición da poboación, concentración

doutros elementos de atracción etc.-, daquel delimitado polo perímetro descrito. Así, no seu momento, proporase razoadamente unha subdivisión interna dese espazo distinguindo nel:

- ✓ O centro comercial aberto, abranguendo unha área continua e ben perfilada, caracterizada por unha concentración da oferta hostaleira e comercial a constituír unha conxunta o máis integrada e equilibrada posible, que se conxugue harmonicamente coa trama urbana, de xeito que se asente sobre a parte desta de maior significado simbólico, densidade de elementos de atracción e dinamización de todo tipo, calidade e coherencia estética, e accesibilidade.
- ✓ Un área comercial urbana, comprendendo as zonas que, dentro do perímetro e con oferta comercial e hostaleira, non quedarían aínda así integradas naquel.

Segundo isto serían precisas apenas dúas zonas, non catro, pero, en primeira instancia, cumpriu xa subdividir xa a primeira desde un punto de vista ben concreto: a virtualidade da súa peonalización. En efecto, a peonalización, falando en xeral, é hoxe en día un dato característico de calquera espazo urbano de calidade concibido como zona de compras e lecer. Este feito e unha determinada aplicación efectiva, en extensión e grao, nalgúns viais no centro de Lalín levaron á distinción, dentro do ámbito que se presumía podería chegar a proporse como centro comercial, entre áreas idealmente peonís e non peonís, facendo abstracción das súas circunstancias actuais, e ben entendido que a peonalización non é un fin en si propio nin unha medida illada, senón un dato da dinámica de circulación interior dun centro comercial aberto.

En segundo lugar, como se pretendeu constituír as rúas e prazas nas unidades primarias de observación neste recoñecemento, a circunstancia concreta de que algunha, segundo os seus treitos ou beiras, participaba a un tempo das dúas primeiras aconsellou comprendelas, sempre aos efectos desta fase dos traballos, nun subconxunto especial.



Por tanto, tomando as rúas e prazas como unidades de observación, da segunda visita sistemática resultou unha articulación zonal, recollida no plano nº 2, que agrupa os tales viais comprendidos no perímetro previamente definido do xeito e polos motivos seguintes:

- ✓ Zona A, como conxunto de viais presumiblemente a integrar no centro comercial aberto configurando unha zona deste peonalizada.
- ✓ Zona B, como conxunto de viais presumiblemente a integrar no centro comercial aberto configurando unha zona deste non peonalizada.
- ✓ Zona A-B, como conxunto de viais presumiblemente a integrar no centro comercial aberto, pero que, segundo os seus treitos ou beiras, quedarían divididos entre as dúas zonas anteriores.
- ✓ Zona C, como conxunto de viais que, presumiblemente, non se integrarían no centro comercial aberto, pero que, por estar dentro do perímetro convencional que define a vila de Lalín e por dispor de oferta comercial e/ou hostaleira, se entenderían como área comercial urbana.

Tendo en conta a singularidade dos viais da Zona A-B configurando eixes continuos que se proxectan en liña, a consulta do plano amosa como a Zona A se correspondería coa área de maior significado comercial do casco urbano tradicional, mentres que a B vén circundar á anterior e a C, á súa vez, a esta.

Sobre esta articulación zonal aínda debe advertirse, insistindo en apuntamentos anteriores, que:

- ✓ Correspóndese coa interpretación da estrutura do núcleo que se verteceu no capítulo antecedente.
- ✓ Supoñendo a base da definitiva, que se tomou despois no seu momento como referencia da enquisa e que finalmente se recomenda, axustando esta, responde a un deseño intermedio e provisional froito dunha consideración preliminar dos criterios a tomar en conta -xa mencionados en termos moi xerais-. Ese deseño foi resultado dun estudo sobre plano e das dúas visitas sistemáticas primeiras mencionadas.

- ✓ A consideración da conveniencia ou non de peonalización, que implica a distinción entre as zonas A e B, fixo abstracción da realidade e dos eventuais plans a respecto desta, á marxe das posibles coincidencias; tamén das reaccións de diferente sentido percibidas nos informantes consultados nesta fase dos traballos, para, con aquela liberdade de criterio que se invocaba na Presentación, formulala desde unha perspectiva puramente técnica da dinámica de circulación de persoas e vehículos desexable para o centro comercial.

Establecida pois esta delimitación, un terceiro recoñecemento supuxo o percorrido exhaustivo dos viais e a selección dos seguintes para o cuarto; selección motivada pola posibilidade da presenza de locais susceptibles de uso comercial, fora este efectivo ou non, resultando así a seguinte relación de viais para cada zona:

- ✓ Zona A: Praza da Igrexa, Rúa Wenceslao Calvo Garra, Rúa Principal, Rúa Joaquín Loriga, Rúa Colón, Praza da Torre, Praza da Vila e Rúa X; un total pois de 8 viais.
- ✓ Zona B: Praza da Marina, Rúa de Melide, Rúa Pintor Colmeiro, Rúa da Calzada, Rúa Maruja Gutiérrez, Rúa B, Avenida de Buenos Aires, Rúa Rosalía Castro, Rúa da Molinera, Rúa Ramón Aller, Rúa do Observatorio, Rúa Matemático Rodríguez, Rúa Manuel Rivero, Praza de Europa, Rúa P, Rúa F -incompleta, pois continúa fóra do perímetro-, Rúa Z e Rúa Pardo Bazán; un total de 18 viais.
- ✓ Zona A-B: Rúa Monte do Faro, Rúa Pintor Laxeiro, Avenida Luís González Taboada, Rúa D e Avenida Alcalde Ferreiro; sumando así 5 viais.
- ✓ Zona C: Beira Sur da Rúa do Areal, Rúa de La Habana, beira Sur da Rúa da Ponte, Rúa T, Rúa da Garda Civil, Rúa Otero Pedrayo, Avenida da Estación, Rúa C, Rúa Memorias dun Neno Labrego, Rúa Penatoares, Rúa do Tirabeque, Rúa de Caracas, Paso da Cacharela, Rúa do Regueiriño, Rúa Fontesanguíña, Primeira travesía da Ponte, Rúa Castelao e Rúa Carlos Casares; como no caso da Zona A, outros 18 viais; por certo os cinco últimos dos enumerados sen locais comerciais, reais ou potenciais, en absoluto.

Con relación a todo o anterior, e adicionalmente, a lectura atenta do plano nº 2, que, como se dixo, reflicte estas delimitacións, e así a superficie obxecto do cuarto percorrido, dá conta de como o conxunto ao que se aplicou define unha trama coherente.

Porén, aínda así, hai que alertar así dunha outra convención importante para a plena comprensión dese plano nº 2: nel aparecen viais, non mencionados na listaxe anterior, entre eles treitos interiores dos que serven como límites do perímetro, sen asignación zonal. Isto obedece a que no terceiro recoñecemento xa non se apreciara, como se dixo, presenza de locais susceptibles de uso comercial e por iso non foron obxecto do cuarto recoñecemento; distinto é o caso daqueles últimos devanditos, que si foron obxecto del, aínda que sen resultado.

En definitiva, seleccionáronse para o cuarto recoñecemento 49 viais - usando sempre o termo en sentido lato, xa que inclúen prazas-, os devanditos 8 da Zona A, 18 da B, 5 da A-B e 18 da C, sendo ese o conxunto ao que se refire a análise obxecto deste capítulo.

É importante sinalar que o proceso de observación se iniciou cunha hipótese de partida: para a denominada Zona A a súa inclusión no ámbito dun posible centro comercial resultaba incuestionable, por obvias razóns, que, cóidase, se verían referendadas xa só co comentado no capítulo anterior.

Para a B trataríase apenas de dilucidar o seu grao de integración coa anterior e a entidade do comercio nela, como datos determinantes dunha opción naquel sentido.

Para a A-B, a finalidade era só, xuntamente con outros criterios, definir a delimitación dos treitos ou beiras dos viais para as fases seguintes asignándoos as tales zonas.

Por último, para a C, tamén se partía da hipótese de que os resultados insistirían na lóxica da súa exclusión.

Nesta altura cómpre dicir que, téndose efectuado os tres primeiros percorridos na semana do 20 ao 26 de xuño, o cuarto efectuouse ao longo dos días entre o 27 dese mes, luns, e o sábado 2 de xullo nesa mesma semana, por parte do mesmo equipo citado

Este último percorrido foi consignado no protocolo que se ofrece en anexo, que, posteriormente gravado, foi explotado mediante o programa estatístico SPSS versión 20.0 para extraer os datos que constitúen o máis substancial deste capítulo, singularmente dos apartados que seguen, por máis que se integren nel comentarios de índole máis xenérica, xa produto da observación mesma, xa derivados das consultas efectuadas de cara á contextualización ofrecida no capítulo anterior, xuntamente co produto dunha acción complementaria asociada ao cuarto percorrido que agora se explica.

Así, simultaneamente a este, e achegando unha serie de datos particulares que se consideran no apartado sobre urbanismo comercial, levouse a termo por parte dos técnicos unha acción de recoñecemento directo específico da área que se estende entre a rúas B e o eixo formado polas de Matemático Rodríguez e Ramón Aller, atendendo á medición das beirarrúas, situación de zonas de aparcamento, caracterización dos sentidos do tráfico, situación e caracterización do mobiliario urbano, localización de superficies de venda de alimentación de grandes marcas de distribución, localización doutros elementos de atracción etc.. Unha información que se sintetiza no plano nº 3.

Entón neste capítulo, a partir deste punto, tómase como materia principal os resultados do recoñecemento sistemático efectuado no cuarto percorrido, e no seu momento, naquel apartado, os da citada acción complementaria. Significa iso dar paso xa a un enfoque caracteristicamente cuantitativo, descritivo principalmente e, só cando é posible e pertinente, analítico. En todo caso, de cara á súa comprensión plena, convén ter presente o seguinte:

- ✓ Orixinándose os datos nun reconto e nunha observación sistemática, desde este segundo punto de vista, en canto a algúns xuízos de valor, estes responden a criterios de coherencia garantida nos axentes observadores entre si, pero, en último extremo, outro eventual observador distinto podería chegar, aínda que pouco probablemente, a matizalos. Pénsese que se trata de denotar descritivamente para medir déficits e elementos positivos, non de establecer un xuízo definitivo e perdurable.

- ✓ Por iso mesmo, a observación practicada, fóra dalgún comentario adicional, atende ao presente constatable e non especula pois obviamente con futuribles, fóra de cando se trata de recoller elementos en fase de instalación ou finalización que si se computaron.
- ✓ Doutro lado, con pretensión de exhaustividade, a observación, pola técnica seguida, homologada como práctica de recollida de información no ámbito das ciencias sociais, pode reportar pequenas inexactitudes de detalle na medida que en casos moi singulares o dato a recoller sería equívoco -por exemplo, en determinadas ocasións, un local pechado recentemente con carácter definitivo pode aparentar estalo só circunstancialmente-.
- ✓ Noutra orde de cousas, dado que a unidade de conta na maior parte dos datos observados é o vial, as incidencias así computadas non deben considerarse, sen máis, traducidas a superficies, senón como indicadores de referencia da extensión significativa de determinadas manifestacións observadas.


Xa por último, e antes de comezar, convén aínda advertir que para dispensar dunha referencia polo miúdo aos contidos da observación, á súa lóxica etc., optouse por estruturalos tematicamente nos apartados que seguen, ofrecendo tales indicacións ao fío deles mediante un texto enfocado con carácter discursivo.

Así pois, non perdendo de vista todo o anterior, iníciase xa o comentario dos resultados obtidos do proceso de rexistro por observación que materializou no cuarto percorrido. Denomínase convencionalmente como "recoñecemento previo", porque no referido aos locais reiterouse en parte ao desenvolver a posterior enquisa ao comercio e a hostalería, como se explica oportunamente no segundo documento entregado.

E para dar comezo, alén dos xa expostos, aos contidos pretendidos para este capítulo, un primeiro elemento que os centra e lle serve de base vén dado por aquela inclusión nas zonas definidas, pola súa posición en definitiva, dos 49 viais observados segundo a recolle visualmente o diagrama nº 1.

Entón, aqueles 8 da Zona A significan un 16%, correspondendo como se dixo á área máis central e que máis condensa o significado urbano da vila de Lalín; mentres, outros 18 viais, os que conforman a B, cun peso de algo máis de un terzo dos observados, circundan a aqueles, contribuíndo a ese significado cunha intensidade algo menor.

#### D.1. VIAIS DA DO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR ZONAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.


Da súa parte, outros 5, a décima parte, teñen un trazado que fai que, segundo o treito de que se trate, correspondan a unha destas dúas, e outros 18 máis, outro terzo máis que cumprido, veñen conformar finalmente aquel terceiro círculo concéntrico.

#### III.2. A PERCEPCIÓN MORFOLÓXICA E ESTÉTICA DOS ELEMENTOS ESTRUCTURAIIS DE ARTICULACIÓN.

Tomando como base esa distribución con que se redondeaban as indicacións previas, comezando por referirse aos aspectos máis xenéricos da morfoloxía urbana, en termos da materialidade e estética dos elementos básicos estruturais que a definen, a observación efectuada reporta informacións relevantes en distintos niveis. Así en primeiro lugar é importante sinalar que, téndose tipificado os viais en perspectiva da súa situación relativa, a súa distribución en virtude desa categorización é a que recolle o diagrama nº 2.

De conformidade con este, e aínda dada a notable indefinición dun nódulo central no conglomerado urbano, 10 deses viais hai que entendedos como centrais principais -rúas e prazas que articulan comercial e convivencialmente o ámbito urbano- e 6 máis, ligándoos entre si, como nexos e transversais entre os anteriores, centrais subsidiarios; mentres que algo máis de da metade, 26 en concreto, serían conceptuables como secundarios -viais de menor relevancia estrutural e con menor acumulación de dinamismo comercial e convivencial-, 2 como periféricos e 5 como lineais dinámicos, na medida que supoñen liñas de fuga da trama urbana que a proxectan.

#### D.2. VIAIS DO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR SIGNIFICADO. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

A lóxica da catalogación por significados, doutro lado, queda en evidencia na lectura do cadro nº 1, en canto a Zona A aparece caracterizada por viais centrais principais, dos que acumula a maior parte, mentres a Zona B caracterízase por viais secundarios, o mesmo que a C, viais que practicamente están só presentes nesas dúas zonas, sendo esta última a que case en exclusiva comprende viais periféricos e lineais dinámicos. Ademais é notable que a Zona A-B practicamente se circunscribe a viais de posición central nas dúas modalidades consideradas.

### C.1. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR SIGNIFICADO. VALORES ABSOLUTOS.


SIGNIFICADO	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Central principal	6	2	2	0	10
Central subsidiario	1	3	2	0	6
Secundario	1	11	1	13	26
Periférico	0	0	0	2	2
Lineal dinámico	0	2	0	3	5
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

En todo caso esta caracterización básica, que vén confirmar o xa advertido con valor xeral sobre a estrutura urbana da vila, permite avanzar xa de cara á morfolóxica, ambiental e funcional que definen estes viais que a conforman.

61

### D.3. VIAIS DO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR CARACTERIZACIÓN ARQUITECTÓNICA. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Fixándose así na caracterización arquitectónica, o diagrama nº 3 ofrece a evidencia, tamén coherente con apuntamentos anteriores de que non



hai no perímetro observado viais que en conxunto poidan cualificarse como de aparencia antiga ou tradicional, e si moderna -datando dos 70 e 80 do século pasado- en algo máis dun terzo cumprido dos casos, 18; recente, de entón a hoxe, 5 viais, ou mixta, 26, combinando caracteristicamente edificios con algunhas das cualificacións anteriores.

### C.2. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR CARACTERIZACIÓN ARQUITECTÓNICA. VALORES ABSOLUTOS.

CARACTERIZACIÓN ARQUITECTÓNICA	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Moderna	3	9	2	4	18
Recente	0	2	0	3	5
Mixta	5	7	3	11	26
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

62


Ademais, axeitándose á interpretación evolutiva ensaiada no capítulo anterior, os viais catalogados como de arquitectura moderna ou mixta están presentes nas catro zonas cun peso bastante axeitado ao do número total de viais en cada unha, aínda que na B vén concentrarse a metade dos de arquitectura moderna e na C case dous terzos dos que a teñen mixta, de maneira que aqueles caracterizados por unha arquitectura recente -entendendo por tal a xerada a partir dos anos 90 do pasado século- se distribúen nas zonas de expansión: B e C.

Formálizase así a evidencia dun casco urbano con pouca personalidade arquitectónica, en canto susceptible de xerar un atractivo estético ou cultural, tanto en conxunto como en viais e espazos definidos dentro del, á marxe, naturalmente, da existencia de elementos singulares que si poden ter un certo interese.

Abundaría neste sentido a medición de coherencia estética xeral que se formulou, e que se reflicte no diagrama nº 4, xa que este é un elemento que sintetiza a aproximación ás calidades e problemas desa índole. Porque, xustamente o xuízo convencional formulado sobre a coherencia nese nivel dos viais tomados como unidades de observación

é a base de calquera virtual intervención de conxunto ao respecto, á marxe dun xuízo literalmente de calidade estética.

#### D.4. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR GRAO DE COHERENCIA ESTÉTICA. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Pois ben, consonte ao diagrama, só un 14,3% dos viais gardarían unha coherencia estética alta, distribuíndose o resto entre aqueles para os que debe entenderse normal ou baixa, con certo predominio destes últimos.

#### C.3. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR GRAO DE COHERENCIA ESTÉTICA. VALORES ABSOLUTOS.

COHERENCIA ESTÉTICA	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Baixa	2	11	2	7	22
Normal	4	7	3	6	20
Alta	2	0	0	5	7
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>


Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Doutro lado, de acordo co cadro nº 3, esa coherencia resulta elevada en 2 viais da Zona A e en 5 da C, ao tempo que o perfil peor en conxunto se dá na B.

En todo caso, cómpre referirse agora a algúns trazos particulares que completan esta visión xenérica e, en boa medida, serven para xustificala.

A existencia de edificios ruinosos e a eventual presenza e impacto de actividades construtivas foron as manifestacións ás que en particular se atendeu.

#### D.5. VIAIS DO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR EXISTENCIA DE EDIFICIOS RUINOSOS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

#### C.4. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR EXISTENCIA DE EDIFICIOS RUINOSOS. VALORES ABSOLUTOS.


EDIFICIOS RUINOSOS	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Si	1	5	1	4	11
Non	7	13	4	14	38
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Así que xa nesa perspectiva é destacable, en primeiro lugar e agora en sentido positivo, que a presenza de edificios ruinosos, como factor que deteriora a paisaxe urbana e lle resta atractivo, afecte, segundo o diagrama nº 5, só a pouco máis dunha quinta parte dos viais na área estudada e se circunscriba, de acordo co cadro nº 4, case ás zonas B e C.

Igualmente, e considerándoo as obras nunha perspectiva de impacto visual, de acordo co diagrama nº 6 e o cadro nº 5, e tendo en conta a posibilidade de que se dea a un tempo actividade de rehabilitación e construtiva de novos edificios, hai só unha moi discreta en conxunto no perímetro estudado.

#### D.6. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR ACTIVIDADE CONSTRUTIVA. FRECUENCIAS PORCENTUAIS.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Detallando o anterior, en 41 viais en concreto non hai ningunha en absoluto; en 2 da Zona A e 1 da B, 3 en total, de rehabilitación; en 1 da Zona A-B e 2 da C, outras 3 en suma, de construción nova, e en 2 máis, 1 na B e outra na A-B, de construción e rehabilitación a un tempo.

En calquera caso, excedendo a literalidade da transcripción dos datos recontados, que, ao cabo veñen abundar na interpretación urbana que se facía no Capítulo II, pode "grosso modo" sinalarse unha ausencia

xeneralizada de actividade construtiva notoria que, ademais, reflicte a atonía económica sentida na vila neste momento.

**C.5. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR ACTIVIDADE CONSTRUTIVA. VALORES ABSOLUTOS.**

ACTIVIDADE CONSTRUTIVA	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Nula	6	16	3	16	41
Rehabilitación	2	2	1	0	5
Construción	0	1	2	2	5
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>19</b>	<b>6</b>	<b>18</b>	<b>51</b>
<b>N</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.


Con todo, hai outras posibilidades que definen a aparencia xeral dos viais e veñen dados tamén polo impacto visual, en xeral negativo, de viadutos, vías férreas, estradas e canles que se cruzan ou corren paralelos a aqueles; tamén da ruptura de continuidade edificatoria pola concorrencia de solares e peches destes. Uns e outros conforman unha sorte de paisaxe adicional.

Sexa como for, lendo o diagrama nº 7 e os cadros nº 6 e 7 resulta que a primeira desas eventualidades afecta a uns poucos viais, só nas zonas B e C, e cun número de elementos escaso.

En todo caso, só 22 do total carecen por completo destes elementos de paisaxe adicional e veñen corresponderse por tanto coa suma dos 13 da zona A e 9 máis nas outras.

Con idénticas ilustracións, insistindo no xustado da proposta de zonas, é novamente na B e C onde se manifesta a segunda virtualidade, a presenza de solares e peches, que, segundo o diagrama, atinxe así á metade cumprida do conxunto dos viais observados.

### D.7. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR PRESENZA DE ELEMENTOS DE PAISAXE ADICIONAL. FRECUENCIAS PORCENTUAIS.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

67

### C.6. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR PRESENZA DE ELEMENTOS DE PAISAXE ADICIONAL. VALORES ABSOLUTOS.

ELEMENTOS DE PAISAXE ADICIONAL	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Viadutos, vías e canles transversais	0	2	0	3	5
Viadutos, vías e canles paralelos	0	1	0	2	3
Solares e peches intermedios	0	12	0	13	25
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>15</b>	<b>0</b>	<b>18</b>	<b>33</b>
<b>N</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Ademais, atendendo aos recontos que fai o cadro nº 7, en canto aos elementos concretos de que se trata, as referencias remiten principalmente ao Río Pontiñas e algún fluxo converxente, visible desde varias rúas, e ás escaleiras que une as rúas Rosalía de Castro e Ramón Aller mediando Pardo Bazán.

Polo que respecta ao número de solares e peches contáronse 62, distribuídos en igual número nas rúas das zonas B e C, afectando,

segundo o cadro a 25 viais, do que pode tirarse unha incidencia numérica baixa por número de casos nos afectados: como media- $\bar{X}$ - $\bar{X}=2,6$  e  $\bar{X}=24$  por vial nas zonas B e C, respectivamente; impresión que non nega o indubidablemente negativo do impacto visual referido.

### C.7. ELEMENTOS DE PAISAXE ADICIONAL PRESENTES NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL. VALORES ABSOLUTOS.

ELEMENTOS DE PAISAXE ADICIONAL	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Viadutos, vías e canles transversais	0	2	0	3	5
Viadutos, vías e canles paralelos	0	1	0	2	3
Solares e peches intermedios	0	31	0	31	62
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>34</b>	<b>0</b>	<b>36</b>	<b>70</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

E xa desde estes elementos de caracterización xeral dáse paso, incluíndo agora tamén os datos tirados da acción complementaria de observación que acompañou ao recoñecemento<sup>18</sup>, a unha toma en consideración da suma dos obtidos que contribúen a trazar un perfil da vila de Lalín en termos de urbanismo comercial.

### III.3. UNHA APROXIMACIÓN AOS ELEMENTOS CHAVE DO URBANISMO COMERCIAL DA VILA.

#### III.3.1. Os elementos dinámicos e materiais relacionados co acceso á vila e a circulación nela.

O urbanismo comercial vén dado pola suma de factores a incidiren no acceso ás áreas urbanas con esa orientación, na circulación do público no interior destas, na accesibilidade aos establecementos e, en xeral, na súa ordenación, disposición de mobiliario, estética, conservación estrutural e de elementos adxectivos etc., desde o punto de vista de que coherencia confiren a aquelas de cara a reforzar o atractivo do conxunto da oferta que integran e de en que medida propician experiencias gratificantes de consumo nun espazo humanizado, acolledor e con personalidade.

18.-Vid. páx. 57.

No caso da vila de Lalín, para tomar en conta esa suma de factores dispúxose neste estudo, como xa se mencionou, dos resultados dunha observación sistemática, da que se tirarán fundamentalmente recontos e comentarios explicativos que se enían nesta exposición, ademais dos datos recollidos nunha acción específica complementaria de información sintetizada no plano nº 3<sup>19</sup>, e dalgunhas informacións adicionais obtidas mediante consultas directas ou de fontes secundarias que tamén se incorporan neste apartado.

E este epígrafe, dentro del, comeza por atender á cuestión de como se accede desde fóra del ao núcleo central da vila de Lalín, tomado como referencia e pensando na perspectiva dun centro comercial aberto, e que elementos e determinantes inflúen en como se materializa ese acceso e a posterior circulación, en automóbil ou a pé nel, incidindo naquela experiencia.

Desde logo un primeiro dato, e o plano nº 3 ilustra inequivocamente, é que a vila responde aínda na súa ordenación da circulación, en continuidade coa interpretación que fixo do núcleo, en gran medida a un modelo en que actúa como colector de tráfico rodado. Neste sentido, se as circunvalacións evitan o paso de tráfico pesado, o plano devandito demostra como na grella central, fóra duns poucos segmentos peonalizados, o tránsito é de dobre sentido, nomeadamente en rúas que se cualificaron como centrais principais, secundarias, periféricas e lineais dinámicas: por exemplo, en eixes como o Rúa de Melide-Rúa B, Rúa D-Avenida de Luís González Taboada, Rúa Matemático Rodríguez-Rúa Ramón Aller, limitándose o de unha dirección as transversais máis estreitas e ao eixe Rúa Principal-Rúa Joaquín Loriga-Avenida de Buenos Aires, no percorrido das dúas primeiras, con algún caso singular de dobre carril nunha soa dirección.

Ademais, o dobre sentido está asociado ao estacionamento, comunmente nun dos laterais -no primeiro eixe citado, nos dous-.

Non é obxecto deste estudo revisar nin propor alternativas á ordenación do tráfico, pero si sinalar que en perspectiva de activación comercial semella razoable contemplar unha ampliación do ámbito


---

19.-Recórdese que se ofrece en anexo.



peonalizado e considerar a virtualidade dunha maior humanización do espazo urbano estudado, aínda a expensas das facilidades de circulación. Con todo, antes de perfilar máis ao respecto convén ler a información que, froito do reconto por observación no recoñecemento, presentan o diagrama e o cadro nº 8.

#### D.8. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR PRESENZA DALGUNHAS MANIFESTACIÓNS RELACIONADAS CO TRÁFICO RODADO. FRECUENCIAS PORCENTUAIS.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

#### C.8. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR PRESENZA DALGUNHAS MANIFESTACIÓNS RELACIONADAS CO TRÁFICO RODADO. VALORES ABSOLUTOS.

MANIFESTACIÓNS RELACIONADAS CO TRÁFICO RODADO	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Peonalización total ou parcial	4	2	0	0	6
Elementos de articulación provisorios	2	0	0	0	2
Dobre fila en horario principal	1	1	4	0	6
Tráfico pesado sen descarga	0	0	0	0	0
Facilitade de aparcamento -inclúe inmediacións-	3	16	2	16	37
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>19</b>	<b>6</b>	<b>16</b>	<b>51</b>
<b>N</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Entón, léndoos, a primeira constatación, redundante en canto é froito da evidencia que se tira da evolución e funcionalidade da trama vial que circunda a vila, é a ausencia absoluta de tráfico pesado no interior desta.

Logo, o segundo que chama a atención, malia xa se teña advertido indirectamente, é que é moi xeneralizada á maior parte dos viais a facilidade de estacionamento e só, na literalidade do criterio aplicado, exclúe un número relativamente significativo das zonas A e A-B, aínda que isto, como se verá, deba relativizarse. Sexa como for, en 1 e 4 viais, respectivamente, destas dáse durante o horario comercial o fenómeno da dobre fila, que afecta a outro na Zona B e a ningún da C.

En concreto, en tratándose de viais peonís, as referencias son á Rúa Colón e ás prazas da Igrexa, da Vila e da Torre, así como á Rúa do Observatorio -na súa parte máis alta- e á Praza de Europa, non se computando a da Rúa Principal -na fin de semana- nin a dun treito de Rosalía Castro -cun carácter máis circunstancial, pero tamén na fin de semana-. Ademais, porque é peonil de feito, en diante alúdese como tal, aínda que aquí non se computou, a Rúa X.

Doutro lado, na A, indesexablemente, subsisten en 2 viais elementos de articulación provisorios -un deles a cancela que pecha a Rúa Principal con aquela finalidade-.


Atendendo en particular á cuestión do estacionamento, a virtualidade deste é, xa só co comentado, alta. Pero ademais hai que engadir que se dispón de espazos específicos a tal efecto no antigo campo da feira á beira da Praza de Abastos e no estacionamento Aldea Grande, por baixo da Praza de Europa, téndose constatado en varias visitas que este último está de xeito evidente infra-utilizado, o que suscita a cuestión da súa mala integración na trama circulatoria. Por iso dicíase que debía relativizarse aquela comparativa falta de facilidade -así catalogada pola saturación observada do espazo a tal efecto nelas- en determinadas rúas do centro

Con todo, anticipándose á enquisa, e mesmo por impresión directa, sen entrar a xulgar o seu significado real, o certo é que pode haber un certo sentir social, en especial nos propietarios de negocios na vila, de

que existen restricións severas ao tráfico e ao estacionamento que os penalizan, non obstante, a acumulación de datos obxectivos en contra. Mentres, noutra perspectiva, pero converxente, pode estar o parecer da poboación residente, e non obstante vaise ver que o número de vaos é elevado, ademais de que, nunha eventual evolución a futuro que minguase o número de prazas de estacionamento libres ao longo das rúas, caberían medidas específicas -de acceso a garaxes, estacionamento en superficie ou a cuberto-, xa ensaiadas con éxito noutras localidades, para atender as necesidades singulares dese colectivo.

En definitiva, tanto os datos consignados na aparataxe gráfica como no plano que se vén aludindo, confirman que Lalín, aínda que poida haber unha inercia social respecto de fórmulas que privilexiaban o paso e o estacionamento de vehículos sobre unha orientación predominante á humanización e á peonalización do espazo urbano, ten un potencial non explotado para avanzar nese sentido, como un medio de mellorar a calidade da contorna en que emprazar a oferta comercial e de lecer a integrar no seu día no centro comercial aberto.

#### D.9. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR PRESENZA DE ELEMENTOS DE ARTICULACIÓN EN RELACIÓN CO TRÁFICO. FRECUENCIAS PORCENTUAIS.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Pero adiando as eventuais recomendacións –de orde xenérica en todo caso- que se farán no seu momento e continuando coa percepción morfolóxica da realidade actual en relación co acceso ao centro de Lalín e co tráfico rodado nel, convén completar a visión anterior en canto á existencia doutros elementos ata agora non comentados, computando en cantos viais aparecen e, particularmente, con que frecuencia; unha observación que require o auxilio do diagrama nº 9 e dos cadros nº 9 e 10 -este recontando os tales elementos-.

#### C.9. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR PRESENZA DE ELEMENTOS DE ARTICULACIÓN. VALORES ABSOLUTOS.

ELEMENTOS DE ARTICULACIÓN	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Zonas de carga e descarga	4	8	3	0	15
Paradas de autobús	0	2	0	0	2
Paradas de taxis	1	1	0	1	3
Pasos de peóns	6	15	5	16	42
Saídas de vehículos	6	18	5	18	47
<b>TOTAL</b>	<b>17</b>	<b>44</b>	<b>13</b>	<b>35</b>	<b>109</b>
<b>N</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

#### C.10. ELEMENTOS DE ARTICULACIÓN PRESENTES NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL. VALORES ABSOLUTOS.

ELEMENTOS DE ARTICULACIÓN	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Zonas de carga e descarga	8	11	4	0	23
Paradas de autobús	0	2	0	0	2
Paradas de taxis	1	1	0	1	3
Pasos de peóns	10	79	29	61	179
Saídas de vehículos	91	125	46	85	347
<b>TOTAL</b>	<b>110</b>	<b>218</b>	<b>79</b>	<b>147</b>	<b>554</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.


Así, da lectura desas ilustracións resulta a seguinte síntese:

- ✓ Menos 2 viais da Zona A, que carecen delas por completo, todos os observados, como xa se anunciara, teñen saídas de vehículos marcadas como vaos, acumulándose 347 cunha alta densidade comparativa nesa zona precisamente; unha outra referencia, indirecta neste caso, a un volume significativo de prazas de aparcamento especificamente de residentes.
- ✓ Tamén en 8,5 de cada 10 viais, en 42 para ser exactos, hai paso de peóns, sumando estes 179, os máis deles, por obvias razóns, nas zonas B e C.
- ✓ As paradas de autobuses -na Zona B as 2 identificadas: Avenida de Buenos Aires -na súa parte alta, preto xa do cruzamento coa Rúa B- e Matemático Rodríguez- e taxis -3 en total, distribuídas entre as zonas A, B e C: Avenida da Estación, Rúa Colón e Rúa da Calzadason elementos singulares, que se ben teñen un significado na articulación urbana, deben considerarse na perspectiva do acceso á vila, en especial desde a súa contorna.
- ✓ E xa polo que se refire a zonas de carga e descarga, que si constitúen unha necesidade obxectiva do comercio e a hostalería, non as hai na Zona C, e veñen estar presentes, falando en xeral, na metade en cada caso dos viais das outras tres, de maneira que se concentran nas A e B.
- ✓ Doutro lado, non constando no cadro, pois observáronse ao levantar o plano, existen na grella central do núcleo da vila, reflectida no plano nº 3, 6 prazas de estacionamento para minusválidos ás que hai que sumar algunha máis non recollida nel pero dentro do perímetro.

Ao fío disto cabe unha reflexión xeral sobre a accesibilidade, pero esa remítese á fin deste epígrafe, que debe agora a un dato importante xa na perspectiva da circulación dos peóns: as beirarrúas e as súas condicións.

Entón, considerando que unha beirarrúa é estreita<sup>20</sup> se non permite con comodidade o paso simultáneo de dúas persoas cargadas con bolsas nas dúas mans; normal se permite camiñar xuntas a dúas persoas con bolsas de compra e, cun esforzo mínimo, cruzarse cunha terceira, e ancha en excedendo esa capacidade, resulta que, de acordo co diagrama nº 10, hai proporcións discretas de viais con beirarrúas descontinuas e estreitas, e unha algo maior sen beirarrúas, o que non hai que asociar literalmente a falta de urbanización senón principalmente a prazas sen tráfico rodado.

#### D.10. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR EXISTENCIA E CARACTERÍSTICAS DAS BEIRARRÚAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

De feito, o indicador menos satisfactorio, a descontinuidade, corresponde en exclusiva, segundo o cadro nº 11, á Zona C -un caso salientable é o da Primeira Travesía da Ponte, onde se conxuga a contigüidade das casas ao río e á calzada coa existencia de beirarrúas;

20.-A todos os efectos dos comentarios sobre accesibilidade plasmados neste informe a súa intención é descritiva e prescinden, pois, de referencias normativas, en particular das contidas na "Lei Galega 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade" e mais no "Decreto 35/2000, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da "Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia"", ao que remite aquela pendente de desenvolvemento regulamentario.

outro caso a tomar como exemplo é a Rúa da Garda Civil, ou a do Tirabeque, esta porque non está completa a súa urbanización-, o mesmo que á B o feito aqueloutro de que sexan estreitas -segundo plano, por exemplo os, 1,57 m. nunha das marxes e nun treito da Rúa da Molinera, ou o apenas 1 m. na de Manuel Rivero-, mentres que a ausencia, nos termos comentados, se concentra na Zona A -no eixo formado pola Rúa Principal-Rúa Joaquín Loriga na Zona A é onde se rexistran as medidas de maior anchura -4,55 m.-. Así, o común na vila de Lalín, presente nas catro zonas pero característico nas zonas B e C, son as beirarrúas con aquel espazo cualificado de normal e, en menor medida, ancho.

#### **C.11. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR EXISTENCIA E CARACTERÍSTICAS DAS BEIRARRÚAS. VALORES ABSOLUTOS.**

BEIRARRÚAS	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Sen beirarrúas	4	1	0	1	6
Descontinuas	0	0	0	3	3
Estreitas	0	4	0	0	4
Normais	2	10	2	10	24
Anchas	2	3	3	4	12
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>


Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

A este respecto, a consulta do plano revela como, por exemplo, no eixo formado polas rúas de Melide e B, na Zona B, pásase dun ancho de 1,95 a un de 2,05. Mentres que no eixe Rúa D-Avenida de Luís González Taboada, na A-B, máis céntrica, segundo treitos e beiras hai valores desde e 2,90 m. a 3,27 m., chegándose nalgún punto singular a 4,20 m. Con todo os valores constantes máis altos están na Rúa Principal e na súa continuación na Rúa Joaquín Loriga con 4,55 m., sendo de notar que está en relación cun sentido único do tráfico e cunha presenza densa e regular de elementos de mobiliario urbano e humanización como logo de comentará.

Precisamente un indicador en canto humanización e calidade da articulación singular dos viais vén dado pola observación de se o

trazado das beirarrúas é ou non diferencial para responder á delimitación de espazos para carga e descarga, disposición de mobiliario urbano e elementos vexetais, paradas para o transporte público etc., e que debe entenderse como factor favorable de cara a unha circulación adecuada, tanto peonil como de vehículos, na liña da ordenación que se está a tratar.

#### **D.11. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR EXISTENCIA DE TRAZADO DIFERENCIAL DAS BEIRARRÚAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



**Fonte:** Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

E outra vez máis, partindo da lectura conxunta dun diagrama e un cadro, neste caso idénticamente os nº 11 e 12 respectivamente, resulta que agora ese dato é positivo en 6 de cada 10 viais do casco urbano de Lalín, tendo en conta que na zona A, xa que 4 viais carecen delas, en 3 das outras 4 é así, o mesmo que -tendo en conta esa limitación previa desa virtualidade- está menos presente na Zona B, é característica da A-B e moi dominante na C, aínda que nos viais desta conflúen varias circunstancias, pero que non se corresponden con zonas de carga e descarga, que, como se comentou, non están definidas nelas e si nas outras tres, e se concentran nas zonas A e B.; é dicir: canto máis céntricos son os viais e máis severa a súa ordenación, por seren de maior densidade comercial, o que comporta



tamén máis elementos de humanización incidindo neste trazado diferencial.


#### C.12. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR EXISTENCIA DE TRAZADO DIFERENCIAL DAS BEIRARRÚAS. VALORES ABSOLUTOS.

TRAZADO DIFERENCIAL DE BEIRARRÚAS	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Si	3	10	4	13	30
Non	5	8	1	5	19
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Mais sobre as beirarrúas observouse aínda o seu estado de conservación, o mesmo co das calzadas, cos resultados que constan nos diagramas nº 12 e 13 e nos cadros nº 13 e 14.

#### D.12. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR CONSERVACIÓN DAS BEIRARRÚAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Segundo esas ilustracións, os niveis de conservación percibidos das beirarrúas e calzadas deben xulgarse como predominantemente bos, en proporcións á volta dos 6 de cada 10 viais, un pouco máis minguada


en tratándose da conservación de beirarrúas<sup>21</sup>-, en tanto hai unha pequena proporción -4 viais en canto beirarrúas e 5 con relación á calzada- á que debe referirse unha mala conservación, correspondendo o resto cunha correcta etiquetada como normal.

### C.13. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR CONSERVACIÓN DAS BEIRARRÚAS. VALORES ABSOLUTOS.

CONSERVACIÓN DAS BEIRARRÚAS	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Mala	1	3	0	0	4
Normal	0	6	2	8	16
Boa	7	9	3	10	29
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

### D.13. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR CONSERVACIÓN DA CALZADA. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Nunha perspectiva zonal, a Zona A, contendo nos dous casos un apuntamento negativo -referidos os dous á Rúa X-, é non obstante a que ofrece un mellor perfil conxunto, ao tempo que o Zona B resulta a

21.-Aos 6 viais sen elas imputóuselles convencionalmente un estado normal.

peor nos dous casos, de xeito que tamén nos dous as C e A-B, quedan en posición intermedia e veñen caracterizarse -a C para a conservación das beirarrúas pero non das calzadas, cun marcado predominio da conceptuada como boa- por un certo equilibrio entre niveis correctos e satisfactorios prevalecendo un pouco estes.


#### C.14. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR CONSERVACIÓN DA CALZADA. VALORES ABSOLUTOS.

CONSERVACIÓN DA CALZADA	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Mala	1	3	0	1	5
Normal	1	5	2	5	13
Boa	6	10	3	12	31
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Mais na perspectiva principal deste apartado, a da accesibilidade, convén agora fixarse noutro aspecto relevante que ten unha compoñente menos estrutural e máis funcional: a sinalización.

#### D.14 VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR VALORACIÓN DA CALIDADE E PRESENZA DE ELEMENTOS DE SINALÉTICA. FRECUENCIAS PORCENTUAIS.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Observouse esta en tres sentidos distintos: a clara identificación mediante placas dos viais, a claridade da numeración interna en cada un, a existencia de sinalización urbana interna referida ás principais rúas, monumentos e servizos, cos resultados que transcribe o diagrama nº 14.

De acordo con este, practicamente 9 de cada 10 viais teñen unha identificación e unha numeración inequívocas, porén pouco máis da metade teñen enclavados sinais que dean conta do camiño cara a aqueles diversos equipamentos, oficinas públicas e lugares de interese.

É así que o cadro nº 15 ilustra o feito de que esa carencia afecta especialmente as zonas B e C, así como que son a A e a A-B as que en conxunto están mellor sinalizadas.

#### C.15. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR VALORACIÓN DA CALIDADE E PRESENZA DE ELEMENTOS DE SINALÉTICA. VALORES ABSOLUTOS.

SINALÉTICA	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Identificación clara	8	15	5	14	42
Numeración clara	8	14	5	17	44
Sinais urbanos	5	9	4	9	27
<b>TOTAL</b>	<b>21</b>	<b>38</b>	<b>14</b>	<b>40</b>	<b>113</b>
<b>N</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>


Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Nunha perspectiva igualmente utilitaria, pero volvendo á literalidade da configuración material dos viais, está a cuestión de en que medida inciden neles as barreiras arquitectónicas, entendendo que esa incidencia é nula ou baixa se unha persoa en cadeira de rodas pode sen axuda ningunha circular libremente e cruzar o vial en cuestión, media se nalgún punto singular precisaría de axuda a tal fin, e alta cando en calquera caso precisara dela para circular polo vial e eventualmente cruzalo.

A este respecto, o diagrama nº 15 ofrece a evidencia de que só 6 viais dos 49 observados presentan unha incidencia alta, mentres que o resto

se distribúen segundo esta deba considerarse media ou baixa. Unha información que, completada no cadro nº 16, leva a considerar que esa tónica pódese entender a propia non só do conxunto, senón tamén de calquera zona das consideradas.

#### D.15. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR GRAO DE INCIDENCIA DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

#### C.16. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR GRAO DE INCIDENCIA DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. VALORES ABSOLUTOS.

INCIDENCIA DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Nula ou baixa	4	8	2	7	21
Media	3	8	3	8	22
Alta	1	2	0	3	6
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Chegados a este punto e expostos os resultados da observación segundo os dous procedementos practicados, cómpren aínda uns poucos comentarios adicionais ao respecto.

O primeiro vai no sentido apenas de apuntar un dato do que se fixo abstracción pero que se mencionaba no capítulo precedente: a inclinación da vila cara ao Oeste despregándose nunha enfesta, a considerar agora como un certo elemento disuasorio para o acceso ao centro desde a parte baixa situada nesa banda, cando menos para peóns de certa idade ou con algunha limitación de mobilidade. Pola contra, ese significado non o ten a costa, menos pronunciada, que eleva a vila cara ao Sur. En todo caso, aquel dato anterior insiste no interese de potenciar e integrar máis na dinámica circulatoria o aparcamento Aldea Grande, baixo a Praza de Europa, toda vez que o núcleo que se está analizando ten unha dimensión cómoda para ser percorrido a pé.

O segundo ten a ver cun asunto non tratado pero importante, as posibilidades de acceso á vila mediante transporte público. E a súa importancia deriva da necesidade de garantir e aínda potenciar a dimensión de proximidade coa contorna municipal e aínda comarcal do comercio e os servizos radicados naquela.

Desde ese punto de vista, dado que nin por frecuencia nin por proximidade o tren ten significado ningún, como xa se advertira no capítulo precedente, e mencionadas xa as paradas de taxis, que se emprazan -e desde ese punto de vista son lugares de saída, non de chegada- cubrindo ben -nunha sorte de triángulo imaxinario oposto ao que debuxa este- a parte do perímetro con maior densidade comercial e de servizos, así como as de autobuses, resulta que estas últimas se orientan nun caso á saída da Vila cara ao Norte -Matemático Rodríguez na altura da Praza da Torre- e noutro á entrada nela desde o Sur -Avenida de Buenos Aires, pero limitada ao estacionamento de transporte escolar.

Por tanto, con carácter xeral, tendo en conta as paradas sinalizadas, o punto de acceso á vila en transporte público colectivo dentro do perímetro estudado é a estación de autobuses.

Entón, suplementando a información específica deste epígrafe coa adicional que supón a consideración das liñas correspondentes a ese

medio de transporte, nunha síntese rápida podería sinalarse o seguinte:

- ✓ Con percorridos de carácter comarcal ou practicamente, cabe citar: 6 servizos de Lalín á Vila de Cruces, e á inversa, de luns a venres - 4 pasan pola Goleta e 2 por Cercio-, e 1 os sábados -pola Goleta-.
- ✓ De ámbito municipal son os percorridos de Lalín ao Corpiño e volta, 2 de luns a venres, e a Samprizón, na parroquia de Lebozán, e volta, 1 os martes e xoves.
- ✓ Con Lalín como cabeceira e termo, hai servizos cara a e desde Monforte, co destino e a orixe en 1 caso delongada ata e desde o Barco de Valdeorras. De luns a venres hai 2 en cada sentido, e 1 o sábado e domingo. Tradicionalmente úsase como comunicación entre Lalín e Rodeiro e á inversa.
- ✓ Con Lalín e a Estrada como terminais hai 1 servizo en cada sentido de luns a venres.
- ✓ Como punto intermedio das liñas que unen Ourense e Santiago e posible á vila de luns a venres mediante 8 servizos -un procedente do Carballiño, outro do Barco de Valdeorras e os outros 5 daquela cidade-. En fin de semana ese número redúcese a 5 e nas fins de ponte a 1. Naturalmente eses servizos permiten viaxar a Santiago. En xeral manteñen as paradas tradicionais nos concellos próximos e no de Lalín que están obviamente no trazado da N-525. Con iguais características, hai obviamente servizos en sentido inverso, pero curiosamente en menor número: 6 de luns a xoves -1 continúa ata Verín-, 7 os venres, 5 os domingos e 1 máis nas fins de ponte.
- ✓ Sendo do mesmo xeito punto intermedio nas rutas de autobús regulares entre Vigo e Lugo por Pontevedra, 5 servizos de luns a venres, 4 os sábados e domingos e 1 máis, extra os venres inicio de ponte, permiten chegar a Lalín desde aquelas procedencias e os puntos intermedios correspondentes e continuar a Lugo. A oferta en sentido inverso é, neste caso, idéntica.
- ✓ Ademais dos enlaces que xeran as liñas citadas de máis longo percorrido nas cidades terminais, hai paradas en Lalín de grandes

rotas a e desde A Coruña, Madrid, Andorra, Francia, Alemaña, Holanda e Suíza en días determinados e varias veces á semana.

A conclusión é vidente: con aquel criterio de proximidade, fóra das paradas no ámbito municipal ou comarcal de servizos de radio máis amplo, nomeadamente pola N-525, só as liñas citadas nos tres primeiros lugares veñen responder ás necesidades de transporte de radio curto que xustificaron este apuntamento, o que emprazará no seu momento a unha consideración máis en detalle de todo isto tendo en conta percorridos concretos na contorna e horarios.

Dúas últimas reflexións deben facerse neste sentido. A primeira para insistir en que unha necesidade tal non se ve dispensada polo uso do automóbil particular, que está xeneralizado en ámbitos como o tratado, para o acceso aos puntos en que se concentran as dotacións comerciais de servizos etc., xa que co plan comercial en estudo se trata de xerar unha dinámica con novos factores, entre eles unha accesibilidade maximizada das persoas que encarnan a demanda aos focos en que se congrega a oferta.

A segunda ten que ver coa mellora en termos de sustentabilidade, xestión do tráfico e integración que suporía facilitar opcións de enlace entre os polígonos industriais e a vila mediante transporte público, pensando en especial nas persoas que traballan neles, evitando ademais, nun nivel ben concreto, a saturación do tránsito e o estacionamento cando acceden a ela logo do seu horario laboral para efectuar compras ou usar dos servizos da hostalería.

Volvendo entón ás condicións internas do casco urbano da Vila de Lalín, atenderase agora nun segundo epígrafe deste apartado á contribución á articulación e calidade do medio que achega o mobiliario urbano e os elementos e espazos verdes.

### *III.3.2. O mobiliario urbano e os elementos e espazos verdes.*


A lectura do plano nº 3 deixa constancia de como bancos e xardineiras son os elementos menores característicos de humanización ornamental do espazo urbano que se desprega na grella central do casco urbano de Lalín. E, de acordo con este, as xardineiras aparecen case todo ao



longo da Rúa D -Zona A-B-; pareadas con dous bancos en localizacións episódicas na B -Zona B-, e en alternancia lineal con estes no eixo Rúa Principal-Joaquín Loriga -Zona A- Ademais, o plano denota a presenza de bancos agrupados nas avenidas de Luís González Taboada -Zona A-B- e de Buenos Aires -B- ao tempo que revela a tipoloxía principal deses elementos e mais das papeleiras comúns emprazadas na vila, e a presenza de árbores en viais peonalizados e beirarrúas como outro recurso característico con aquela finalidade.

Con maior extensión e atendendo tamén á presenza illada de elementos, no recuento por observación distinguíuse entre os do mobiliario en sentido literal e aqueles con compoñente vexetal.

#### D.16. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR PRESENZA DE ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO E ADXECTIVOS. VALORES ABSOLUTOS.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Entón, incluíndo xunto cos primeiros -obviamente os farois non se recontaron, sendo os característicos do centro urbano de estilo novecentista e ferro forxado escuro, soportando os báculos un, dous e ata tres, segundo as zonas, malia nalgún espazo característicaemnte máis moderno se emprace outra versión de estética funcionalista-algúns adxectivos que non fan parte propiamente do mobiliario urbano, comezando por eles e mantendo a dinámica expositiva seguida ata

aquí, no diagrama nº 16 e mais no cadro nº 17, consta o reconto dos viais en que uns e outros están presentes.

Nese sentido os elemento máis comúns son as papeleiras -no modelo que ilustra o plano devandito: unha cubeta cilíndrica de metal gris mate suspendida en vertical co escudo municipal-, aínda que unha proporción notable de viais nas zonas B e C carecen delas.

Hai ademais 19 viais con bancos -a tipoloxía máis xeneralizada e con maior frecuencia densidade segundo o emprazamento é máis periférico, é a de madeira con estruturas laterais de metal, mentres que nas zonas máis céntricas se emprega tamén un modelo de feitura máis nobre: en pedra, dobre, con respaldo en metal forxado-, máis presentes proporcionalmente nas zonas A, especialmente, e A-B.

#### C.17. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR PRESENZA DE ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO E ADXECTIVOS. VALORES ABSOLUTOS.

ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Bancos	5	6	2	6	19
Papeleiras	7	15	5	13	40
Marquesiñas	1	0	0	0	1
Postes publicitarios	3	2	1	1	7
Cabinas telefónicas	2	1	1	2	6
Quioscos exentos	0	0	0	0	0
Contedores soterrados	0	0	1	0	1
Terrazas	4	10	4	3	21
Puntos limpos	5	9	5	14	33
Máquinas expendedoras	0	0	1	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>	<b>43</b>	<b>20</b>	<b>39</b>	<b>129</b>
<b>N</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Súmese a isto que existen postes publicitarios en 7 viais e cabinas telefónicas en 6 con maior densidade tamén nesas zonas. Resulta así que só hai 1 marquesiña -acaso porque só aí cumpra- nunha rúa da

Zona B -Matemático Rodríguez, asociada á parada de autobús referida nela- e 1 único punto limpo cos contedores soterrados na A-B, en concreto na Rúa D, non se tendo observado quioscos exentos para prensa ou apostas.

En resumidas contas, falando estritamente de mobiliario urbano, os 49 viais acumulan 74 referencias a distintos elementos deste, cun promedio  $\bar{X}$  resultante  $\bar{X}=1,5$ . Ese valor é:  $\bar{X}=2,1$  na Zona A,  $\bar{X}=1,3$  na B,  $\bar{X}=2$  na A-B e  $\bar{X}=1,3$  na C, o que insiste na centralidade das rúas e prazas daquela zona primeira.

Ademais, en canto aos que se entenderon como elementos adxectivos, e que se recontaron alén do cómputo anterior, pódese dicir o seguinte:


- ✓ En 33 viais hai puntos limpos, 185 en total, unha cifra moi elevada e a considerar en perspectiva fundamentalmente estética -lémbrese aquel único soterrado-, concentrándose a metade na Zona B, cando non obstante é a A-B a única en que están presentes en todos os casos. E este apuntamento éo así dun posible horizonte de melloras.
- ✓ Contáronse así mesmo 48 terrazas da hostalería en 21 viais, estando presentes na metade dos das zonas A e B, na práctica totalidade dos da A-B e só en 3 da C. Por iso o seu maior volume concéntrase nas zonas B e A-B.
- ✓ Ocorre o mesmo coas máquinas expendedoras emprazadas na vía pública -3 nunha única rúa da Zona A-B-.

Doutro lado, excluindo estes tres últimos tipos de elementos e atendendo só aos que propiamente constitúen o mobiliario urbano -os xa tratados e os farois-, sumando agora a eles os sinais de tráfico e urbanos, debe xulgarse que a súa conservación é predominantemente boa, en proporcións á volta de 6 de cada 10 viais.

Se ao anterior se engade a toma en conta dos cadro seguinte, en primeiro lugar rubrícase a impresión de que a conservación do mobiliario é en conxunto máis satisfactoria cá da referida antes para as beirarrúas -pero próxima- e as calzadas -notablemente mellor-.

En segundo, nunha perspectiva zonal, a Zona A, contendo un apuntamento negativo -Rúa X-, é non obstante a que ofrece un mellor perfil conxunto, ao tempo que o da Zona B resulta o peor, de xeito que tamén as C e A-B, quedan en posición intermedia. Uns datos que, en xeral, insisten no dito entón para aqueloutros elementos estruturais.

#### D.17. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR GRAO DE CONSERVACIÓN DO MOBILIARIO E OS SINAIS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

#### C.18. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR GRAO DE CONSERVACIÓN DO MOBILIARIO E OS SINAIS. VALORES ABSOLUTOS.


CONSERVACIÓN DO MOBILIARIO	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Mala	1	1	0	0	2
Normal	0	6	2	8	16
Boa	7	11	3	10	31
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Outro indicador, segundo agora o diagrama nº 18 e o correspondente detalle en valores absolutos e por zonas que achega o cadro nº 19, é o referido aos elementos mencionados que supoñen a presenza de

decoración vexetal ou a relación directa con zonas verdes na estrutura dos viais. En particular, en máis da metade deles están presentes árbores, e esa proporción é constante nas catro zonas. Ao tempo, tamén en case a metade hai xardineiras, aínda que agora a proporción é máis elevada para as zonas A e A-B, e máis discreta na C.

#### D.18. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR PRESENZA DE ELEMENTOS VEXETAIS E RELACIÓN CON ZONAS VERDES. FRECUENCIAS PORCENTUAIS.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

#### C.19. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR PRESENZA DE ELEMENTOS VEXETAIS E RELACIÓN CON ZONAS VERDES. VALORES ABSOLUTOS.

ELEMENTOS E ZONAS VERDES	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Xardineiras	5	8	3	7	23
Árbores	4	9	3	10	26
Xardíns integrados	3	5	0	8	16
Acceso a xardíns	3	3	1	6	13
Acceso a parques	3	1	2	8	14
<b>TOTAL</b>	<b>18</b>	<b>26</b>	<b>9</b>	<b>39</b>	<b>92</b>
<b>N</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Ademais, nun terzo cumprido das rúas e prazas hai xardíns integrados, pero son proporcionalmente menos na Zona B e están ausentes da A-B, mentres que nunha proporción semellante nas zonas A e C, menor nas demais, os viais dan acceso a zonas verdes, resultando que en total unha cuarta parte se comunican con parques ou xardíns.

Deste xeito 49 viais acumulan 92 referencias a elementos vexetais integrados e accesos a zonas verdes, resultando un promedio  $\bar{X}$ -destas  $\bar{X}=1,9$ . Ese valor é:  $\bar{X}=2,3$  na Zona A,  $\bar{X}=1,4$  na B,  $\bar{X}=1,8$  na A-B e  $\bar{X}=2,2$  na C.

Neste sentido, e mais alá deses elementos emprazados como puntos verdes nos viais ou que constitúen acceso a parques ou xardíns, é significativa a extensión de zonas verdes propiamente ditas.

A zona baixa da vila pola que transcorre o paseo do Río Pontiñas, cunha boa integración do bordo urbanizado nun espazo natural ordenado; a contorna da Rúa Penatoares, especialmente a rentes da casa da Xuventude; nas inmediacións do perímetro, a zona do Parque do Auditorio co lago do Río Pontiñas; a Praza da Vila; o Parque de Loriga; a Praza da Vila, ou as contornas ordenadas da Casa do Concello e, singularmente, a Estación de Autobuses, con concepcións e en modalidades distintas segundo o caso, son as máis significativas. A este respecto é notable, segundo un apuntamento na "Estratexia para un Desenvolvemento Urbano Sustentable do Concello, Summa 21", que o valor medio  $\bar{X}$ - en metros cadrados por habitante de superficie de zonas verdes no casco urbano de Lalín sexa de  $\bar{X}=25,8$  m<sup>2</sup>, o cal é unha cifra expresivamente elevada nas aglomeracións urbanas de Galicia.

Ademais, algúns deses espazos presentan áreas específicas para a práctica de exercicio físico.


### *III.3.3. Outros elementos con influencia no urbanismo comercial e na calidade percibida do espazo.*

Máis alá de todos os asuntos tratados, hai unhas poucas cuestións adicionais que se observaron sistematicamente ou das que se tivo unha

impresión definida e que teñen influencia no urbanismo comercial ou , cando menos, na calidade da experiencia resultante de percorrer a vila.

A primeira delas remite á materialidade estrutural case pechando o círculo deste capítulo. Trátase da existencia de zonas de soportal - tradicional ou moderno- que en perspectiva estética e funcional ten valor comercial, definindo como característica un vial.

#### D.19. VIAIS DO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR DISPOSICIÓN DE ÁREAS SOPORTALADAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

#### C.20. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR DISPOSICIÓN DE ÁREAS SOPORTALADAS. VALORES ABSOLUTOS.

ZONA SOPORTALADA	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Ningunha	6	10	2	8	26
Singular	2	8	3	9	22
Característica	0	0	0	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.


A este respecto, segundo o diagrama nº 19, esa posibilidade límitase só a 1 caso, que o cadro nº 20 revela que se sitúa na Zona C -Rúa de

La Habana-, mentres que en 26 non hai soportais en absoluto e en nos 22 restantes, os máis nas zonas B e C, casos singulares en que se dá a presenza destes.

Naqueloutra dimensión máis relacionada coa percepción sensorial do medio urbano, na base da psicolóxica, que como se dixo fornece tamén un elemento subxectivo de valoración dun espazo dado, dirase en primeiro lugar que se observou sistematicamente a existencia de cheiros con orixe nos residuos sólidos urbanos, na actividade industrial e no saneamento, co resultado positivo na perspectiva adoptada dunha ausencia total destes que determina, pois, que non haxa que ilustrar nada ao respecto.

Nun sentido semellante, e en relación directa coa incidencia do tráfico rodado está de feito a percepción de polución sonora, xa que sendo inexistente a presenza de ruídos de orixe industrial, en case 4 de cada 10 viais si está presente en horas punta o xerado por aquel, de acordo co referido no diagrama nº 20, que expón igualmente a existencia de ruído convivencial apreciable nese momento do día en algo máis de 1 de cada 5 rúas e prazas.

#### **D.20. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR PERCEPCIÓN DE RUÍDOS EN HORAS PUNTA CONFORME Á SÚA ORIXE. FRECUENCIAS PORCENTUAIS.**



**Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.**



Da súa parte, no cadro nº 21 verifícase como a maior incidencia relativa do ruído corresponde ás zonas A e A-B, no primeiro caso tanto polo convivencial como polo vial, mentres que no segundo iso débese en especial ao xerado polas conversas e o tráfico peonil. Así, nas zonas B e C o dominante é o de orixe vial ao que no conxunto tamén contribúe, como se dixo a A.

**C.21. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR PERCEPCIÓN DE RUÍDOS EN HORAS PUNTA CONFORME Á SÚA ORIXE. VALORES ABSOLUTOS.**

RUÍDO EN HORAS PUNTA	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Industrial	0	0	0	0	0
Convivencial	5	1	4	1	11
Vial	6	6	2	5	19
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>7</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>30</b>
<b>N</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Resulta así que, en termos dun balance, respondendo o ruído convivencial a determinantes sociolóxicos, e tendo ata certo punto co valor de crear un ambiente animado, e por tanto, atractivo para o consumo no comercio e a hostalería, o vial é un factor ambiental negativo, desde logo e sen dúbida a eses efectos, e debe considerarse a súa redución na medida que a incidencia que presenta é indesexable.

Así, completando este epígrafe e apartado, un último apuntamento debe ir no sentido de referir como, cando se verificou este proceso de observación, estaba en marcha por parte do concello un plan de mellora do alumado público. Orientado en clave de mellorar a sustentabilidade e por tanto de racionalizar o consumo, está informado aos efectos que aquí importan por criterios de modulación de intensidade que contribúan a evitar a polución lumínica e destacar os valores estéticos do espazo para crear un ambiente urbano acolledor.

Chegados a este punto, completada a referencia aos factores máis determinantes do urbanismo comercial, cómpre retomar os resultados

da observación para, a partir de aí, aproximarse a aos elementos que supoñen potenciais focos de atracción, xa xenérica, xa comercial dentro do perímetro estudado; unha perspectiva á que atende, en termos dunha sinxela achega apreciativa, o vindeiro apartado.

### III.4. OS ELEMENTOS XENÉRICOS DE ATRACCIÓN E DINAMIZACIÓN.

En efecto, a síntese da estrutura e dinámica do casco urbano, especialmente na perspectiva que interesa a este estudo, non estaría completa na súa observación senón se considerase agora a suma de elementos xeradores de afluencia máis significativos ou que constitúen factores positivos que definen os seus atractivos.

#### C.22. ELEMENTOS DE ATRACCIÓN E DINAMIZACIÓN: EDIFICIOS DE REFERENCIA PRESENTES NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL. VALORES ABSOLUTOS.

EDIFICIOS DE REFERENCIA		ZONA				TOTAL
		A	B	A-B	C	
Centros sociais e recreativos	Elementos	1	0	0	1	2
	Viais	1	0	0	1	2
Centros administrativos	Elementos	0	0	0	5	5
	Viais	0	0	0	4	4
Cines, teatros, auditorios	Elementos	0	0	0	0	0
	Viais	0	0	0	0	0
Galerías comerciais e mercados	Elementos	0	4	0	0	4
	Viais	0	3	0	0	3
Equipamentos sociais	Elementos	1	3	0	1	5
	Viais	1	3	0	1	5
Aloxamentos	Elementos	0	0	0	3	3
	Viais	0	0	0	1	1
Outros	Elementos	1	1	0	3	5
	Viais	1	1	0	3	4
<b>TOTAL ELEMENTOS</b>		<b>3</b>	<b>8</b>	<b>0</b>	<b>13</b>	<b>24</b>
<b>N -VIAIS-</b>		<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Deste xeito, como contribución neste sentido, quere sinalarse primeiramente o inventario dos primeiros: equipamentos e servizos que xeran dinamismo e acceso ao centro da vila, ben entendido que se trata dun reconto dentro do perímetro estudado e nas rúas percorridas sistematicamente en aplicación da estratexia de observación seguida.

Para iso ofreceuse o cadro nº 22, que se completa gora co nº 23.O primeiro computa elementos a ocupar edificios enteiros e o segundo só locais.

**C.23. ELEMENTOS DE ATRACCIÓN E DINAMIZACIÓN: LOCAIS DE REFERENCIA PRESENTES NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBJETO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL. VALORES ABSOLUTOS.**

LOCAIS DE REFERENCIA		ZONA				TOTAL
		A	B	A-B	C	
Centros sociais e recreativos	Elementos	0	0	0	0	0
	Viais	0	0	0	0	0
Centros administrativos	Elementos	0	2	0	0	2
	Viais	0	2	0	0	2
Cines, teatros, auditorios	Elementos	0	0	0	0	0
	Viais	0	0	0	0	0
Galerías comerciais e mercados	Elementos	0	2	1	0	3
	Viais	0	1	1	0	2
Equipamentos sociais	Elementos	1	2	0	2	5
	Viais	1	1	0	1	3
Aloxamentos	Elementos	0	1	0	2	3
	Viais	0	1	0	1	2
Outros	Elementos	1	2	3	3	9
	Viais	1	1	3	3	8
<b>TOTAL ELEMENTOS</b>		<b>4</b>	<b>10</b>	<b>0</b>	<b>13</b>	<b>27</b>
<b>N -VIAIS-</b>		<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

A condición de cabeceira de comarca de Lalín, a de capital municipal e aglomeración urbana da vila, supón unha concentración de centros

administrativos e equipamentos sociais que, a prol da brevidade se prescinde de enumerar e que caracteristicamente ocupan edificios enteiros no segundo anel -Zona B- ou no anel exterior do perímetro estudado -Zona C-.

Doutro lado non hai dentro daquel cines, teatros ou auditorios -o antigo Cine Lalín non foi computado por estar pechado e o Auditorio Municipal está fóra daquel-.

En canto galerías comerciais e mercados, entendéronse como tales, ademais da Praza de Abastos, obviaemnte, as diferentes galerías con esa orientación, das que debe comentarse que en xeral presentan unha ocupación e activación baixa co resultado dun aspecto descoidado e pouco atractivo.

Incluíuse ademais un conxunto doutras referencias que principalmente comprende espazos para a práctica deportiva e parques infantís.

Falando, noutro nivel agora, de elementos de orde monumental ou artística, patrimonial ao cabo en sentido extenso, na área concreta observada que poidan contribuír ao atractivo da vila, resulta o inventario do cadro nº 24.

De acordo con el, en 1 vial da zona A e 1 da Zona C localizáronse igrexas con valor artístico ou cultural. En realidade ese valor propiamente acáelle só á segunda, a igrexa románica de Lalín de Riba -visible pero non accesible desde a Rúa Carlos Casares-, mais estendelo á parroquial da praza da Igrexa ten a ver apenas co seu significado no relato urbano que se sinalara no capítulo anterior.

Non se rexistrando petos de ánimas ou cruceiros, o cómputo de fontes é tamén un tanto laxo en canto valores patrimoniais, mentres que é notable a profusión de monumentos en Lalín, bastantes pequenos -as placas contáronse con eles porque varios consisten en monólitos ou similares cunha placa asociada-, aos que hai que engadir polo seu especial interese iconolóxico dentro da obra de Asorey, o dedicado ao aviador Loriga ata completar o total de 11 en 7 viais.

E volve ser magro o resultado en canto casa singulares. Á marxe da existencia de varios exemplos ben conservados de construcións de

certa dignidade en clave dunha arquitectura tradicional vilega ou en estilo ecléctico, que dan conta, novamente en relación con aquel relato urbano, do nacemento e primeira expansión da vila entre finais do Século XIX e o primeiro terzo do XX, no cómputo as referencias son á peculiar edificación en que se asenta o Museo Municipal Ramón María Aller e acaso ao exemplo máis notable da segunda daquelas arquitecturas: o inmovible nº 1 da Rúa Principal que aloxa no seu baixo a sucursal do Banco Pastor.

**C.24. ELEMENTOS DE ATRACCIÓN E DINAMIZACIÓN: EDIFICIOS, CONSTRUCCIÓN E MONUMENTOS CON VALOR ARTÍSTICO OU PATRIMONIAL PRESENTES NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL. VALORES ABSOLUTOS.**

EDIFICIOS, CONSTRUCCIÓN E MONUMENTOS CON VALOR ARTÍSTICO OU PATRIMONIAL		ZONA				TOTAL
		A	B	A-B	C	
Casas singulares	Elementos	1	1	0	0	2
	Viais	1	1	0	0	2
Igrexas con valor cultural ou artístico	Elementos	1	0	0	1	2
	Viais	1	0	0	1	2
Cruceiros	Elementos	0	0	0	0	0
	Viais	0	0	0	0	0
Fontes	Elementos	4	1	1	2	8
	Viais	3	1	1	2	7
Monumentos e placas	Elementos	7	2	0	3	12
	Viais	3	1	0	2	7
Petos de ánimas	Elementos	0	0	0	0	0
	Viais	0	0	0	0	0
Outros	Elementos	2	0	0	1	3
	Viais	2	0	0	1	4
<b>TOTAL ELEMENTOS</b>		<b>15</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>7</b>	<b>27</b>
<b>N -VIAIS-</b>		<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Dos elementos distintos destes, os máis destacables son palco da música da Praza da vila e a imaxe do porco na Rúa Colón.

Cunha relación se cadra aínda máis directa e inmediata coa xeración de dinamismo, como acontecía cos chamados edificios e locais de referencia, que xeran cando menos tránsito de persoas, están os despachos, oficinas, consultas etc., os negocios en xeral ou locais asociativos que non están ao nivel do chan dos viais senón en entrechans pechados ou andares. Computados en razón de que a súa presenza neses emprazamentos se advertise por medio de placas ou carteis ao exterior, de acordo co cadro nº 25, pode formularse a síntese seguinte:

**C.25. ELEMENTOS DE ATRACCIÓN E DINAMIZACIÓN: OFICINAS, DESPACHOS, CONSULTAS E SERVIZOS EN ENTRECHANS PECHADOS E ANDARES NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL. VALORES ABSOLUTOS.**

OFICINAS, DESPACHOS, CONSULTAS E SERVIZOS EN ENTRECHANS PECHADOS E ANDARES		ZONA				TOTAL
		A	B	A-B	C	
Despachos empresariais ao público	Elementos	0	6	2	0	8
	Viais	0	6	1	0	7
Despachos oficiais ao público	Elementos	0	1	0	0	1
	Viais	0	1	0	0	1
Gabinetes e oficinas	Elementos	4	4	1	1	10
	Viais	2	3	1	1	7
Despachos de profesionais liberais	Elementos	15	12	13	5	45
	Viais	3	6	5	3	17
Servizos persoais	Elementos	3	2	10	1	16
	Viais	2	2	4	1	9
Academias e autoescolas	Elementos	1	3	1	2	7
	Viais	1	3	1	2	7
Colexios profesionais, sedes asociativas, locais sociais	Elementos	0	1	0	0	1
	Viais	0	1	0	0	1
Outros	Elementos	4	0	1	1	6
	Viais	2	0	1	1	4
<b>TOTAL ELEMENTOS</b>		<b>27</b>	<b>29</b>	<b>28</b>	<b>10</b>	<b>94</b>
<b>N -VIAIS-</b>		<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

- ✓ Non hai demasiados despachos de empresas abertos ao público nestas circunstancias e concéntranse practicamente na Zona B, contándose ademais cunha única referencia a despachos oficiais públicos nela.
- ✓ Os gabinetes e oficinas, caracterizados por non estar determinados polo acceso do público, son algo máis numerosos e seguen a concentrarse na Zona B, acompañada agora da A, con algúns casos nas outras dúas.
- ✓ Hai tamén un número importante de locais onde se prestan servizos persoais, que se concentran na zona A-B.
- ✓ As academias e autoescolas responden a un padrón e volume numérico semellante aos gabinetes, pero coa diferenza de que a concentración está bastante compartida entre as zonas B e C.
- ✓ Así, as referencias máis numerosas son a despachos de profesionais liberais, cun volume moi semellante nas zonas A, B e A-B, pero de xeito que se detectan en poucos viais, fóra de nesa zona última onde están en todos os que comprende, así como aos servizos persoais, que responden a unha densidade e distribución semellante.
- ✓ Só hai 1 referencia a unha sede ou local social e algunhas dispersas a outro tipo de despachos e oficinas.
- ✓ Deste xeito a impresión xeral conxuga a evidencia dunha profusión de referencias que acae ben á condición de cabeceira comarcal de Lalín coa de que hai unha escasa extensión destes elementos agora computados polos viais da vila, de xeito que o comentado para os despachos de profesionais liberais e servizos persoais define en boa medida a tónica xeral: as zonas A, B e A-B repártense as referencias, pero estas concéntranse nuns poucos viais e só, por mor daquelas en particular, esténdense con regularidade nos da A-B.

E se boa parte destes elementos últimos poderíase xa entender como parte literalmente dos servizos, o último e mais revelador nivel da observación desenvolta, obxecto dun próximo apartado, se refire aos locais que, emprazados en baixos e entrecháns abertos, supoñen o asentamento real ou potencial dos establecementos dos servizos en


xeral e, en particular, do comercio e a hostalería, como actividades de interese primordial aos efectos deste estudo.

Pero antes de atender aos locais comerciais e ás súas características nese apartado anunciado, outro ben máis breve que o que agora conclúe recolle a seguir a impresión tirada da observación en canto ao papel funcional característico dentro do conxunto urbano dos diferentes viais percorridos.

### III.5. A PERCEPCIÓN FUNCIONAL A PARTIR DA AFLUENCIA E DA DEDICACIÓN DOS BAIXOS OBSERVADA.

E, desde logo, o que parece fóra de toda dúbida é que dous terzos cumpridos dos viais da vila non teñen carácter comercial como trazo definitorio, sendo algo menor a proporción que carece tamén de significado como espazo de encontro social fóra do horario comercial. Deste xeito, no terzo escaso caracteristicamente comercial hai unha pequena proporción que adquire tal condición circunstancialmente, en concreto con motivo das feiras quincenais.

### **D.21. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR VIRTUALIDADE DE CARACTERIZACIÓN COMO COMERCIAIS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.



Esta realidade, consignada nos diagramas nº 21 e 22, proxéctase así mesmo nas diferenzas entre zonas que se deducen dos datos dos cadros que acompañan a estes: os nº 26 e 27.

**C.26. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR VIRTUALIDADE DE CARACTERIZACIÓN COMO COMERCIAIS. VALORES ABSOLUTOS.**


ZONA COMERCIAL	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Si	5	4	4	0	13
Non	3	12	1	17	33
En circunstancias concretas	0	2	0	1	3
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Léndoos aparece claro, en primeiro termo, que a actividade comercial está concentrada nas zonas A, B –na que, case en exclusiva, con motivo das feiras, se adquire circunstancialmente ese carácter- e A-B, e que é a que caracteriza a primeira e, especialmente, a terceira delas.

102

**D.22. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR VIRTUALIDADE DE CARACTERIZACIÓN COMO DE PASEO E RELACIÓN SOCIAL. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.


### C.27. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR VIRTUALIDADE DE CARACTERIZACIÓN COMO DE PASEO E RELACIÓN SOCIAL. VALORES ABSOLUTOS.

ZONA DE PASEO E RELACIÓN SOCIAL	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Si	6	3	4	5	18
Non	2	15	1	13	31
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

En segundo, que a A aínda está máis definida, considerada en conxunto, como de paseo e relación social, en tanto a A-B ten ese carácter con idéntica extensión que o de comercial, mentres a B pode mantén un perfil semellante ao do caso anterior, agora con 1 vial menos, e a C incorpora 5 por mor da presenza de establecementos hostaleiros.

### D.23. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR GRAO DE AFLUENCIA PERCIBIDA EN HORARIO COMERCIAL. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Volvendo sobre a literalidade da percepción da actividade comercial, ocorre que ao considerar agora o diagrama nº 23, hai un 22,4% de viais cunha afluencia de público que pode entenderse como alta

durante o horario comercial e outra idéntica para a que se xulgou como media, de maneira que no restos dos caso, máis da metade dos viais observados, 27 en concreto, é baixa.


#### C.28. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR GRAO DE AFLUENCIA PERCIBIDA EN HORARIO COMERCIAL. VALORES ABSOLUTOS.

AFLUENCIA COMPARATIVA EN HORARIO COMERCIAL	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Baixa	1	10	1	15	27
Media	1	7	0	3	11
Alta	6	1	4	0	11
<b>TOTAL</b>	8	18	5	18	49

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

A ese respecto o cadro nº 28 ofrece un contraste entre as zonas A e A-B, dunha parte, a B doutra, e a C en terceiro lugar, que refiren unha tónica decrecente en canto esa afluencia en horario comercial insistindo na caracterización anterior sobre a intensidade do carácter comercial destas.

#### D.24. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR USO PREDOMINANTE DOS BAIXOS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Vén ademais rubricar esta caracterización outro dato observado: a dedicación preferente dos baixos.

En efecto, se con carácter xeral tres cuartas partes das rúas e prazas presentan, segundo o diagrama nº 24 un uso daqueles preferentemente social e comercial, atendendo ao cadro nº 295, esa é nota exclusiva nas das zonas A e A-B, e mesmo a dominante na B, na C equilibrase co uso privado e residencial nesa perspectiva dunha caracterización de viais enteiros.

#### **C.29. VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR USO PREDOMINANTE DOS BAIXOS. VALORES ABSOLUTOS.**

USO PREDOMINANTE DOS BAIXOS	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Comercial/social	8	15	5	9	37
Residencial/privado	0	3	0	9	12
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>49</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Neste, punto para proseguir coa análise en curso, satisfeita no máis principal a exposición da percepción estrutural, de accesibilidade, funcional, dos viais e do conxunto urbano, corresponde atender xa, como fai o apartado que segue e xa fora anunciado, ás características e dedicación observada nos locais de uso potencialmente comercial.


#### **II.6. OS LOCAIS DE USO REAL OU POTENCIAL POLO COMERCIO E OS SERVIZOS.**

Chégase así ao, acaso máis determinante, reconto de locais real ou potencialmente comerciais e de servizos, que se practicou atendendo aos baixos e entrecháns abertos en fachada comercial, sen habilitar ou xa habilitados -é dicir: acondicionados polo menos basicamente en canto pintados, pavimentados e caracterizados exteriormente como locais comerciais-, e, destes, tanto aos abertos como aos pechados.

A este respecto o primeiro que hai que sinalar é a existencia no perímetro observado dun total de 962 locais recontados cunha distribución zonal que expón o diagrama nº 25.

Ao lelo faise vidente que a Zona A achega escasamente unha quinta parte do total mentres que a B é que concentra un maior volume, 4 de cada 10, correspondendo aos viais da A-B un volume intermedio, unha cuarta parte e á C a discreta proporción restante. Deste xeito, como haberá ocasión de tratar, a área finalmente proposta para conformar o centro comercial aberto recolle indiscutiblemente a maior parte dos locais en cuestión.

**D.25. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA<sup>22</sup> O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR ZONAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**




Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Pero como ese asunto se tratará no seu momento, centrándose polo de agora na información obtida da observación previa, na medida que en por si deita unha interesante caracterización da vila de Lalín en canto ao seu potencial e realidade comercial e de servizos, convén atender primeiramente a catro aspectos de orde estrutural que se rexistraron. O número de plantas e de fachadas dos locais, a súa ubicación con relación á arquitectura dos edificios en que se emprazan e o seu estado de conservación.

22.- Enténdase este "para o comercio etc.", usado para abreviar os títulos no parato gráfico, no sentido de susceptibles de uso por parte do comercio etc..

### D.26. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR NÚMERO DE PLANTAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Desde o primeiro punto de vista, o diagrama nº 26 retrata a realidade evidente de que o común é que se trate de locais dunha única planta, aínda que hai 39 casos en que se dispón de dúas e aínda 2 máis, anecdóticos, de tres. Ao tempo, o cadro nº 30 permite verificar como esta distribución é proporcionalmente homoxénea en cada zona.

### C.30. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR NÚMERO DE PLANTAS. VALORES ABSOLUTOS.


NÚMERO DE PLANTAS	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Unha	170	375	223	153	921
Dúas	4	21	6	8	39
Tres	0	0	0	2	2
<b>TOTAL</b>	<b>174</b>	<b>396</b>	<b>229</b>	<b>163</b>	<b>962</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Nesta mesma liña, se cadra, ten máis interese o número de fachadas, xa que é maior a virtualidade de que sexan máis de unha, co valor

comercial que iso supón. De feito, o diagrama nº 27 evidencia que unha quinta parte dos locais teñen dúas, do mesmo xeito que o cadro nº 31 insiste na distribución zonal desa eventualidade en paralelo ao volume bruto de daqueles.

**D.27. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR NÚMERO DE FACHADAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.31. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR NÚMERO DE FACHADAS. VALORES ABSOLUTOS.**


NÚMERO DE FACHADAS	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Unha	138	315	186	136	775
Dúas	34	80	43	26	183
Tres	2	1	0	1	4
<b>TOTAL</b>	<b>174</b>	<b>396</b>	<b>229</b>	<b>163</b>	<b>962</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

En canto á disposición en relación coa arquitectura dos edificios, un 80%, atendendo ao diagrama nº 28, emprázase na fachada destes nun baixo aberto á rúa, sendo anecdótico que estea baixo soportal ou nun

entrechán, con algo máis de 1 de cada 10 casos dentro das galerías comerciais que hai na área observada, sen que o cadro nº 32 achegue máis elementos de matiz ao anterior que a evidencia dunha maior incidencia relativa dos emprazamentos en galería na Zona A -son inexistentes na C- e en entrechán nas B e, especialmente, A-B.

**D.28. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR UBICACIÓN. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.32. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR UBICACIÓN. VALORES ABSOLUTOS.**


UBICACIÓN	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Aberta	125	327	178	148	778
Soportal	2	10	7	9	28
Galería	44	46	26	0	116
Entrechán	3	13	18	6	40
<b>TOTAL</b>	<b>174</b>	<b>396</b>	<b>229</b>	<b>163</b>	<b>962</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.



E xa ao respecto da última destas variables de orde estrutural observadas, o estado de conservación, esta é satisfactoria na práctica metade dos casos, aceptable nun terzo escaso e deficiente no resto, de conformidade co diagrama nº 29.

**D.29. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR CONSERVACIÓN. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.33. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR CONSERVACIÓN. VALORES ABSOLUTOS.**

CONSERVACIÓN	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Mala	27	95	26	23	171
Normal	51	147	60	58	316
Boa	96	154	143	82	475
<b>TOTAL</b>	<b>174</b>	<b>396</b>	<b>229</b>	<b>163</b>	<b>962</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Ademais, os cadros nº 33 e 34 permiten comprobar como hai un escalonamento, da mellor á peor perspectiva conxunta desde este punto de vista, na secuencia das zonas A-B, A, C -de certo por incluír

áreas de construción recente, polo que, en comparanza coa A, ten tamén unha proporción menor de locais en mal estado de conservación- e B.


**C.34. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR CONSERVACIÓN. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**

CONSERVACIÓN	ZONA%				TOTAL %
	A	B	A-B	C	
Mala	15,5	29,0	11,4	11,1	17,8
Normal	29,3	37,1	26,2	35,6	32,8
Boa	55,2	33,9	62,4	50,3	49,4
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>
<b>N</b>	<b>174</b>	<b>396</b>	<b>229</b>	<b>163</b>	<b>962</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Agora ben, situados estes datos de orde estrutural, nun contexto de crise cabe preguntarse pola situación de uso efectivo de tales locais, téndose a resposta no diagrama nº 30 e mais nos cadros nº 35 e 36.

**D.30. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR UTILIZACIÓN. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

E esa perspectiva non é de entrada particularmente optimista, pois, se ben prevalecen, 6 de cada 10, os locais abertos -e a proporción daqueles que, aínda así, se venden ou traspasan é estatisticamente irrelevante- hai un terzo ben cumprido que están pechados e, destes, a menor parte está expresamente en oferta.

### C.35. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR UTILIZACIÓN. VALORES ABSOLUTOS.

UTILIZACIÓN	ZONA				TOTAL
	A	B	A-B	C	
Pechado	28	91	32	52	203
Pechado en oferta	25	79	19	27	150
Aberto	116	224	174	79	593
Aberto en oferta	3	1	2	1	7
Non determinada	2	1	2	4	9
<b>TOTAL</b>	<b>174</b>	<b>396</b>	<b>229</b>	<b>163</b>	<b>962</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

### C.36. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E EN TOTAL, POR UTILIZACIÓN. ESTRUCTURA PORCENTUAL.

UTILIZACIÓN	ZONA%				TOTAL %
	A	B	A-B	C	
Pechado	16,2	23,0	14,0	31,8	21,1
Pechado en oferta	14,4	19,9	8,2	16,6	15,6
Aberto	66,6	56,7	76,0	48,5	61,7
Aberto en oferta	1,7	0,2	0,9	0,6	0,7
Non determinada	1,1	0,2	0,9	2,5	0,9
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>
<b>N</b>	<b>174</b>	<b>396</b>	<b>229</b>	<b>163</b>	<b>962</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Ademais, na Zona A a proporción de locais abertos chega aos dous terzos e as de simplemente pechados e pechados en oferta iguálanse

case, pero na B só algo máis da metade están abertos e, considerados en conxunto, o peso dos pechados acentúase.

Aparecen así en posicións polarizadas a Zona A-B, por ter a maior proporción de abertos e, en consecuencia, a menor de pechados e a C na que a prevalencia é dos últimos. Deste xeito, por orde, A-B, A, B e C escalonan a evidencia da vitalidade comercial que reflicte este indicador, insistindo no axeitado da proposta de delimitación que se fará.

E precisamente porque esa proposta de delimitación supón o principal corolario deste Informe Previo de contexto, cómpre advertir que, unha vez perfilada en detalle, reiterouse, asociada á enquisa aos establecementos, a observación, e por tanto esta mesma análise, para unha parte destas variables que agora se están tratando referidas aos locais, naturalmente para axustala máis á mostra daquela.

Esa información, por recollerse no vindeiro informe, e dado o carácter primeiro e exploratorio deste, desculpa agora de ofrecer cruzamentos sistemáticos entre estas variables, alén do que se vén considerando por zonas.

Esta advertencia vén a conto polo tentador que resulta a posibilidade, descartada polo devandito, de considerar a variable que se trata a seguir como independente nunha serie de tales cruzamentos, xa que xeraría un volume desmesurado de información e, ademais, a respecto dunha zonificación provisional.

Porque, aplicando a pauta de observación seguida, esa tal variable seguinte rexistrada é a distribución dos locais en virtude do ramo de actividade ao que se dedican.

Os resultados recólleos o diagrama nº 31 cunha, entre outras cousas, longa e dispersa serie de valores pouco expresivos estatisticamente, dado o alto nivel de desagregación da clasificación convencional utilizada.

Con todo, nel, de xeito ben elocuente, e malia o condicionamento mencionado, aparece:

**D.1. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECIMENTO PREVIO POR ZONAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**




Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.9. LOCAIS ABERTOS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, DO COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO, SEGUNDO ZONAS E UTILIZACIÓN, POR RAMO AGREGADO. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMO AGREGADO	ZONAS									TOTAL
	A			B			C			
	Aberto	Aberto en oferta	Total	Aberto	Aberto en oferta	Total	Aberto	Aberto en oferta	Total	
Comercio por xunto	1	0	1	1	0	1	4	0	4	6
Servizos en xeral	20	0	20	26	0	26	52	0	52	98
Servizos persoais	29	0	29	24	0	24	37	0	37	90
Fogar	16	0	16	21	0	21	29	1	30	67
Roupa e calzado	46	0	46	20	0	20	3	0	3	69
Alimentación	15	0	15	21	0	21	14	0	14	50
Outro comercio especializado	39	2	41	17	0	17	31	1	32	90
Hostalería	25	1	26	42	2	44	54	0	54	124
Non determinado	2	0	2	2	0	2	2	0	2	6
<b>TOTAL</b>	<b>193</b>	<b>3</b>	<b>196</b>	<b>174</b>	<b>2</b>	<b>176</b>	<b>226</b>	<b>2</b>	<b>228</b>	<b>600</b>


Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**D.2. LOCAIS ABERTOS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, DO COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR ZONAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**D.3. LOCAIS ABERTOS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, DO COMERCIO RETALLISTA E A HOSTALERÍA NOS VIAIS NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN OBXECTO DE RECOÑECEMENTO PREVIO POR ZONAS. ESTRUCTURA PORCENTUAL.**



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

Cando ese cómputo se limita aos 406 abertos, os 271 das zonas A e B sumadas son o 66,7%, os dous terzos exactos, tal e como acredita o diagrama nº 3.

Ofrecendo uns cálculos sistemáticos que insisten no anterior e que poden verificarse cos datos xa presentados, é salientable o seguinte:

- ✓ Se dedicados ao comercio por xunto apareceron 10 locais, 6 deles abertos, o certo é que 2, ambos os dous abertos, están na suma das zonas A e B.
- ✓ En canto aos dedicados aos servizos en xeral, estas zonas acumulan 58 dos 121 dentro conxunto do perímetro; un 47,9%, proporción que se reduce en 1 punto exactamente ao contabilizar os abertos: 46 dun total de 98. Obtense así outra indicación indirecta, agora en termos de especificidade da dedicación dos locais, que reitera o axeitado da delimitación proposta.
- ✓ Maior, con 56 de 97, o 57,7%, é a proporción des locais da vila dedicados aos servizos persoais que quedan comprendidos nas zonas A e B; en tratándose de locais abertos 53 de 90: un 58,9%.
- ✓ Nun ramo xa estritamente comercial como é o do equipamento para o fogar, 42 locais nas zonas A e B sobre dun total de 80 e, limitándose aos abertos e 37 de 67, supoñen agora proporcións respectivas do 52,5% e 55,2%.
- ✓ Que 76 dos 80 locais con tendas de roupa e calzado, e 66 das 69 efectivamente abertas, estean na suma das zonas A e B eleva esas proporcións ao 95% e 95,7% respectivamente.
- ✓ No ramo da alimentación, cómputos paralelos de 38 de 53 locais e 36 de 50 abertos supoñen proporcións do 71,7% e o 72%.
- ✓ Dos 116 locais dedicados a outras actividades do comercio especializado, un total de 79, o 68,1% están nas zonas A e B, en tanto a proporción queda no 64,4% ao limitarse aos 58 abertos sobre os 90 nesa circunstancia e ramo.
- ✓ Os 81 sobre 144 sobre o total dos que teñen ou tiveron dedicación hostaleira volven deitar unha proporción prevalente do 56,3%, que

se matiza aínda nun 56,5% nos 70 abertos nesas zonas entre un total de 124.

- ✓ E aínda que é evidente que ten de ser así, como resultado de todo o anterior, só un 45,9% dos locais pechados dentro do perímetro corresponde á suma das zonas A e B.

A expensas de perfilar un pouco máis estas cuestións no Documento II, ao fío da observación dos datos asociados á mostraxe da enquisa - e de, xa no III, presentar algunhas ratios matemáticas tiradas daquela, que reforzan o acaído da opción adoptada-, cóidase que queda demostrada neste punto, inequívoca e indiscutiblemente, a corrección da opción enunciada en virtude de criterios de densidade e composición do tecido comercial e hostaleiro.

Doutro lado, no capítulo precedente, acumuláronse as evidencias, sen que a diferenza sexa espectacular, pero si certa e constante, segundo todos os indicadores tomados en conta, dunhas mellores condicións en termos de urbanismo comercial -dotación de mobiliario urbano, condicións das beirarrúas e calzadas, accesibilidade, presenza de elementos adxectivos, sinalización, maior humanización, mellor conservación etc.- segundo máis céntricos eran os viais e, por tanto, para as zonas A e B.


Un terceiro conxunto de criterios ten que ver coa continuidade, na perspectiva da circulación interna, da zona proposta para centro comercial e coa súa accesibilidade, interna e desde o exterior. A este respecto no capítulo anterior xa se fixeron varias consideracións sobre este asunto e o próximo e último capítulo reflexiona a propósito del con certo grao de detalle, sendo suficiente neste punto reiterar, apelando novamente á ilustración do plano nº 4, como a configuración que se suxire, aínda no caso de que se prescindise de ampliar a peonalización, compactaría, perfilaría e integraría organicamente nun todo as áreas de maior concentración de actividade comercial neste momento, propiciando una re-definición dos aparcamentos disuasorios e xerando un elemento de cohesión do centro do núcleo que lle outorgue potencia de gravitación á hora de conferir personalidade e dinamismo ao conxunto da vila, conxurando a dispersión ao longo dos

eixes dunha grella difusa que xa se argumentou é unha tendencia constante e vella en razón da estrutura e orografía da vila.

Daquela, e a expensas das referencias adiadas, que van abundar na convicción con que se fai a proposta, hai aínda unha outra implicación da zonificación e delimitación que, por relevante, debe tratarse.

De acordo cos datos de filiación de *aeDeza* de que se dispuxo, dos seus 155 afiliados, 141 teñen o seus establecementos emprazados na vila de Lalín, e un total de 86: 70 do comercio e 16 da hostalería, no ámbito proposto para o centro comercial aberto; é dicir: nas zonas A e B, sumando así o 61% do total, un 63,1% dos correspondentes ao comercio e 51,6% dos da hostalería. O resto emprázase na proposta como área comercial urbana -Zona C- ou ben xa fóra do perímetro considerado.

#### D.4. ESTABLECEMENTOS AFILADOS A *aeDEZA* POR EMPRAZAMENTO NAS ZONAS DELIMITADAS DENTRO DO PERÍMETRO DO PLAN A EFECTOS DA DEFINIÇÃO DO CENTRO COMERCIAL ABERTO. ESTRUCTURA PORCENTUAL.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de *aeDeza*; xullo 2016.

En todo caso é importante sinalar que eses 86 establecementos afiliados dentro do centro comercial supoñen un número suficiente para a viabilidade deste en canto potencial de captación de axudas públicas.

E así xa neste punto non hai máis que dicir no que ten a ver cos contidos deste capítulo. Lémbrese non obstante que, como xa se advertiu, no que agora se abre se volve sobre as cuestións de accesibilidade, peonalización, articulación interna do centro comercial etc. que están en relación directa cos criterios de zonificación; tamén que ao tratar da enquisa ao comercio e a hostalería, no Documento II de soporte do plan, se van perfilar algúns datos -e introducir algúns secundarios, engádese agora- sobre locais que permitirán aquilatar aínda máis o xuízo sobre a zonificación proposta, así como que no IIIo, ao formular as conclusións, se calculan unhas ratios a partir de datos daquela, que insisten na súa bondade, pero que, por depender en parte desa fonte, non cumpría tratar aquí.

É así que, pechando un círculo temático, ese novo capítulo que se abre volve, pero xa nunha consideración proxectiva a efectos do plan de acción, sobre as perspectivas principais que determinan o seu contexto que queda dese xeito, como obxecto deste documento en particular, exhaustivamente considerado.



## **V. AS PRINCIPAIS PERSPECTIVAS E DETERMINANTES DE CONTEXTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN.**

Do conxunto da información contextual recollida, tanto de informantes cualificados como informais, mesmo a partir de documentos e dos foros celebrados, xurdiron unha serie de perspectivas que chegan mesmo a transcender os límites conceptuais do plan de acción comercial para proxectarse nunha dimensión estratéxica de promoción social e económica da vila e, por extensión, do concello.

Na medida en que están máis alá dunha perspectiva cuantitativa e empatan coas consideracións vertidas no Capítulo II, cómpre neste, como se comprometera, recapitulalas con certa orde, trazando así unha panorámica xeral en clave discursiva que logo será recollida, no Documento III, que materializa este informe nunhas conclusións e recomendacións.

A vila de Lalín, pensando en termos de núcleo comercial e de servizos, incluíndo un centro comercial aberto e un área comercial urbana, en clave de cabeceira municipal e comarcal, presenta fortalezas e debilidades nun escenario de oportunidades e ameazas. Non obstante, non se pretende agora sistematizar unha clásica análise DAFO, senón aquela enunciación de liñas de futuro que apuntan sobre todo oportunidades, lembrando de paso elementos nas outras tres categorías.

Comezando entón polo horizonte estratéxico do desenvolvemento do Concello no seu conxunto, os apuntamentos son poucos e moi evidentes.

A diversificación comparativa da estrutura económica supón unha base decisiva nese sentido. Así aparecen toda unha serie de virtualidades. Cinguíndose ás que poden verse rubricadas pola oferta comercial e hostaleira da propia vila -facendo abstracción do potencial do sector téxtil, que nun pasado recente xa xogou un papel nese sentido- están fundamentalmente a proxección comercial e gastronómica do ciclo produtivo agro-gandeiro, que xa ten no territorio municipal unha notable continuidade entre a xeración dunha materia prima de calidade e a súa primeira transformación. Non en van existe un Plan Estratéxico

do Porcino ensamblado na "Estratexia para un Desenvolvemento Urbano Sustentable do Concello, Summa 21" -en diante Summa 21-. E hai de feito un recoñecemento e unha tradición gastronómica nese sentido que ten o seu epítome na Feira do Cocido -da que, por certo, como probarán as enquisas-, as súas posibilidades para os sectores obxecto deste estudo, están lonxe do seu óptimo-.

Non deben esquecerse neste sentidos produtos como o mel, o queixo ou o pan, que gozan, polo menos a nivel comarcal, dunha certa sona que resulta merecida en canto ás súas elaboracións tradicionais.

Pero dada a natureza deste documento non cómpre aquí estenderse máis a este respecto, senón sinalar apenas que aquela rúbrica que antes se mencionaba alimentaría sen dúbida non só o dinamismo e a proxección do comercio e a hostalería do casco urbano, senón que tamén repercutiría na propia agro-industria.

Doutro lado, non debe deixar de sinalarse que proceder nese sentido suporía converxer coas estratexias de consumo en clave "slow" que se desenvolven noutros puntos de Europa en contextos semellantes. Ademais, un enfoque tal, debe sinalarse, coloca no centro das decisións a adoptar e das accións a emprender o significado e o funcionamento da Praza de Abastos -reformada e ampliada hai agora uns cinco anos e que non semella estar cumprindo en plenitude un papel de foco de atracción-, das feiras quincenais, e da de produtos tradicionais que desde hai algún tempo se desenvolve os sábados.

O devandito conéctase en termos evidentes cunha, tamén evidente, necesidade de desenvolver e promocionar o turismo rural e de perfeccionar o impacto do "Camiño de Inverno" e da "Ruta da Prata" no seu paso polo territorio municipal, segundo o caso, preto da vila ou pola vila mesma.

Porque sorprende que nese territorio haxa só, dada a súa extensión e potencial, catro establecementos de turismo rural, como sorprenderá na lectura da análise das enquisas, o seu escaso significado para os sectores destinatarios deste plan.

Pero máis alá do turismo rural debe chamarse a atención sobre algunhas outras posibilidades que en última instancia remiten ao turismo na perspectiva deste informe:

- ✓ Lalín presente algunhas posibilidades para un turismo baseado en relatos e que pode relacionarse ó cabo cunha experiencia de compra naquela clave “slow” de experiencia integral dun espazo na que se incorpora como un último elemento o consumo. Por apuntar algúns destes ben obvios, estaría o que pode tomar como eixo a figura de Loriga e os inicios da aviación –proxectándoo cara, por exemplo, ao aerodelismo-, ou a de Ramón María Aller e a astronomía; a plástica, partindo das figuras locais, algunha aínda viva e activa, da pintura, claves na evolución desta arte nas súas formas contemporáneas en Galicia; a Terra do Deza como lugar de paso de antigos camiños polos que transitaron peregrinos e arrieiros, e o propio desenvolvemento urbano da vila que conta, convenientemente desvelado, a historia dese lugar de paso.
- ✓ Como sustento principal desa forma específica de turismo, un patrimonio natural e etnográfico de gran interese e valor, e con exemplos numerosos que loxicamente se prescinde de inventariar aquí.
- ✓ Tamén no ámbito da cultura son salientables elementos como o prestixio e valor de referencia que ten o conservatorio local no ámbito da música tradicional galega, e que podería tomarse como base para eventos de referencia nese campo da cultura; o Museo do Títere, trasladado hai dous anos ao Pazo de Liñares, vinculado a unha formación teatral tan senlleira como Viravolta; a disposición dun auditorio local de notable capacidade e prestacións, así como as virtualidades de desenvolver e proxectar eventos como a “Algarabía”, que sinalan a xeito de exemplos definidos todo un horizonte de suxestións e sinerxías posibles.

Un corolario de todo o anterior, ademais, pode supoñelo a ubicación central en Galicia da vila de Lalín. É certo que xa non hai que pasar por Lalín pero resulta urxente e semella que posible xerar motivos para que haxa que ir a Lalín. A idea vella do “Quilómetro 0 de Galicia” debe

facerse evolucionar desde unha noción de punto de tránsito obrigado a outra de punto de encontro.

Pero aínda na hipótese de que as oportunidades para o comercio e a hostalería se visen maximizadas desde a súa conexión co conxunto da actividade económica municipal en virtude dunha certa vitalización das dimensións desta a xerar atracción de público, se suscitan algúns desafíos que están no plano da accesibilidade á vila e, internamente nesta, en canto, falando en sentido extenso, determinantes de mobilidade. Non cómpre a este estudio a formulación dun plan nese sentido, pero si que deben apuntarse novamente algúns elementos singulares que convén movan á reflexión ao respecto; elementos que, por certo, están xa considerados de xeito máis ou menos explícito nas liñas de acción do concello a partir do devandito plan estratéxico Summa 21.

En efecto, como xa se apuntaba nun capítulo precedente, a motorización familiar xerou no seu momento un aumento daquela accesibilidade e reforzou o papel da vila como capital municipal e comarcal. Porén, hoxe iso pode ser un espellismo. Lalín, de feito, ten unha mala integración efectiva coa súa contorna mediante transporte público. Xa se sinalaron ao respecto as evidencias que se tiran dos servizos dispoñibles e a falta de conexión cos polígonos industriais. Así as cousas, con independencia da atracción de visitantes, o futuro do comercio e dos sectores da vila depende, como base fundamental, de que sexan os de proximidade para aquela contorna, o que subliña a importancia de resolver o déficit que vén de apuntarse.

Nin segundo nivel que afecta á dinámica interna da vila mesma están as cuestións ligadas do acceso e do tránsito nela en automóbil de turismo e o estacionamento.

Estas cuestións xa foron aludidas en capítulos anteriores e reaparecerán con certo significado na enquisa. Falando agora de xeito xenérico, o certo é que suscitan unha certa sensibilidade e están, conectando co que logo se tratará, na base do que de polémico poidan ter as iniciativas de peonalización. Con ese carácter xenérico cabería dicir, en liña con algún apuntamento xa feito, que parecera haber en

certos sectores da cidadanía e do empresariado unha nostalxia de cando o casco urbano servía de colector de tráfico rodado, asociando este cunha maior afluencia aos negocios.

Non obstante, agora é o momento de insistir nas 464 prazas infrautilizadas do Aparcamento Aldea Grande ou no feito evidente de que nun día calquera en horario comercial, resulta doado estacionar na contorna da Rúa da Habana, na Rúa B e á beira da Praza de Abastos no campo da Feira Vella. Considerando, como xa se fixo, estes como aparcadoiros disuasorios, este asunto cobra unha perspectiva diferente.

É certo que , en termos tamén mencionados, a orografía sobre a que se asenta a vila pode non invitar a determinados consumidores a estacionar neses puntos citados a xeito de exemplo, pero no outro prato da balanza, e xa no terceiro plano ó que quería facer referencia, a cuestión chave parece a da continuidade da circulación peonil no centro da vila en xeral, e en particular na zona proposta para o centro comercial aberto.

No diagnóstico do reiteradamente mencionado Summa 21 sinálase, entre outros problemas de integración espacial, a discontinuidade da mobilidade peonil entre os edificios dotacionais do casco urbano ou a necesidade de establecer "pasarelas verdes" de continuidade nel.

Entón a evidencia de que a conexión a pé entre o eixo que marca, dun lado, a Avenida Luís González Taboada e, doutro, o formado polas rúas Principal e Joaquín Loriga, só pode facerse no momento actual con comodidade a través das prazas da Igrexa e da Vila -o estado da Rúa X resulta disuasorio nese sentido- están na base da proposta que se fai de considerar a peonalización deses eixes -e dun treito das rúas D e Alcalde Ferreiro- que delongan o primeiro-, o mesmo que das rúas Wenceslao Calvo Garra e o treito occidental de Pintor Laxeiro como conectores, conseguindo así estender e integrar un núcleo central da actividade comercial e hostaleira, configurado como centro comercial, con aqueles estacionamentos disuasorios na súa periferia próxima. De feito, tendo en conta, as prazas de aparcamento para automóbiles que se perderían cunha actuación tal, estas poden cifrarse en

aproximadamente 124 segundo un cómputo "ad hoc" -incluíndo as de zona azul e minusválidos-.

Tamén debера levar a reflexión nes sentido o feito que no conxunto da superficie proposta como área peonil do centro comercial aberto, a Zona A, na terminoloxía que se vén usando, haxa un total de 68 locais baleiros, e que, deles, 54, o 79,4% estean en rúas non peonalizadas arestora e só 14, o 20,6% restante, en viais que si están peonalizados -e para iso 11 corresponden a unhas galerías accesibles desde a Praza da Torre e, por iso, asignadas a ela-.

Naturalmente débese insistir en que a peonalización non é en si un fin, senón un elemento dunha estratexia de humanización e cualificación dun espazo urbano.

Nese sentido de acordo co apuntado no Capítulo III e mencionado no IV, sen agora reiteralo hai un balance positivo en canto ornato, conservación, mobiliario urbano, sinalética, etc. para a que se denominou Zona A, progresivamente máis discreto para as B e C, de xeito que deberán considerarse melloras ao respecto en sentido inversamente proporcional nelas.

Fuxindo de calquera enumeración, aparece como moi perentoria a recuperación da contorna do Colexio Manuel Rivero -pendente de acometerse polo emprazamento nel do albergue de peregrinos-, estando prevista tamén unha actuación na contorna da Rúa X antes citada. O correcto peche e o mantemento en situación de limpeza dos solares non edificadas e a conservación e dotación de mobiliario urbano canto máis se avanza cara a periferia do perímetro estudado son outras accións que serían significativas e que, por iso, non deben deixar de apuntarse.

Suposta entón a posta en marcha dunha serie de estratexias de promoción económica que converxen ao cabo en novas posibilidades para a hostalería e o comercio; unha mellora da conexión efectiva da vila coa súa contorna; unha definición do espazo central de orientación comercial e de servizos desta, acompañada dunha redefinición da mobilidade do tráfico rodado e peonil, do estacionamento, que mellore a accesibilidade dela, e unha optimización dos elementos de urbanismo

comercial nese mesmo espazo, conxugada coas melloras estéticas máis urxentes nas definidas como Zona B e, principalmente, C, a seguinte cuestión que se suscita é a da descontinuidade comercial.

Tamén non é este o lugar, porque xa se fixo, de falar de locais baleiros, pero será preciso desenvolver estratexias definidas para reducir significativamente a súa presenza, ou, cando menos nun primeiro momento, notoriedade, nomeadamente nas Zonas A e B.

E xa un último nivel que debe apuntarse é o da atracción e dinamización comercial en si.

Mesmo reiterando algunhas apreciacións xa feitas e prescindindo agora de enumerar suxestións concretas de orde promocional recollidas nos foros e nas enquisas, o certo é que o principal problema a este nivel que enfronta o desenvolvemento dun centro comercial aberto vén dado pola falta de elementos de atracción definida que actúen como "locomotoras".

Os centros comerciais situados na periferia de Lalín non xeran derivadamente en quen procede de fóra dela visitas a esta; a Praza de Abastos tampouco semella xerar atracción nin dinamismo. Sendo dubidoso que o faga en si, é evidente que non o fai sobre o resto do tecido comercial e de servizos. Tampouco as dúas superficies medias de alimentación emprazadas no centro do casco urbano teñen ese significado, e algunhas tendas de marca de empresas locais que acaso o tiveron nun pasado recente, agora xa non. Este é, pois, un determinante de primeira orde a enfrontar.

E xa para rematar con esta perspectiva, non debe de deixar de sinalarse o esforzo do Concello e de *aeDeza* en propostas de dinamización e promoción. Cinguíndose ás de certo carácter máis estrutural por parte daquel, está a celebración da feira quincenal en domingo, cando coincide a data sinalada, e a dun mercado de produtos tradicionais os sábados á mañá. A primeira ten un impacto potencial no comercio que non é doado vulgar porque este non ten respondido cunha apertura dos establecementos; a segunda aínda é recente como para permitir un xuízo definitivo, e se ben en por si non vai modificar o estado actual das cousas, desde logo parece ben coherente como un

elemento máis na liña das estratexias cara ás que se apuntou nestas últimas páxinas.

Para alén de todo o anterior están aínda as características estruturais e as prácticas dos sectores en estudo, as súas actitudes e disposicións; tamén as demandas dos consumidores. Mais eses son aspectos que non cómpre abordar aquí por seren obxecto das enquisas que son o obxecto do Documento II que completa a información de base deste plan.

Con esa excepción, queda enunciado así un conxunto de perspectivas que deberán terse en conta, logo de ler en profundidade os resultados daquelas, e, por tanto, nos termos de contido comprometidos, concluído este primeiro informe.



**ANEXO I: LOCAIS POR UTILIZACIÓN E RAMO DE ACTIVIDADE  
NOS VIAIS OU TREITOS DESTES SEGUNDO A ZONIFICACIÓN  
DEFINITIVA PROPOSTA.**



166

**C.1. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA PRAZA DA IGREXA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	3	0	0	3
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	2	0	0	2
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	4	0	0	4
Venda de perfumaría	0	0	1	0	0	1
Venda de xoias, reloxos e/ou agasallos	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: cafetarías, xeadarías e salóns de te	0	0	1	0	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>13</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>13</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.2. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA WENCESLAO CALVO GARRA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	4	0	0	4
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	5	0	0	5
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de téxtil para o fogar	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	2	0	0	2
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	2	0	0	2
Venda de libros e papelería	0	1	1	0	0	2
Bazares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: tabernas populares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: restaurantes con categoría recoñecida	0	0	1	0	0	1
Non determinado	5	4	0	0	0	9
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>20</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>30</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

### C.3. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA PRINCIPAL NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	1	0	5	0	0	6
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	2	0	0	2
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de téxtil para o fogar	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	3	4	0	0	7
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	2	0	0	2
Farmacias, para-farmacias e ópticas	1	0	1	0	0	2
Venda de perfumaría	0	0	1	0	0	1
Venda de xoias, reloxos e/ou agasallos	0	0	2	0	0	2
Estancos e administracións de apostas	0	0	2	0	0	2
Bazares	0	0	1	0	1	2
Hostalería: cafetarías, xeadarías e salóns de te	0	0	1	0	0	1
Hostalería: mesóns, viñotecas e taperías	0	0	1	0	0	1
Non determinado	4	4	0	0	0	8
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>24</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>38</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

#### C.4. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA JOAQUÍN LORIGA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	1	2	0	0	3
Servizos persoais: confección, fotografía, tinguidura, reparación de calzado etc.	0	0	4	0	0	4
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	5	0	0	5
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de téxtil para o fogar	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	4	0	0	4
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	1	0	0	0	0	1
Farmacias, para-farmacias e ópticas	0	0	1	0	0	1
Venda de perfumaría	1	0	3	0	0	4
Venda de libros e papelería	0	1	2	0	0	3
Venda de xoias, reloxos e/ou agasallos	0	0	1	0	0	1
Outro comercio especializado	0	0	0	1	0	1
Bazares	0	0	1	1	0	2
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: cafetarías, xeadarías e salóns de te	0	0	2	0	0	2
Hostalería: mesóns, viñotecas e taperías	1	0	0	0	0	1

170

Non determinado	6	5	0	0	0	11
<b>TOTAL</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>28</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>46</b>



Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

### C.5. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA PRAZA DA TORRE NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Servizos persoais: confección, fotografía, tinguidura, reparación de calzado etc.	0	0	1	0	0	1
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	1	0	0	0	0	1
Venda de mobles e decoración	0	0	2	0	0	2
Venda de roupa e/ou calzado	0	2	2	0	0	4
Venda de téxtil para o fogar	0	1	0	0	0	1
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	1	0	0	1
Outro comercio especializado	0	0	1	0	0	1
Bazares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: tabernas populares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	1	0	0	0	1
Hostalería: mesóns, viñotecas e taperías	0	0	1	0	0	1
Hostalería: restaurantes con categoría recoñecida	0	0	1	0	0	1
Hostalería: parques para celebracións infantís, discotecas e salas de festas	1	0	0	0	0	1
Non determinado	3	2	0	0	0	5
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>11</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>22</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.6. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA PRAZA DA VILA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Reparación de vehículos	0	0	1	0	0	1
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	1	0	0	1
Non determinado	1	0	0	0	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>3</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

173

**C.7. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA X NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	1	0	0	1
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Non determinado	1	0	2	0	1	4
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>6</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.



**C.8. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA COLÓN NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	1	0	0	1
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	1	0	0	1
Venda de efectos agrícolas, pensos e sementes	1	0	0	0	0	1
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de téxtil para o fogar	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	3	0	0	3
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	3	0	0	3
Venda de libros e papelería	0	0	1	0	0	1
Venda de flores, plantas e animais	0	0	1	0	0	1
Bazares	0	0	1	0	0	1
Grandes almacéns, almacéns populares e tendas mixtas	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	0	1	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>14</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>16</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.9. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA PINTOR LAXEIRO NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	3	0	0	3
Hostalería: tabernas populares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: cafetarías, xeadarías e salóns de te	0	0	1	0	0	1
Hostalería: pizzerías, salchicherías e hamburgueserías, restaurantes de comida rápida	0	0	1	0	0	1
Non determinado	2	3	0	0	0	5
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>8</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>13</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.10. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA AVENIDA LUÍS GONZÁLEZ TABOADA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
V.P.X., almacéns e talleres de produción	0	0	1	0	0	1
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	2	0	0	2
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	3	0	0	3
Venda de equipos de imaxe, son e informática	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	7	0	0	7
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	2	0	0	2
Farmacias, para-farmacias e ópticas	0	0	2	0	0	2
Venda de xoias, reloxos e/ou agasallos	0	0	1	0	0	1
Outro comercio especializado	0	1	2	0	0	3
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: cafetarías, xeadarías e salóns de te	0	0	1	0	0	1
Non determinado	1	1	0	0	0	2
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>23</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>26</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.11. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA D NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	1	0	0	1
Servizos persoais: confección, fotografía, tinguidura, reparación de calzado, etc.	0	0	2	0	0	2
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	1	1	0	0	2
Venda de equipos de imaxe, son e informática	0	0	2	0	1	3
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	15	0	0	15
Venda de alimentación -supermercado: entre 400 e 2.500m2-	0	0	1	0	0	1
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	5	0	0	5
Venda de perfumaría	0	0	1	0	0	1
Venda de libros e papelaría	0	0	2	0	0	2
Venda de xoias, reloxos e/ou agasallos	0	0	1	0	0	1
Venda de artigos deportivos	0	1	0	0	0	1
Venda de flores, plantas e animais	0	0	1	0	0	1
Outro comercio especializado	0	0	2	0	0	2
Hostalería: bares	0	1	1	0	0	2
Hostalería: cafetarías, xeadarías e salóns de te	0	0	1	0	0	1
Non determinado	0	1	0	0	0	1

177



<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>36</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>41</b>
--------------	----------	----------	-----------	----------	----------	-----------

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.12. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA AVENIDA ALCALDE FERREIRO NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA A, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	2	0	0	2
Venda de mobles e decoración	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	1	2	0	0	3
Venda de xoias, reloxo e/ou agasallos	0	0	1	0	0	1
Outro comercio especializado	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: cafeterías, xeadarías e salóns de te	0	0	2	0	0	2
Non determinado	0	2	0	0	0	2
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>3</b>	<b>10</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>13</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.13. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA PRAZA DA MARINA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	1	0	0	1
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	2	0	0	2
Venda de libros e papelería	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	2	0	0	2
Hostalería: pizzerías, salchicherías e hamburgueserías, restaurantes de comida rápida	0	0	1	0	0	1
Non determinado	1	0	0	0	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>8</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>9</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.14. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA PINTOR COLMEIRO NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	1	0	0	0	0	1
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	1	0	0	1
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de equipos de imaxe, son e informática	0	0	2	0	0	2
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: mesóns, viñotecas e taperías	0	0	1	0	0	1
Non determinado	1	3	0	0	0	4
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>6</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>11</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.15. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA MATEMÁTICO RODRÍGUEZ NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Venda de vehículos e accesorios	0	0	1	0	0	1
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	1	2	0	0	3
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	1	0	0	1
Venda de alimentación -superservizo: entre 120 e 400 m <sup>2</sup> -	0	0	1	0	0	1
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	1	0	0	1
Venda de libros e papelería	0	0	1	0	0	1
Venda de xoias, reloxos e/ou agasallos	0	1	1	0	0	2
Bazares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	1	0	0	0	1
Hostalería: cafetarías, xeadarías e salóns de te	0	0	1	0	0	1
Hostalería: fondas e casas de comidas, pulperías, churrasquerías, raxerías etc.	0	0	1	0	0	1
Hostalería: pubs, boites e clubs	0	0	1	0	0	1
Hostalería: pensións e albergues	0	0	1	0	0	1
Hostalería: hoteis	0	0	1	0	0	1
Non determinado	7	3	0	0	0	10

181





<b>TOTAL</b>	<b>7</b>	<b>6</b>	<b>15</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>28</b>
--------------	----------	----------	-----------	----------	----------	-----------

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.16. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA PRAZA DE EUROPA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Hostalería: bares	0	0	2	0	0	2
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>2</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

182

**C.17. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA Z NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	1	0	0	1
Non determinado	1	0	0	0	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>2</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.18. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA PINTOR LAXEIRO NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	1	1	3	0	0	5
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	1	0	0	1
Venda de mobles e decoración	0	0	2	0	0	2
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	3	0	0	3
Farmacias, para-farmacias e ópticas	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	0	2	0	2
Hostalería: pizzerías, salchicherías e hamburgueserías, restaurantes de comida rápida	0	0	1	0	0	1
Hostalería: restaurantes con categoría recoñecida	0	0	2	0		2
Hostalería: pubs, boites e clubs	0	0	1	0		1
Non determinado	3	0	0	0		3
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>14</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>21</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.19. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA AVENIDA LUÍS GONZÁLEZ TABOADA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	2	0	0	2
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	10	0	0	10
Venda de alimentación -supermercado: entre 400 e 2.500m2-	0	0	1	0	0	1
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	2	0	0	2
Farmacias, para-farmacias e ópticas	0	0	1	0	0	1
Venda de perfumaría	0	0	1	0	0	1
Venda de libros e papelería	0	0	1	0	0	1
Venda de artigos deportivos	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: cafetaría, xeadaría e salóns de te	1	0	2	0	0	3
Hostalería: mesóns, viñotecas e taperías	0	0	2		0	2
Hostalería: pizzerías, salchicherías e hamburgueserías, restaurantes de comida rápida	0	0	2		0	2
Hostalería: pubs, boites e clubs	1	0	1		1	3
Non determinado	3	1	0	0	0	4
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>28</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>35</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.20. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA D NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	1	0	0	1
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	1	0	0	1
Venda de artigos deportivos	0	0	1	0	0	1
Hostalería: cafetarías, xeadarías e salóns de te	0	0	1	0	0	1
Non determinado	0	3	0	0	0	3
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>7</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.21. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA AVENIDA ALCALDE FERREIRO NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	2	1	7	0	0	10
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	8	0	0	8
Venda de mobles e decoración	0	0	2	0	0	2
Venda de téxtil para o fogar	0	0	1	0	0	1
Venda de perfumaría	0	0	1	0	0	1
Venda de xoias, reloxos e/ou agasallos	1	1	1	0	0	3
Bazares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: mesóns, viñotecas e taperías	0	0	1	0	0	1
Non determinado	3	0	0	0	0	3
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>	<b>2</b>	<b>23</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>31</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.22. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA MONTE DO FARO NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	1	0	2	0	0	3
Servizos persoais: confección, fotografía, tinguidura, reparación de calzado, etc.	0	0	3	0	0	3
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	3	0	0	3
Venda de ferraxaría, electrodomésticos, menaxe, bricolaxe, materiais de construción etc.	0	0	1	0	0	1
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	1	0	0	1
Venda de xoias, reloxos e/ou agasallos	1	0	0	0	0	1
Non determinado	5	0	1	0	0	6
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>	<b>0</b>	<b>11</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>18</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.23. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA DA CALZADA NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Subministracións a empresas	0	0	1	0	0	1
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	3	0	0	3
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	0	0	2	0	0	2
Venda de roupa e/ou calzado	0	0	2	0	0	2
Venda de alimentación -tenda tradicional ou especializada-	0	0	1	0	0	1
Bazares	1	0	0	0	0	1
Hostalería: bares	0	0	1	0	0	1
Hostalería: cafetaría, xeadaría e salóns de te	0	0	1	0	0	1
Non determinado	1	0	0	0	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>11</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>13</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do recoñecemento previo; xuño-xullo de 2016.

**C.24. LOCAIS, EN BAIXO OU ENTRECHÁN ABERTO, PARA O COMERCIO, A HOSTALERÍA E OS SERVIZOS PRIVADOS NA RÚA ROSALÍA CASTRO NO CASCO URBANO DA VILA DE LALÍN, TREITO NA ZONA B, SEGUNDO UTILIZACIÓN E EN TOTAL, POR RAMOS DE ACTIVIDADE. VALORES ABSOLUTOS.**

RAMOS DE ACTIVIDADE	UTILIZACIÓN					TOTAL
	Pechado	Pechado en oferta	Aberto	Aberto en oferta	N.D.	
Banca, seguros, inmobiliarias, axencias de viaxes e servizos en xeral	0	0	2	0	0	1
Servizos persoais: cosmética, deporte, saúde e servizos sociais	1	0	0	0	0	5
Venda de efectos agrícolas, pensos e sementes	0	0	1	0	0	1
